

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 7

SESION ORDINARIA DO 28 DE ABRIL DE 2008

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde	Iglesias Bueno, Marta
Abelairas Rodríguez, Isaura	Lago Rey, María Jesús
Alonso Pérez, Fco. Xabier	Larriba Leira, Elvira
Calviño Rodríguez, Xulio	López Atrio, Laura
Coello Bufill, Antonio	López Carreira, Xesús
Comesaña Abalde, Carlos	López Font, Carlos
Conde Gil, Jorge	Martiño Gómez, Antonio
Díaz Vázquez, Raquel	Méndez Piñeiro, María
Domínguez Olveira, Santiago	Molares Pérez, Lucía Emilia
Fidalgo Iglesias, Miguel	Porro Martínez, María Corina
Figueroa Vila, José Manuel	Rivas González, Angel
García Míguez, María Angeles	Rodríguez Díaz, Santos Héctor
González Sagarra, Javier Pablo	Veloso Ríos, Iolanda

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinteito de abril do ano dous mil oito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sr. Mariño Mendoza e Sra. Maure Noia e máis o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratarlos asuntos da orde do día.

1.- (85).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS EXTRS. 11.02.08 E ORD. 25.02.08)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito, acórdase aprobar as actas do Pleno da Corporación correspondentes á dúas sesións extraordinarias que tiveron lugar o día 11 de febreiro, así como da sesión ordinaria do día 25 de febreiro de 2008.

2.- (86).- TOMA DE COÑECEMENTO DO ESCRITO DE RENUNCIA Ó CARGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DON JAVIER GUERRA FERNÁNDEZ.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de abril de 2008, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, don Javier Guerra Fernández renuncia ó seu cargo de concelleiro dende a data da súa toma de posesión como Deputado.

Ó abeiro do sinalado nos arts. 182.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, 223.4 da Lei Autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 9.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e en función do previsto na Instrución do 19 de xullo de 1991, da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais,

ACORDASE:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central ó obxecto de que se proceda á substitución do Sr. concelleiro citado conforme ó disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, debendo a estes efectos expedir e remitir a esta Corporación a credencial acreditativa da condición de electo a favor do

candidato/a ó que corresponde cubrir a vacante producida.

Terceiro.- Indicar á Xunta Electoral Central que, a xuízo desta Corporación, a candidata que debe cubrir a vacante producida é D^a Carlota Muñoz Posse, número 14 da lista electoral presentada polo Partido Popular ás últimas eleccións municipais.

Cuarto.- Remitir urxentemente certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central a efectos de que ese órgano electoral teña coñecemento desta circunstancia e actúe en consecuencia.

A PRESIDENCIA: Dende a Presidencia queremos expresar o noso recoñecemento ó Sr. Guerra Fernández polos seus anos de dedicación a este Concello dende o seu posto de concelleiro, estando seguro de que vai continuar ó seu labor en favor desta cidade no seu novo posto de deputado, ó tempo que lle felicitamos por ter obtido a esa acta de deputado.

3.- (87).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- a) De data 08.04.08 de cesamento de retribucións dunha concelleira do Grupo municipal do PP no réxime de dedicación exclusiva.

ANTECEDENTES: Por decreto de data 8 de abril de 2008, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Na resolución da Alcaldía, de data 20.07.2007, determinábanse os concelleiros/as e membros da Xunta de Goberno Local que realizarían as funcións en réxime de dedicación exclusiva e parcial.

Segundo escrito de data 31 de marzo de 2008, con entrada no Rexistro Xeral na mesma data (doc. 80039444), D^a Corina Porro Martínez concelleira-voceira do grupo político municipal do Partido Popular, manifesta que como consecuencia das eleccións xerais do pasado día 09.03.2008 tomou posesión como Senadora pola provincia de Pontevedra, sendo incompatible percibir remuneracións con cargo ós orzamentos municipais sen prexuízo daquelas dietas e indemnizacións que lle poidan corresponder por asistencia ás sesións dos órganos colexiados municipais (art. 158.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral).

En virtude dos antecedentes expostos, resolvo:

Primeiro.- Modificar a miña resolución de data 20.07.07 onde no seu apartado primeiro se incluía a D^a. Corina Porro Martínez en réxime de dedicación exclusiva

Segundo.- A concelleira D^a Corina Porro Martínez percibirá indemnizacións pola asistencia ás sesións dos órganos colexiados e/ou órganos reitores dos organismos autónomos.

Terceiro.- Notificar a presente resolución á interesada, Unidade de Persoal, Intervención e Tesourería Municipal.

Cuarto.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de Editos do Concello.

Quinto.- Dar conta ó Pleno na próxima sesión que este órgano realice.

A presente resolución terá efectos dende o 1 de abril de 2008.”

A Presidencia da conta da anterior resolución ó Pleno da Corporación.

- b) De data 31.03.08 de cesamento de D^a Carmen Silva Rego e nomeamento de D. José Manuel Mariño Mendoza como membro non electo da Xunta de Goberno Local.

ANTECEDENTES: Por decreto de data 31 de marzo de 2008, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Na resolución da Alcaldía do 20.06.2007, nomeouse membro non electo da Xunta de Goberno Local a D^a Carmen Silva Rego.

Como consecuencia do seu actual nomeamento para o cargo de Senadora motivado polas Eleccións Xerais do pasado 9 de marzo,

RESOLVO: modificar dita resolución nos seguintes termos:

Primeiro.- Cesar como membro non electo da Xunta de Goberno Local a D^a Carmen Silva Rego, agradecéndolle os servizos prestados. Igualmente cesa como Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda modificando neste senso a miña resolución de data 5 de xullo de 2007.

Segundo.- Nomear ó abeiro do art. 126.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, como membro non electo da Xunta de Goberno Local a D. José Manuel Mariño Mendoza, quen así mesmo exercerá as funcións delegadas

na Área de Urbanismo e Vivenda previstas na miña resolución de data 5 de xullo de 2007. O membro non electo da Xunta de Goberno Local deberá presentar no prazo legalmente establecido na Secretaría do Pleno as declaracións correspondentes ó Rexistro de Intereses.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución ós interesados.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no día de mañá, 1 de abril, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Da presente resolución darase conta ó Pleno da Corporación na próxima sesión que realice.”

Da presente Resolución a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

- c) De data 31.03.08 asignándolle a dirección da área de Urbanismo e Vivenda a D. José Manuel Mariño Mendoza e modificación da resolución da Alcaldía do 05.07.07 no relativo ós apartados b) e g) do epígrafe V.

ANTECEDENTES: Por decreto de data 31 de marzo de 2008, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“En uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa administración municipal, ostenta esta Alcaldía -art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a miña resolución de data 5 de xullo de 2007, no seu apartado primeiro, epígrafe IV, outorgándolle a D. José Manuel Mariño Mendoza, membro non electo e integrante da Xunta de Goberno Local, a dirección da área de Urbanismo e Vivenda.

Segundo.- Modificar a miña resolución de data 5 de xullo de 2007, no seu apartado segundo, epígrafe V, área de Servizos Xerais e Vías e Obras, abocando e delegando as atribucións dos apartados b), Parques e Xardíns, e g) Limpeza, recollida e xestión de RSU á área de Economía e Facenda, epígrafe III, dirixida pola Concelleira D^a Raquel Díaz Vázquez. A nova delegación levará consigo o seguimento da xestión dos servizos públicos correspondentes ós apartados citados

con especial incidencia daquelas que se xestionan indirectamente a través de empresas concesionarias.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no día de mañá, de 1 de abril, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Da presente resolución darase conta ó Pleno da Corporación na próxima sesión que realice.”

Da anterior resolución a Alcaldía Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

- d) De data 31.03.08 de retribucións de membro non electo pertencente ó Grupo municipal do PSdeG-PSOE na Xunta de Goberno Local, no réxime de dedicación exclusiva.

ANTECEDENTES: Por decreto de data 31 de marzo de 2008, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Á proposta do Voceiro do Grupo político municipal Socialista, e en virtude do art. 75.5 da LBRL, RESOLVO,

Primeiro.- D. José Manuel Mariño Mendoza, membro non electo e integrante da Xunta de Goberno Local, exercerá as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva cunha retribución bruta anual de 65.850,95 €, con efectos dende o 1 de abril.

Segundo.- A retribución aboarase en catorce pagas; o importe revisarase anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro.- A retribución por dedicación exclusiva implicará a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, órganos ou empresas delas dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades. Todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Cuarto.- Dar de alta a D. José Manuel Mariño Mendoza no Réxime Xeral da Seguridade Social con efectos dende o 1 de abril de 2008.

Quinto.- Notificar a presente resolución ó interesado, advertindo que no prazo dos tres días seguintes á notificación, deberá dirixir escrito a esta Alcaldía a través

da Secretaría Xeral do Pleno, no que se manifeste a aceptación ou non aceptación da dedicación, escritos dos que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Sexto.- Notificar a presente resolución á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería e á Intervención Xeral.

Sétimo.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de Editos do Concello.”

Da anterior resolución a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

- e) De data 22.04.08 de retribucións en réxime de dedicación exclusiva dun concelleiro do Grupo municipal do PP.

ANTECEDENTES: Por decreto de data 22 de abril de 2008, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Á proposta da Voceira do Grupo político municipal do Partido Popular, tendo en conta que unha das dedicacións exclusivas deste grupo se atopa vacante como consecuencia do indicado na miña resolución de data 08.04.2008 e en virtude do art. 75.5 da LBRL,

RESOLVO,

Primeiro.- D. Jorge Conde Gil, exercerá a súas funcións en réxime de dedicación exclusiva cunha retribución bruta anual de 65.850,95 €, con efectos dende o 1 de abril.

Segundo.- A retribución aboarase en catorce pagas; o importe revisarase anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro.- A retribución por dedicación exclusiva implicará a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó Servizo das administracións públicas.

Cuarto.- Notificar a presente resolución ó interesado advertindo que, no prazo dos tres días seguintes á notificación, deberá dirixir escrito a esta Alcaldía a través da Secretaría Xeral do Pleno no que se manifeste a aceptación ou non aceptación da dedicación, escritos dos que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Sexto.- Notificar a presente resolución á Unidade de persoal deste Concello, á Tesourería e á Intervención Xeral.

Sétimo.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de Editos do Concello.”

Da anterior resolución a Alcaldía-Presidentencia da conta ó Pleno da Corporación.

4.- (88).- ESCRITO DE DATA 24.04.08 DE ACEPTACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DUN CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de abril de 2008, número 80050013, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, don Jorge Conde Gil, comunica a súa aceptación ó réxime de dedicación exclusiva decretado pola Alcaldía por resolución de data 22 de abril de 2008.

Do anterior a Alcaldía-Presidentencia da conta ó Pleno da Corporación.

5.- (89).- NOMEAMENTO DUN MEMBRO DO PLENO DO CONSORCIO DA ZONA FRANCA EN SUBSTITUCIÓN DA SRA. SILVA REGO.

ANTECEDENTES.- Con data 24 de abril de 2008, a Alcaldía formula a seguinte proposta ó Pleno da Corporación:

"Logo da renuncia da membro da Xunta de Goberno Local, D^a Carmela Silva Rego como consecuencia das súas novas funcións como membro do Senado, tense producido unha vacante no Pleno do Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Segundo o previsto no artigo 38.c) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporación locais, o Pleno do Concello ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da súa competencia, entre os que se atopa o Consorcio da Zona Franca de Vigo.

De conformidade co sinalado anteriormente, esta Alcaldía formula ó Pleno da

Corporación a seguinte proposta:

Nomear á concelleira D^a Raquel Díaz Vázquez como membro do Pleno do Consorcio da Zona Franca de Vigo, en substitución de D^a Carmen Silva Rego."

Ó non estar ditaminado o expediente por ningunha comisión informativa, a Alcaldía-Presidencia somete a votación a inclusión do expediente na orde do día da sesión.

VOTACIÓN DA INCLUSIÓN DO EXPEDIENTE NA ORDE DO DÍA.- Por unanimidade dos vinteseis concelleiros da Corporación que a constitúen de feito,
ACÓRDASE.

Ratificar a inclusión do presente expediente na orde do día.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Nomear á concelleira do Grupo municipal Socialista, D^a Raquel Díaz Vázquez, como membro do Pleno do Consorcio da Zona Franca de Vigo, en substitución de D^a Carmen Silva Rego.

6.- (90).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 25/2008. CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA AS NECESIDADES VINCULADAS CO DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS E ORGANIZACIÓN DO PROXECTO "VIGO 2013" E HUMANIZACIÓN DE RÚAS. EXPTE. 101217/140.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 7 de abril de 2008, a Alcaldía-Presidencia resolveu a incoación do expediente de modificación orzamentaria para a

tramitación de crédito extraordinaria co obxecto de facer fronte ós gastos da candidatura da cidade de Vigo á Universiada 2013 así como ás obras de humanización da rúa Coruña.

Con data 9 de abril, a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 15 de abril o interventor xeral emite o preceptivo informe co seguinte contido:

"Remítese a esta Intervención Xeral expediente relativo ó asunto referenciado ós efectos de emisión do preceptivo informe de conformidade co previsto no artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante, TRLRFL), artigo 37.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo I da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante, RP) e base 8ª.1 das de execución dos orzamentos vixentes.

O expediente incóase por Resolución da Alcaldía de data 7 de abril do ano en que andamos, e se lle asigna o número de codificación 25/2008. Inclúense no mesmo habilitacións de créditos orzamentarios a financiar con Remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación orzamentaria correspondente o exercicio económico do 2007, por un importe total de 2.925.000,00 euros, con arranxo o seguinte detalle:

Partida presup.	Denominación	Importe (€)
1112.2270603	Promoción e presentación da candidatura de Vigo a Universiada 2013	1.000.000,00
5110.6110017	Humanización rúa Coruña	1.925.000,00
TOTAL		2.925.000,00

1.- Clase de modificación orzamentaria que se propón:

O expediente que se somete a informe desta Intervención contén, como se dixo anteriormente, créditos extraordinarios por un importe global de 2.925.000,00 euros.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do estado de gastos do orzamento ás que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non se pode demorar ata o exercizo seguinte e para o que non existe crédito.

Trátase polo tanto de modalidades de modificacións orzamentarios que tratan de dar resposta a eventuais desaxustes ou imponderables que se poidan producir no plano económico da facenda municipal para o exercizo presupostario correspondente.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulada nos artigos 177 do

TRLRFL, artigos 34 a 38 do RP e Base 8ª das de execución dos orzamentos vixentes. Así mesmo, o Remanente de Tesourería, que se propón neste expediente como un dos recursos para financiar a modificación proposta, regúlase no artigo 191 do TRLRFL e artigos 101 a 105 do mencionado RP.

2.- Descrición da modificación de crédito proposta.

Tal e como dispoñen o artigo 177.1 TRLRHL, artigo 37 do Real Decreto 500/1990 do 20 de marzo, e base 8ª das de execución dos orzamentos vixentes, o expediente contén resolución da Alcaldía-Presidencia de incoación do procedemento, memorias descritivas dos gastos que se pretenden acometer formulados polas áreas xestoras dos correspondentes programas, Tenencia de Alcaldía e Servizos Xerais, e proposta da Concelleira Delegada de Economía e Facenda interesando a aprobación da modificación orzamentaria proxectada no expediente que se informa.

Polo que respecta ós requisitos cuxa presenza e acreditación requiren a normativa citada anteriormente, alúdese a eles no Decreto de instrución do expediente e así, polo que respecta o carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo ó exercizo seguinte (artigo 37.2.a) RD 500/90 e Base 8ª.2 execución dos orzamentos) se manifesta na resolución de incoación respecto ó gasto de investimento (“Humanización rúa Coruña”) que tales requisitos veñen determinados por “resultar de interese e por iso inaprazables” as actuacións das que se deriva tal gasto; en canto ó gasto de carácter corrente relativo á “Promoción e presentación da candidatura de Vigo á Universiada 2013” a súa imposibilidade de demora para o exercizo seguinte parece deducirse da propia programación temporal deste proxecto.

Polo que se refire ó requisito da acreditación da inexistencia no estado de gastos do orzamento vixente, de crédito destinado á finalidade específica para a cal se propón a habilitación dos créditos extraordinarios, faise referencia de forma xenérica á observancia del tal requisito. En calquera caso das comprobacións levadas a cabo polo funcionario informante despréndese que tales circunstancias danse para todos os supostos incluídos no expediente que se informa, o nivel en que está establecida a vinculación xurídica, se ben como deixamos indicado debería constar a súa acreditación no expediente.

Por outra banda, temos que deixar constancia de que os requisitos expostos en parágrafos anteriores, se recollen, nos termos expresados, no Decreto de incoación do expediente, se ben a normativa indicada anteriormente, incluída a normativa interna contida nas Bases de execución dos orzamentos, require que a observancia e acreditación de tales requisitos se conteña nas preceptivas Memorias a formular polos responsables dos programas de gasto afectados. Por isto, queremos deixar constancia da observación de que en futuros expedientes desta natureza que poidan ser tramitados, se axuste o procedemento á normativa de aplicación nos termos que se deixan indicados.

Os sós efectos de deixar constancia da importancia da Memoria a formular pola área xestora do programa de gastos, reproducimos observación literal efectuada polo órgano de control externo (OCEX) da Comunidade Autónoma de Andalucía, Cámara de Cuentas de Andalucía, en informe de fiscalización do exercizo

económico do ano 2000 á Deputación Provincial de Málaga:

“No consta en los expedientes examinados una memoria en la que se razone por la unidad administrativa correspondiente la variación que se propone y en ningún caso se valora la incidencia que puede tener en la consecución de los objetivos fijados en el presupuesto”.

3.- Recursos financeiros.

Os recursos financeiros que se propoñen para o financiamento desta modificación de crédito, polo importe de 2.925.000,00 euros e o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais obtido na liquidación orzamentaria do último exercizo económico liquidado, isto e, o exercizo do 2007.

Recurso financeiro este que admite o apartado 4 do artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004 e o artigo 36.1.b) do RP para financiar créditos extraordinarios.

O Remanente líquido para gastos xerais que se deriva do orzamento do ano 2007, cuantificouse en 63.479.202,07 euros, dos que se utilizaron para financiar a modificación de orzamentos número 15/2008 (incorporación de remanentes de crédito): 15.972.311,49 euros, de onde resulta que o saldo actual do Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, ascendería a 47.397.674,21 euros, suficiente para o financiamento parcial da modificación orzamentaria que se informa que ascende, como xa indicamos, a 2.925.000,00 euros.

Ó expediente incorpórase certificación emitida por esta Intervención relativa o saldo actual dispoñible de Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

Por outra banda, tendo en conta que os importes da modificación de crédito proposta e do recurso financeiro utilizado son coincidentes, mantense o equilibrio orzamentario que require o artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril.

Finalmente é de subliñar que esta modificación non afecta o índice de endebedamento previsto no artigo 53.2 do R.D. Legislativo 2/2004, na medida en que os recursos que financian esta modificación orzamentaria non computan na carga financeira anual a confrontar cos ingresos ordinarios liquidados no período anterior á comparación ós efectos de determinar a necesidade de autorización administrativa para a concertación de operacións de crédito.

4.- Estabilidade orzamentaria.

En cumprimento do previsto no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro de estabilidade orzamentaria (BOE Número 264 do 3 de novembro de 2007), polo funcionario informante se emite informe en relación ó cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos termos previstos no dito precepto regulamentario.

5.- Tramitación e aprobación do expediente.

Segundo os artigos 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación ós expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e recursos contenciosos-administrativos aplicables ós orzamentos, é dicir:

- Aprobación provisional polo Concello-Pleno co quórum de maioría simple.
- Exposición pública durante o prazo de quince días hábiles, no Taboleiro de anuncios da Corporación, previa inserción no Boletín Oficial da Provincia, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións.
- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para as resolver, contado a partir do día seguinte ó de finalización do de exposición ó público.
- O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será inserirse no "Boletín Oficial da Provincia" e no Taboleiro de anuncios.
- Da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito definitivamente aprobada remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda. A remisión realizarase simultaneamente ó envío ó "Boletín Oficial" a que se fai referencia no apartado anterior.
- A modificación entrará en vigor unha vez se teña por producida a publicación indicado anteriormente, sendo executiva dentro do mesmo exercizo da súa aprobación.
- Contra a aprobación definitiva da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición que non suspenderá por si só a aplicación das modificacións que conteña o expediente.

Transcorrido o prazo inicial de exposición pública, deberá incorporarse ó expediente a no existencia, no seu caso, de reclamacións no período de exposición pública. Así se ven requirindo polos OCEX, por todos, Audiencia de Cuentas de Canarias, en informe de fiscalización dos exercizos 1999-2000 ó Concello de Santa Cruz de La Palma.

Finalmente deixamos constancia de que de acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRFL, unha copia do orzamento e de todas as súas modificacións debe estar a disposición do público, a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercizo."

Igualmente no expediente figura informe da mesma data de 15.04.08 emitido polo interventor xeral, en cumprimento do establecido no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, relativo ó cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, que remata dicindo o seguinte:

"Por conseguinte e en base ó que se deixa exposto, o desequilibrio a que da lugar a modificación orzamentaria proxectada en termos de estabilidade non ten substantividade propia, non sendo preciso, en consecuencia, a tramitación do plan económico-financeiro de reequilibrio ó que se refire a normativa reguladora da estabilidade orzamentaria, sen prexuízo do que resulte da liquidación do orzamento do exercizo económico correspondente ó ano en que andamos."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de abril de 2008, ditaminou favorablemente a proposta formulada pola concelleira delegada de Economía e Facenda citada anteriormente.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: No mes de xullo do ano pasado este goberno comezou a elaboración dos orzamentos do Concello para o ano 2008 nos que se incluía un amplo programa de humanizacións en rúas da nosa cidade totalmente esquecidas nos últimos anos en que gobernou o Partido Popular. Ó mesmo tempo se iniciaron no mes de agosto conversas co presidente da Deputación de Pontevedra, membro tamén do Partido Popular, para continuar co programa de humanizacións na nosa cidade a través dos orzamentos da Deputación.

Así, de xeito paralelo, o 30 de outubro de 2007, presentábanse neste Pleno os orzamentos para o ano 2008 nos que se incluían humanizacións en Teis, Bouzas, Balaídos, Calvario, zona de Povisa ou Coia por un total de oito millóns de euros. Ó mesmo tempo o Alcalde, Abel Caballero, remitía unha carta ó presidente da Deputación coa proposta de rúas que deberían ser humanizadas con cargo ós orzamentos desa Deputación tal como se acordara en conversas previas. Entre as rúas propostas figuraba a rúa Coruña.

Sen embargo, esta carta remitida polo noso Alcalde non tivo resposta por parte do presidente da Deputación e de novo, o 19 de novembro, volvéuselle enviar ó presidente da Deputación outra carta na que se reiteraba a proposta de humanizacións en diferentes rúas da nosa cidade tales coma a rúa Coruña.

A día de hoxe, 28 de abril, seis meses logo, non existe aínda unha resposta ás citadas cartas e nos orzamentos da Deputación tampouco consta nin unha soa partida específica para humanizacións das rúas da nosa cidade, nin da rúa Coruña, nin ningunha outra.

O goberno da nosa cidade non pode esperar máis, a rúa Coruña non pode esperar máis. Logo de seis meses está claro que a Deputación de Pontevedra presidida polo

Sr. Louzán, do Partido Popular, non ten a máis mínima intención de investir nas rúas da nosa cidade.

Por iso hoxe traemos a este Pleno a proposta deste goberno de Vigo de levar a cabo a humanización da rúa Coruña perante a negativa tácita da Deputación de Pontevedra. Nunhas semanas comezarán as humanizacións na Avenida da Florida e Avenida de Castrelos tralo convenio recentemente asinado entre o Concello e a Xunta de Galicia. Tamén se iniciará a renovación da beirarrúa da Avenida de Castelao.

Estas actuacións dinamizarán e revitalizarán o contorno da praza de América pero a rúa Coruña non pode quedar atrás. É necesario a intervención inmediata e de xeito paralelo, é dicir, durante este ano 2008, da rúa Coruña.

Xa que a Deputación pese as súas falsas promesas négase a lavalala a cabo, faremolo nós trala aprobación desta proposta neste Pleno: Aprobación dun crédito extraordinario para a humanización da rúa Coruña. O proxecto de humanización da rúa Coruña incluírá renovación de beirarrúas, alumeado, arborado, canalizacións de abastecemento e saneamento, firme e tamén incluírá a instalación dunha rede separativa de augas pluviais, así como o sistema de contedores soterrados.

O orzamento que se estima para esta humanización é de 1.900.000 euros polo que os investimentos do Concello para as humanizacións das rúas da nosa cidade acadarán os dez millóns de euros. Ningún orzamento desta cidade contemplou un programa de humanizacións e actuacións en rúas tan imporante coma o que está a levar a cabo este goberno.

Esta proposta demostra unha vez máis o compromiso deste goberno coa cidade, coas súas rúas, en definitiva coa súa xente. Este goberno seguirá investindo alí onde os cidadáns o demanden e o precisen. Onde outros dan as costas, venden fume e incumpren as súas promesas, este goberno fai realidades, leva a cabo proxectos e pon en marcha unha cidade que outros pola súa incapacidade de xestión estiveron freando durante anos.

Se falamos de novos proxectos, de novas ilusións, de esperanza e de futuro, entón por forza temos que falar da Universiada, un proxecto de cidade que unirá xeracións, deporte e saúde. A Universiada converterá a Vigo no centro do mundo da competición sa e saudable, no exemplo da nosa mocidade e por iso tamén presentamos hoxe neste Pleno o proxecto para nos embarcar nesa nova aventura,

porque queremos estar aí, queremos que os ollos de todo o mundo se fixen en nós. Deporte e cidade, xuventude e calidade de vida forman parte do noso proxecto, do proxecto de todos. Quen poderá estar en contra desta proposta? Ninguén que realmente desexe o mellor para esta cidade poderá dicir que non.

SR. FIGUEROA VILA: Xa vemos como comeza este Pleno, con ataques á xestión do goberno anterior, ataques á institución da Deputación e por iso, Sr. Alcalde, imos tentar deixar clara a postura do noso grupo e sobre todo dicir á concelleira de Economía, Parques e Xardíns e coido que tamén Limpeza, parece que debido á súa falla de xestión tiveron que facer un cambio, parece que a Sra. Abelairas foi defenestrada pola súa falta de xestión, vostedes mesmos o dixeron o que quere dicir que o goberno non debe funcionar moi ben e por iso tentan atacar, pero nós imos tentar contrarrestar todas estas cuestións porque coido que xa vai sendo hora.

Tiñamos pensado facer unha intervención moi curta pero debido a que vostedes están tentando provocar, ós cidadáns desta cidade hai que lles dicir o que está a pasar, a herdanza económica que deixou o Partido Popular, que o goberno presidido polo Sr. Caballero estivo mentindo ós cidadáns de Vigo, dicindo que a situación era caótica e agora se demostra que non só non era caótica senón que era magnífica como din os informes de Intervención, que o orzamento do ano 2007 era de 63.479.000 euros e que a día de hoxe vostedes teñen 47.000.000 euros para dispoñer, oito mil millóns das antigas pesetas pola xestión que lles deixou o Partido Popular, que a débeda baixou do 61% ó 21%, endebedamento que coido que non hai en ningún dos Concellos en todo o territorio nacional.

Pero coido que tamén é bo dicirle á veciñanza que a día de hoxe, en nove ou dez meses de mandato, este goberno formado polo BNG-Partido Socialista, aínda non levou á mesa de contratación nin unha soa nova contratación de obra. Por riba presumen da herdanza que lles deixou o Partido Popular cos seis aparcadoiros que van cambiar a cidade, van transformala, van dar un servizo á veciñanza, tres mil novas prazas de aparcadoiro das cales o 20% en cinco deles son para residentes, é a primeira vez na historia desta cidade que se levou a cabo este proxecto, e nun deles o 50%.

Os aparcadoiros que agora están en marcha de Policarpo Sanz, Rosalía de Castro,

rúa Areal, Jenaro de la Fuente, Villa Laura e da Avenida de Europa, deixounos adxudicados o Partido Popular pero cun matiz importante, que as humanizacións e urbanizacións van a custo tamén dos propios adxudicatarios, o Concello ten que gastar cero euros.

Teñen que lembrar, sobre todos os medios de comunicación e a veciñanza, que o Partido Socialista estivo en contra deses aparcadoiros cando estaba na oposición, boicoteáronnos, puxeron todas as trabas posibles para o levar a cabo pero agora o Sr. Alcalde saca peito e di que van transformar a cidade coas súas humanizacións e urbanizacións. Pois non, eses aparcadoiros que é o único que agora está en marcha deixounos o goberno do Partido Popular.

A maiores o goberno do Partido Popular tamén deixou tres piscinas en marcha, unha en Valladares que a deixou adxudicada o Partido Popular e case totalmente rematada; pero teñen dúas máis que coa súa falla de xestión non foron quen nin de poñer a primeira pedra logo de que as deixamos adxudicadas e son as piscinas da Avenida da Florida e as piscinas de Lavadores en Barreiro. Hai máis, a urbanización de Barreiro que estaba totalmente rematada, levan dez meses de atraso porque non son quen da poñer en marcha.

O outro día sorprendéronnos o Sr. Alcalde e máis o concelleiro de Tráfico inaugurando uns paneis que parecían da súa xestión, as marquesiñas... Lembran os medios de comunicación as liortas que montou o Sr. Calviño insinuando, calumniando e difamando polo concurso do mobiliario urbano? As roldas de prensa que tivemos que dar para contrarrestar, dicir que era un magnífico concurso.

O partido Socialista fixera un concurso no ano 90 onde só incluía 127 marquesiñas, uns cantos paneis informativos de mobiliario urbano, só dous millóns de ingresos para as arcas municipais e a reversión para a propia empresa e non para o Concello.

Sei que lles molesta pero o sentimos, estou coa miña quenda de intervención porque aquí se falou máis que da modificación, atacouse a unha institución e falouse da xestión do Partido Popular, polo tanto hai que a defender.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, leva vostede sete minutos de intervención, se se centrara llo agradecíamos. Quédanlle catro minutos.

SR. FIGUEROA VILA: Estou perfectamente centrado, Sr. Alcalde, o que pasa é que a vostedes lles molesta que o Partido Popular se defenda, o que pasa é que vostede está sacando peito de algo que non fixo e no que non cría.

Igual que co Consorcio do Casco Vello onde deixamos trinta millóns de euros e trinta e dous adquisicións de inmobles, esa é outra das cuestións que deixou o Partido Popular en marcha e que non poden dicir que non; un convenio asinado pola anterior alcaldesa e o vicepresidente da Xunta naquel intre, Sr. Feijóo.

Dicía que o mobiliario urbano agora son 627 marquesiñas, corenta e pico millóns de pesetas que ingresamos anualmente e vostedes seguen a vendelo como se fose unha xestión de seu que non fixeron absolutamente nada, só boicotear e tentar torpedear esa adxudicación.

Por suposto que a Avenida da Florida e a Avenida de Castrelos tamén as tivo paralizadas durante dous anos o seu goberno da Xunta de Galicia porque non quería que o Partido Popular fixese esa obra. Ese proxecto presentámolo na Xunta de Galicia e puxéronnos todo tipo de reparos e esa é unha cuestión que todo o mundo sabe.

Tamén había un plan parroquias no que se incluían todas estas humanizacións e había unha parte importante para a rúa Coruña e vostedes votárono en contra, tanto o Partido Socialista como o BNG. Isto non ven de agora, hai unha serie de humanizacións que estaban en marcha cun plan parroquias que estiveron boicoteando durante os últimos dous anos.

Con respecto á Deputación a día de hoxe está investindo máis en Vigo que o propio Concello. É curioso que durante os últimos dez meses investira máis a Deputación nesta cidade que o propio goberno de Vigo, iso que tiña uns remanentes de Tesourería importantes nas súas contas e tiña unha magnífica situación económica. O que pasa é que vostedes están tentando buscar o enfrontamento.

Sra. concelleira busque vostede as cartas que ten o Alcalde porque está mentindo ós cidadáns, hai respostas do Presidente da Deputación ó Sr. Alcalde, se non as atopa xa llas darei eu. Como vostedes están habituados a mentir permanentemente, son un goberno que minte, están instalados na mentira, no engano ós cidadáns e amosárono coa situación económica que lles debía caer a cara de vergoña, que teñan 48 millóns de euros de remanentes para poder utilizar, 8.000 millóns das antigas pesetas.

Repítolle que a Deputación de Pontevedra a día de hoxe ten en Vigo máis proxectos en marcha que o propio Concello, dende os catro campos de fútbol de herba sintética, do Meixoeiro que se puxo en marcha recentemente, o da Guía, o da Bouza, o de San Andrés de Comesaña, máis cinco que fixemos na época anterior. O centro cultural de Cabral Feira e o centro da reitoral de Alcabre que están a piques de rematar.

A maiores se fixeron xestións coa compañía Air Europa para que dende Vigo houbera vos directos con Madrid. Todas esas cuestións están aí, á parte das subvencións a temas culturais, deportivos e sociais que afirmo que na maioría dos casos son mesmo superiores ó que vostedes están xestionando.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, vaia concluíndo.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, é que estes son temas importante e se non se abre o debate non contestaríamos.

Volvo dicir que a Deputación vai seguir investindo na cidade de Vigo e xa lle solicitamos ó Sr. Alcalde que nos cedera os terreos para levar a cabo o proxecto do colexio alemán por un importe de 3.500.000 euros, por iso minto vostede cando di que non se lle remitiu ningunha carta. Tres millóns e medio de euros que quere investir a Deputación de Pontevedra nese centro alemán porque a nós tamén nolo solicita a veciñanza e tamén temos prioridades para os barrios e parroquias da nosa cidade.

Están mentindo unha vez máis, mentiron na situación económica porque se demostra claramente que agora vostedes teñen cartos para remanentes, á parte do presuposto que confeccionaron, está no informe do interventor que di que vostedes teñen 47.900.000 euros e pico dispoñibles.

Polo tanto esta é a situación, xestionen vostedes a cidade, tentemos captar doutras administracións. Evidentemente que nós imos votar a favor do investimento na rúa Coruña aínda que vostedes tiñan que a ter metida xa no presuposto porque xa estaba nun plan anterior proposto por nós.

Con respecto á Universiada imos dar un voto de confianza como estamos a facer a pesar de que ó mellor tiñamos que criticar certas formas e actuacións. Non é de recibo que o Presidente da Xunta de Galicia diga nun diario de onte que arrefría o

proxecto máis custoso do Bloque para Vigo. Gustaríanos que nos clarexaran a que están xogando algúns, por diante a dicir unha cousa e por atrás dicir outra totalmente distinta. Di un diario local desta cidade que o propio presidente da Xunta de Galicia cuestiona os investimentos para a cidade de Vigo. Clarexen isto que é importante, Sr. Domínguez Olveira.

Vostede sabe que ten o apoio do noso grupo sen ningún tipo de condicionante, sóuboo dende o primeiro día. Agora si que nos gustaría que nos clarexasen a que anda a xogar o Partido Socialista nesta cidade cun proxecto de cidade, se é certo ou non porque se é certo, para que queremos ese millón de euros?

Vostede sabe que isto chega ás altas esferas onde se toman as decisións. Este é un proxecto de confianza e ás veces, cando hai confianza, ese proxecto ten un plus a maiores que é realmente cando se fan as solicitudes. Pois o presidente da Xunta de Galicia está cuestionando o seu proxecto, Sr. Domínguez Olveira, e hai que pedir explicacións se isto e certo ou non, que rectifique ou que ratifique inmediatamente porque vostede sabe que isto se trasladará onde se toman esas decisións.

Evidentemente nós lle imos apoiar a vostede un millóns de euros para presentar os proxectos, é moito diñeiro para esta cidade; confiamos nese proxecto pero non é de recibo que mentres uns dicimos unha cousa outros estean dicindo todo o contrario. Con respecto ós investimentos da Deputación non se preocupe a veciñanza porque a Deputación vai investir nesta cidade no mesmo ritmo e coa mesma porcentaxe de investimento con que se fixo ata o día de hoxe.

A diferenza do que acontecía con nós, vostedes teñen presuposto, teñen remanentes suficientes para poder levar a cabo proxectos nesta cidade e a Deputación tamén ten os seus criterios e prioridades.

Con respecto ás cartas pediría que rectificase porque hai cartas do presidente da Deputación ó alcalde de Vigo clarexando todas as posturas e vostedes unha vez máis menten, enganar ós cidadáns. Ou ó Sr. Alcalde non lle deron esas cartas o que é moi dado porque o Sr. Alcalde está instalado permanentemente no engano, non só neste tema, en moitos outros.

Esta fin de semana aconteceu unha cuestión nun colexio de Coia e foi dicirlles ós veciños e ós pais dos nenos que a culpa era do Partido Popular e da Sra. Porro, cando era un tema estrutural.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, o seu tempo pasou case o dobre do que ten asignado. Leva vostede falando dezasete minutos. En segundo lugar isto xa non é un tema que teña que ver co que tratamos. O tempo está concluído, se remata, por favor.

SR. FIGUEROA VILA: Pero non lle gusta que falemos disto.

A PRESIDENCIA: Antes de dar a palabra, por clarexar para continuar o debate e por dar os datos. Eu recibín do presidente da Deputación dúas cartas, unha relacionada cun tema da Mancomunidade, nada que ver con isto, e unha segunda carta da que ademais fixemos mención pública e que os medios de comunicación foron informados, na que o presidente da Deputación nos pedía dispoñibilidade para investimento no colexio alemán.

Non había ningunha resposta nin alusión á carta que lle enviou este Alcalde nin á conversa que tivemos sobre humanizacións en diferentes rúas de Vigo. Podemos baixar a carta e lela aquí publicamente. Non se respondía en absoluta á proposta que lle enviáramos dende a Alcaldía dicindo un número de rúas nas que criamos que se debería investir. Vostede mesmo tivo unha negociación co voceiro do Partido Socialista hai uns meses sobre esta cuestión.

Eu respondílle ó presidente da Deputación a semana pasada dicindo que cría que deberíamos ter unha entrevista para tratar das humanizacións en rúas. Estou pendente da resposta do presidente da Deputación. Debo dicir que disto se informou publicamente ós medios de Comunicación e por tanto a claridade é absoluta.

Debo dicir algo máis con respecto á publicación dalgún diario relacionando ó presidente da Xunta e o apoio á Universiada. O apoio do presidente da Xunta á Universiada é manifesto, fíxose a través dunha gravación que levamos á comisión técnica do Consello Superior de Deportes cando se fallou a favor de Vigo superando a candidatura de Murcia. A exposición da posición de Vigo rematouse cunha gravación do presidente da Xunta na que daba apoio absoluto e total á Universiada.

Na visita do Comité Técnico da FISU a esta cidade, a exposición da cidade tamén rematou coa mesma gravación na que o presidente da Xunta amosaba o seu apoio total e absoluto á Universiada. Non vou responder do que un diario diga que o

presidente da Xunta dixo, porque é unha cuestión na que nin esta Alcaldía nin este grupo van entrar, pero lle podo asegurar que o apoio do presidente da Xunta á Universiada é total, absoluto, manifesto e por certo exhibiuse ós responsables de tomar a decisión en cada unha das xuntanzas que tivemos.

Isto é unha pura narración de feitos sen entrar en polémica nin en ningún debate.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Figueroa, de verdade que eu non tiña intención de participar neste punto da orde do día porque pensei que íamos falar precisamente da modificación orzamentaria, da humanización da rúa Coruña e deses gastos que necesitamos incluír de aquí ó 31 de maio para que Vigo poida reafirmar a súa condición de cidade candidata a albergar a Universiada.

Evidentemente e unha vez máis saímos do guión, saímos da orde do día e, Sr. Figueroa, con todo o cariño que sabe que lle teño, empezamos coa ringleira que ten dende que empezou, coido que os cidadáns xa saben de memoria que a súa xestión foi boa, que nos deixaron moitos remanentes, que somos ineficaces neste goberno, etc. Pero logo resulta que os cidadáns ven que a realidade diaria é completamente distinta.

Cando vostede di que o goberno mente evidentemente que a min me molesta porque o BNG e eu mesmo formo parte deste goberno e non temos nas nosas normas habituais mentir. Pero imos ver quen mente. Como vostede tocou dous temas é o que lle vou contestar.

Vostede mente e ademais descaradamente cando di que o goberno anterior lle deixou ó Consorcio do Casco Vello trinta millóns de euros; logo lle vou dar á prensa os papeis de cal foi a achega do Concello de Vigo nese convenio, un millóns de euros que o goberno anterior achegou ó Consorcio do Casco Vello.

Por certo Sra. Porro, é quen de dicir aquí para que conste en acta que o que estou a dicir é mentira? Ben, con iso abonda, eu non minto.

A PRESIDENCIA: Sra. Porro, logo lle concedo a quenda de palabra por alusións.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A achega do Concello no 2007 ó Casco Vello foi dun millóns de euros que por certo, voulle dar un dato máis e se é mentira dígao para que figure na acta, ese millón de euros non estaba aboado cando chegamos nós a

este goberno. Foi este goberno e aquí está a concelleira de Economía para o confirmar, quen fixo o expediente para poder aboar ese expediente do ano 2007. Esa foi a única achega do goberno do Partido Popular ó Consorcio do Casco Vello.

O resto das achegas veñen da Consellería da Vivenda, BNG, e do Consorcio da Zona Franca que naquel intre formaba parte daquel Consorcio, Sr. Figueroa vostede foi presidente dese Consorcio, por iso non minta.

En segundo lugar, tamén me molesta que moito fala vostede agora Sr. Figueroa dese ofrecemento que a Deputación fai ó Concello de Vigo para a construción do colexio alemán. O BNG estará sempre a favor da construción do colexio alemán, fágaa a institución que a faga, porque é algo que os veciños necesitan.

O Sr. Martiño está a dicirme que non coa cabeza; cando vostede aínda non formaba parte desta Corporación, hai moitos anos foi o BNG quen impediu que o don Manuel Pérez e o Partido Popular construíra na Bouza e dende aquela se pode hoxe falar do colexio alemán. Foi o BNG quen impediu que o Sr. Pérez fixera vivendas na Bouza. Teña vostede un pouco de historia e respecto por esta Corporación.

Sr. Figueroa, sabe o que di a xente de fóra? Hai que ter "morro" para gobernar na Xunta dezaseis anos, gobernar os mesmos anos na Deputación de Pontevedra, ter tres anos o goberno municipal e agora, xusto cando cambia a cor política do goberno na cidade, dicir que queren facer o colexio alemán.

Remato co tema da Universiada, Sr. Figueroa. Eu agradecín e agradeceréi sempre publicamente o talante, o traballo e a colaboración que o partido Popular está a ter neste tema, non con este goberno, coa cidade. Efectivamente é un tema vital e de confianza para a cidade de Vigo, non teña vostede o máis mínimo reparo en me crer cando lle digo que o presidente e o vicepresidente da Xunta de Galicia apoian sen fisuras este proxecto.

Pode crer que se eu tivera a menor dúbida de que o presidente da Xunta ou o vicepresidente, que é do meu partido, estiveran a boicotear dalgún xeito este proxecto que é tan importante para a cidade de Vigo, eu mesmo diríao publicamente, estea tranquilo.

Efectivamente onte un medio de comunicación dicía o que vostede mencionou, non en boca e en palabras do Sr. Touriño. Na información de onte non aparece de ningún xeito reflectida ningunha afirmación do Sr. Touriño. Hoxe si, hoxe tanto nun medio como no outro, sae que "O presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño,

reafirmou onte o seu apoio máis firme, incondicional e decidido á candidatura de Vigo".

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Vou empezar cunha intervención persoal. Aquí atacouse a unha concelleira pola súa falla de xestión; quero que me digan vostedes qué concelleiro xestionou oito millóns de euros en humanizacións; díganme quen foi capaz de xestionar un presuposto coma ese; ningún. Pois aquí temos unha concelleira que é quen de xestionar iso e moito máis. Defendo totalmente á dona Isaura Abelairas. Non confundan, o que vostedes non souberon xestionar é problema de seu.

Falou da herdanza do PP. Lémbrolle esa herdanza ano por ano: ano 2005, consumo de remanentes do Partido Popular, cun orzamento aprobado, 14,1 millóns de euros, un 25,67% do total dos remanentes. Ano 2006, consumo de remanentes por parte do Partido Popular 45,2, un 70% do total, cunha modificación a Pleno no mes de abril por valor de 22 millóns de euros. Ano 2007, nos seis primeiros meses do ano, no tempo que vostedes gobernaron, 28,5 millóns de euros, levaron en abril unha modificación orzamentaria de quince millóns de euros. Consumo de remanentes nos anos que estiveron vostedes gobernando 90 millóns de euros. Nós levamos hoxe tres.

Dígame quen é quen está consumindo remanentes e quen deixou remanentes posibles para consumir. Vostedes estiveron consumindo remanentes que lles deixou o anterior goberno polo tanto quen estiveron dilapidando e malgastando foron vostedes. Tiveron o seu propio orzamento no ano 2005, propuxérono e votárono vostedes, o que pasa e que nin o souberon presentar nin o souberon xestionar. Sabe a cidade de Vigo que en humanizacións vostedes propuxeron un millón en medio de euros? Con que cara veñen logo con vintedous millóns de euros se vostedes mesmos propuxeron só un millón en medio?

Ningunha prórroga pode xustificar o seu consumo de remanentes, a situación de endebedamento que deixaron, as facturas que deixaron sen pagar. E non o digo eu, dino os informes que nos atopamos nada máis chegar a este goberno no mes de xullo.

Informe de Intervención: con data de marzo consumíronse remanentes polo Partido Popular por 23 millóns de euros; con data 20 de abril cinco millóns; remanentes

dispoñibles ata abril 19 millóns de euros; a maiores déficit na Xerencia de Urbanismo por un millón de euros; expedientes de indemnización por valor de cinco millóns e medio de euros. Pódese consultar absolutamente todo nas actas porque está todo reflectido.

Seguimos así e ó final sumamos as débedas, sumamos os informes que existen en Mobilidade de cinco millóns de euros no transporte público; temos tamén todos os informes que existen en Vías e Obras por tres millóns e medio de débedas; así seguimos partida por partida, todo está recollido nas actas. Esta é a herdanza que vostedes nos deixaron. Acaso vostedes non se lembran disto? Non lembrar esta información que saíu no País?.

Esta é a situación que nos deixaron, millóns de euros, centos de milleiros de facturas que deixaron de pagar e a Sra. Porro non quedou contenta con isto e agora prepáranlle outro despacho no edificio anexo porque este non lle gusta.

Sr. Figueroa, pode negar que existe unha factura de 150.000 euros asinada por vostede que aínda esta sen pagar? Non, vostede falou aquí pero en ningún momento pode negar que a Deputación negouse á humanización da rúa da Coruña, non hai ningunha contestación como xa dixo o Sr. Alcalde comprometéndose ás humanizacións que pedimos. Dende a Deputación só se vendeu fume e seguen a vendelo co caso do centro cultural.

Quero que me amosen a partida específica do orzamento onde consta que van investir iso. Quero que me amosen o proxecto viable no que se pode investir este ano iso que lle están dicindo ós veciños de Coia que van investir. Rétoo a que mo amose porque vostedes saben perfectamente que iso é absolutamente inviable.

Nos queremos facer o centro de Coia e presentamos nos orzamentos unha partida para o comezar facer, pero vostedes saben que o proxecto que vostedes defenden é inviable porque ten máis metros cadrados construídos dos que permite a parcela e hai que o reformar, polo tanto vostedes nin tan sequera souberon presentar un proxecto axeitado a zona e non teñen nos orzamentos unha partida específica, están a xogar con partidas xenéricas. Hoxe van a Coia e din que van investir e como saben que non se pode, poden ir a Teis, poden ir a Cabral dicindo o mesmo e xogando coa mesma partida xenérica. Non hai partidas específicas, non hai ningún compromiso real.

Son vostedes os que están presentando unha estratexia baseada na mentira e na

Deputación. Quen lles dixo que se lles debería caer a cara de vergoña fun eu hai unhas semanas e parece que se lles esqueceu.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Domínguez Olveira, 14 de febreiro do ano 2005, convenio do Consorcio Casco Vello, Xunta de Galicia, Concello de Vigo que lembrará vostede que o Sr. Pérez Mariño boicoteou e tivemos bastante conflito neste Concello onde mesmo se presentou unha proposta de que non se podía constituír un Consorcio. Iso coído que foi o Partido Socialista, boicoteárono eles apoiados por vostedes na Zona Franca onde houbo a primeira votación na súa historia e pediu un informe ó avogado do Estado. Pois aquí está o convenio do ano 2005 onde o importe era de trinta millóns de euros coa achega do Concello, da Xunta de Galicia... É evidente que lle deixamos unha xestión con trinta millóns de euros que vostedes están executando.

Igual que os aparcadoiros que lle van custar ó Concello cero euros e tamén saben que o Partido Socialista estaba en contra. É certo que vostedes e máis o Sr. Soto nos apoiaron nese tema. Non mentimos, aquí están e quen queira o pode ver.

O outro día xa lle dixen a unha compañeira de seu no debate que esta cidade está demandando que os veciños e veciñas poidan ter para facer xestións unha oficina administrativa da Deputación de Pontevedra na cidade de Vigo e xa miro por onde vai o Partido Socialista con respecto ós despachos. Nós non lle falamos dos despachos que fixeron e están a facer vostedes neste Concello, Sra. Díaz. Agora xa non hai unha sala de prensa, hai tres ou catro; nós estivemos calados porque consideramos que é bo que se dignifique a vida política e a situación e o espazo físico de cada un dos concelleiros, pero vostedes volven quitar o tema.

Pois imos ter unha sede da Deputación en Vigo porque así o reclama a veciñanza, porque non queren ir a Pontevedra facer ás súas xestións, ademais era o seu partido quen reivindicaba esta sede por medio dunha persoa que xa non está connosco e que aproveitamos para ter unha lembranza del, don Antonio Nieto Figueroa, quen moito reivindicou esta situación.

Non facemos como vostedes porque aínda estamos esperando pola delegación da Consellería de Pesca que se prometeu en campaña electoral polo Sr. Touriño e a día de hoxe que nós saibamos non hai nada. Nós si que imos cumprir e ímolo facer como fixemos ata o de agora.

Ademais se contradín porque por unha banda din que a Deputación investiu non sei canto na época anterior e vostede acaba de dicir que non ten investimentos na cidade de Vigo, seguramente trabucouse. Di que non fixo ninguén humanizacións nesta cidade, que o Partido Popular levaba un millón e medio de euros. Entón é que cun millón de euros se fixo todo o contorno da praza de Compostela, Marqués de Valladares, a rúa República Argentina, Gravina, Churruca, Alfonso XIII... Non sei como poden mentir continuamente, enganar ós cidadáns dicindo que só investimos un millón e medio de euros.

Estou realmente sorprendido porque só o convenio de Vigo 2005 coa Zona Franca para a praza de Compostela e o seu contorno foron nove millóns e medio de euros. Estamos cansos de tanta mentira.

Nós non falamos dos remanentes, iamos apoialos se vostede fixera unha intervención normal pero repito que a situación económica que deixamos neste Concello era magnífica e vostedes tiñan 63 millóns de euros que é o que marca a liquidación do ano 2007 en remanentes, a día de hoxe teñen 47 e van ter 42 e aínda lle quedan oito mil millóns das antigas pesetas en remanentes, é o que lle estamos a dicir.

Estes cartos saíron dunha liquidación e dunha xestión dos anos anteriores, fora polo que fora, sábeo perfectamente. Por suposto que nós utilizamos os remanentes, como van facer vostedes e iso é bo para a cidade sempre e cando se faga en investimentos que beneficien a toda a veciñanza. Nós non estamos debatendo iso, son vostedes os que entraron nesa dinámica, o único que dixemos é que vostedes mentiron e tentaron enganar ós cidadáns: "Non estamos tan ben como dicía o PP", "Polémica pola situación económica na que se atopaba o Concello no mes de xullo". Logo houbo que seguir contestando a cada un de vostedes.

Evidentemente a liquidación deu mostras da situación económica que temos. Vostedes pagaron todo o anterior con quince millóns de euros e agora xa están cos remanentes que están utilizando para proxectos de seu. Mesmo así aínda nos quedan 47 millóns de euros de remanentes. Iso está aí e non pode enganar absolutamente a ninguén o que pasa é que era moi fácil buscar o enfrontamento dende o primeiro día dicindo que o Partido Popular deixara todo mal e que o ían resolver vostedes.

Non, vostedes tiñan que aprobar un presuposto nada máis chegar como xa lle

temos dito, aínda que fose un presuposto técnico para resolver todas as cuestións pendentes de dous presupostos prorrogados, sábeno perfectamente, pero era mellor enganar ós veciños dicindo que todo era un desastre. Pois non foi así.

Agora teñen que sacar peito cos concursos que nós lles deixamos. É lamentable, logo de todo o que dixeron e do que están a dicir agora; dixeron que non querían multa-móbil, agora teñen dous. Se é verdade que non os queren retírennos, se teñen criterio apliquen o que vostedes defendían. Nós seguimos apoiando ós dous, mesmo cremos que é necesario algún máis para que a cidade funcione correctamente. Esa é a diferenza.

Vostedes están a poñer marquesiñas por toda a cidade pero, quen lles deixou feita a adxudicación desas marquesiñas? Cun concurso que non hai precedentes en ningún Concello de España, que cando remate a concesión, como as que están a retirar agora, máis de cen marquesiñas en perfecto estado van quedar en propiedade do Concello. Pois o criticaron ata non poder máis. Criticaron os aparcadoiros para os boicotear; a avenida da Florida e a de Castrelos as boicotearon dende a Xunta de Galicia para que non as levamos a cabo; o plan parroquias que presentamos para a mellora de todos os barrios e parroquias, incluíndo Sanjurjo Badía, protestaron e votaron que non porque non o querían; etc. Unha parte importante do que vostedes criticaron agora o están retomando e tentando liderar eses proxectos. As piscinas igual, dígnanos algo novo que vostedes comezaran en dez meses, só unha obra que vostedes adxudicaran. Por suposto que neste goberno, como vostede mesma dixo, parecía que a anterior concelleira non traballaba, que agora ía ir visitar de noite o concurso de limpeza, íao xestionar e ía poñer flores, cando vostedes criticaban as flores da Sra. Porro que dicían que era o único que facía. Xa está ben.

Se vostedes non queren entrar no debate anterior non o introduzan, non fomos nós os que comezamos esta intervención, Sr. Domínguez Olveira, foron uns compañeiros do seu goberno quen comezaron e vostede sábeo.

Se queren falar de despachos tamén sacamos as facturas do que custan, os novos e os vellos; tamén as salas de prensa novas porque xa hai tres, non sei cando montará vostede a súa porque é o único que falta, hai máis salas de prensa que membros do goberno que dean roldas de prensa, coido que sobran. Se quere falamos de todo iso sen ningún tipo de problema.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, leva dez minutos nesta segunda intervención que debería ser de cinco. Por favor vaia rematando.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, coido que estes temas son importantes para a cidade porque os cidadáns teñen que ter coñecemento do que está a pasar. Entendo que a vostede sobre todo, que está tentando calumniar e difamar permanentemente ó Partido Popular, estas cousas non lle gusten.

Repítolle que o que pasou esta fin de semana en Coia non llo imos permitir, que vostede vaia a un colexio nun momento grave e que lle bote a culpa á Sra. Porro.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa vaia rematando e céntrese nos puntos da orde do día.

SR. FIGUEROA VILA: Non lle imos permitir que vostede vaia a un colexio cos pais e cos nenos e que faga política con eles dicindo que a situación dese colexio é por unha nefasta xestión da Sra. Porro como dixo alí e atopouse que había un concelleiro ó seu carón que lle tivo que calar. Supoño que se avergoñaría. Iso non se fai en política, pódense facer todas ou case todas as cousas pero non utilizar ós nenos e ós país.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, vaia rematando, por favor.

SR. FIGUEROA VILA: Xa remato. Dicar que o colexio está en mal estado por culpa da Sra. Porro cando é competencia da Xunta de Galicia e vostede sabe perfectamente que é pola situación dunha obra que está no seu contorno. Iso non se fai en política e é un exemplo claro que non lle imos permitir calumnias nin difamacións. Se poderá...

A PRESIDENCIA: Vaia rematando Sr. Figueroa.

Déixenme que clarexe algunha cuestión porque se están a facer afirmacións falsas. Nin durante un só segundo se me ocorreu botar a culpa ó anterior goberno do incidente dese colexio, nin en público nin en privado. Ante unha demanda duns pais sobre a situación e a nova construción dun colexio, preguntei se iso xa se

había exposto ó anterior goberno, ningunha alusión a ningunha culpa da Sra. Porro en algo no que non ten nada que ver nin directa nin indirectamente.

Só para clarexar a cuestión e que non pareza que lle botei a culpa a alguén que non tiña nada que ver coa situación.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Como vostede dixo o Sr. Figueroa estivo falando dez minutos e en ningún momento dixo que a Deputación se comprometía a investir na rúa Coruña que é para o que estamos a falar aquí.

Volveu falar de novo deste edificio e eu pregúntolle canto investiron vostedes nel no tempo que estiveron gobernando, se nalgún momento se lles pasou pola cabeza arranxar o tema das goteiras, por exemplo; rétolle que mo demostre, pero sen embargo non tiveron ningún problema en gastar fóra do orzamento, sen crédito orzamentario, nun despacho para unha señora, a alcaldesa naquel tempo, un concelleiro normal como os demais. Iso é o grave, que non se preocuparon por esta casa que é a casa de todos e si o fixeron por unha ex-alcaldesa que gastou os cartos sen o permiso deste Pleno.

Acaba de recoñecer que é certo que na cidade se investiron máis de millón e medio de euros pero fóra do orzamento. Dígolle unha por unha as rúas que foron na modificación orzamentaria? A pista polideportiva de Teis, o centro cívico de Saiáns, as beirarrúas de San Cristovo, a zona de Urzáiz, a Travesía de Vigo, a rúa Porto Loureiro, a rúa Cantabria...

Agora non quere escoitar porque esta é a súa verdade, aquí están os millóns de euros que gastaron fóra do orzamento e sen permiso deste Pleno. Iso é o grave, coller os cartos dos cidadáns e gastalos no que un quere, non no que a xente lle dá permiso. Esa é a diferenza.

Non vou seguir máis, aquí vimos falar de que queremos traballar pola cidade e polas rúas de Vigo. Está claro quen mente porque xa lle dixen que pode consultar as actas e mírase exactamente cales eran as débedas, onde estaban, canto se debía.

Paréceme moi grave o que lle acaba de dicir ó Sr. Alcalde. Acaso vostede lle está impedindo ó Sr. Alcalde que se achegue a un colexio para preguntar como está? Está cortando a liberdade dunha persoa de ir onde queira? Paréceme moi grave porque a máis de manipular está freando liberdades. Iso é o que fai o Partido

Popular.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 25/2008 por un importe de 2.925.000 euros, có detalle e aplicacións que figuran na Resolución da Alcaldía-Presidencia do 7 de abril e que se reproduce, así como a memoria motivadora da tramitación do expediente.

Segundo.- En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, a partida que é obxecto das aplicacións de recursos é a seguinte:

Partida	Concepto	Importe
1111.2270603	Promoción e presentación candidatura Vigo á Universiada 2013	1.000.000 €
5110.6110017	Humanización da Rúa Coruña	1.925.000 €
Total		2.925.000 €

Terceiro.- Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria por un importe de 2.925.000 euros, teñen a súa orixe no Remanente de tesourería para gastos xerais dispoñible que se obtivo da liquidación do orzamento do ano 2007.

Subconcepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente de Tesourería para financiamento do crédito extraordinario.	2.925.000 €

Cuarto.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Quinto.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, el expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose á súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Sexto.- De se presentar reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas, así como a aprobación

definitiva da modificación orzamentaria, ó citado órgano.

7.- (91).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 7/08 DO ORZAMENTO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. CRÉDITO EXTRAORDINARIO DA URBANIZACIÓN DE BARREIRO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 24 de marzo de 2008 a delegada de Urbanismo resolveu incoar expediente de crédito extraordinario para a urbanización das fases 1 e 2 do PERI 4, Barreiro 2 por importe de 504.898,17 euros. Con data 24 de marzo o director dos Servizos Centrais, coa conformidade da Xerente de Urbanismo, informa o que segue:

"Visto o Decreto da Delegada de Urbanismo do 24 de marzo de 2008, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emíttese o seguinte informe:

1º.- O gasto que se pretende incluír no orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non se pode demorar ata o exercizo seguinte sen prexuízo para os intereses xerais da Entidade, por ser urxente e de necesaria realización.

2º.- O importe de 504.898,17 euros destínase á seguinte partida:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito inicial</u>	<u>Alta</u>
4320.7000000	Transf. Capital ao Concello	0,00 €	504.898,17 €

3º.- A presente modificación supón un crédito extraordinario de 504.898,17 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do orzamento.

4º.- O financiamento desta modificación realizarase mediante baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxas dotacións estímense reducibles sen perturbación do servizo, segundo o seguinte detalle:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito inicial</u>	<u>Baixa</u>
4320R6800000	Invest. bens patrimoniais	3.120.607,56 €	401.616,92 €
4320R6000000	Investimentos en terreos	908.358,44 €	<u>103.281,25 €</u>
TOTAL			<u>504.898,17 €</u>

5º.- Os créditos destas partidas teñen o carácter de financiamento afectado por provir da xestión do patrimonio municipal do solo (alleamento de bens que o integran). Por tanto a afectación do crédito ó destino marcado pola lexislación vixente (esencialmente o artigo 177 da Lei galega 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia) manterase unha vez que o Concello de Vigo incrementa a súa partida nº 4320.6010000, Urbanización de Barreiro, proxecto 06.4320.00. Esta partida xa tiña asignado fondos provenientes da xestión do patrimonio municipal do solo, en concreto do alleamento da parcela municipal incluída no ámbito que se esta a urbanizar."

Polo anteriormente exposto, o director dos Servizos Centrais da Xerencia emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figura informe do interventor xeral no que, entre outros extremos, manifesta que se mantén o equilibrio orzamentario que requiro o artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 27 de marzo de 2008, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da proposta citada anteriormente.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar o crédito extraordinario por importe de 504.898,17 euros (modificación nº 7/2008 do vixente orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, co detalle expresado nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto do Sr. Figueroa Vila polo Grupo municipal do Partido Popular:

Igual que no punto anterior a diferencia entre vostedes e nós é que para nós os temas que son importantes para a cidade apoiámoslos a pesar do fondo pero tamén dicir que nesta modificación había cartos suficientes dentro do orzamento para poder levala a cabo e polo tanto espero que tampouco nos boten a culpa ó Partido Popular.

8.- (92).- INCREMENTO DE PARTIDA ORZAMENTARIA 121.0.150.00.00,
PRODUCTIVIDADE. EXPTE. 18172/220.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de abril de 2008 a técnica de Relacións Humanas, o técnico de organización e maila xefa da Unidade de Persoal, coa conformidade do concelleiro delegado, emiten o seguinte informe:

"O Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, con data 2 de abril de 2008, ditou orde de servizo para que se proceda coa maior urxencia pola Unidade de Persoal á realización dos trámites administrativos necesarios para o sometemento ao criterio do órgano competente da Excm. Corporación Municipal o incremento da partida orzamentaria 121.0.150.0000 "produtividade" pola contía necesaria para atender a proposta do programa de reforzos para a Policía Local así como outras produtividades que poidan realizarse polos distintos servizos municipais, con cargo a créditos non consumidos durante o primeiro trimestre correspondente ó presente ano no Capítulo I do vixente orzamento.

As vixentes instrucións do Cadro de Persoal aprobadas xunto coa Relación de Postos de Traballo (RPT) constitúen normas xurídicas de carácter regulamentario, se ben de alcance limitado ao ámbito interno dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo. A instrución terceira establece que con cargo ao complemento de produtividade retribuirase o especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa coa que o funcionario desempeña as súas funcións. Sen prexuízo de que a Xunta de Goberno Local estableza no exercizo das competencias reservadas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, outros parámetros de asignación, retribuiranse con cargo a este concepto, tal e como se recolle no apartado Terceiro l) "*Os programas de dispoñibilidade horaria que fose necesario acometer en atención a obxectivos de rendemento e optimización dalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno Local*".

En consecuencia, o aboamento daqueles complementos de produtividade recollidos en Instrucións de Cadro de Persoal resulta obrigado sempre que concorran os supostos fácticos xeradores dos mesmos, xa que o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005 aprobatorio das referenciadas Instrucións goza da executividade propia daqueles actos que non teñen sido recorridos en prazo, recollida nos artigos 56 e 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, onde se sinala que os actos da Administracións Públicas suxeitos ao Dereito Administrativo serán executivos con arranxo ao disposto na propia Lei, presumíndose válidos e producindo efectos dende a data na que se diten, salvo que neles se dispoña outra cousa, ou ben a salvo do previsto nos artigos 111 e 138 da referida Lei 30/1992, e naqueles casos nos que unha disposición estableza o contrario ou necesiten aprobación ou autorización superior.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24.c). Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento legislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derrogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no artigo 64.3 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, modificada por leis 3/1995 e 13/2007, onde se sinala que o complemento de produtividade está a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A súa contía global non poderá exceder dunha porcentaxe sobre os custos totais de persoal de cada programa e de cada órgano que se determinará na Lei de Presupostos, sendo en todo caso as cantidades que perciba cada funcionario por tal concepto de coñecemento público dos demais funcionarios do Departamento ou Organismo interesado, así como dos representantes sindicais.

O artigo 93.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, consigna expresamente que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado. No seu apartado 3, o mesmo artigo sinala que as Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus presupostos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública. En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Asemade, as propias Instrucións do Cadro de Persoal anteriormente descritas establecen expresamente (instrución terceira, parágrafo segundo) que lle corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade.

Por último, o artigo 123.1.h) da referida Lei de Bases do Réxime Local –en canto que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación dos presupostos- reforza a competencia plenaria para autorizar o incremento da partida presupostaria 121.0.150.00.00-productividade en cantidade necesaria para facer fronte aos gastos que se poidan devengar, sen prexuízo de que a operación económica da transferencia de crédito se materialice pola Alcaldía-Presidencia ex artigos 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de Execución dos Presupostos Municipais para o presente exercizo económico 2008, aprobadas definitivamente pola Corporación Municipal na súa sesión do 20 de decembro de 2007.

Tendo en conta a existencia de diferentes prazas vacantes a incluír na vindeira

Oferta de Emprego Público de 2008, aínda sen aprobar pola Xunta de Goberno Local, e outras vacantes do cadro de persoal, a día de hoxe, os seus créditos poden ser utilizados, a través dunha modificación orzamentaria, autorizada polo órgano competente e con cargo ós postos e partidas que a continuación se detallan, ó obxecto de incrementar o saldo da partida de produtividade tal e como dispón o concelleiro-delegado da area de xestión municipal na orde de servizo citada."

Polo anteriormente exposto, os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de abril, o técnico de Intervención coa conformidade do interventor xeral, emite informe que figura no expediente e manifesta que: "...En canto ós importes susceptibles de minoración pola contía indicada, esta Intervención Xeral ratifica os datos reflectidos na proposta efectuada pola Xefatura de Persoal, condicionado á existencia das vacantes relacionadas e á dispoñibilidade dos seus créditos por se tratar de postos de traballo sen cubrir durante o primeiro trimestre do exercizo en curso".

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de abril, ditamina favorablemente a proposta citada anteriormente.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Antes de comezar coa miña intervención quería agradecer á Policía a dispoñibilidade que ten xa que, aínda que estas contías se van pagar, esa dispoñibilidade quítanlla ás súas familias e é unha cousa a agradecer.

Este é un tema moi delicado para o expoñer como se fixo polo noso goberno. Cando este expediente veu á comisión fíxoo fóra da orde do día, presentouse ás once da mañá fóra de todos os canles normais. Coido que a próxima vez estas circunstancias terían que ser modificadas xa que son uns temas demasiado delicados para os presentar dese xeito.

Tamén coido que é delicado porque penso que a xestión correspondente á seguridade desta cidade non se pode expoñer do xeito que se fixo, non só porque os vigueses se poderían prexudicar por unha mala organización ou malas xestións non só dos concelleiros pertinentes, tanto de Persoal como o de Seguridade, senón tamén do propio Alcalde que é quen ten que ter control sobre estas situacións.

É un expediente bastante antigo porque provén do ano 99 porque son expedientes que se prorrogan co tempo. Dicimos isto porque como o Sr. Calviño lémbraos no

ano 2005, son situacións que se veñen producindo porque a dispoñibilidade da Policía non é normal senón que se ten que ir engadindo por períodos pola necesidade dun cadro de persoal que non temos a día de hoxe e que tiña que ser presentado no seu momento, cos orzamentos de 2007 que se aprobaron no mes de decembro.

Era necesario que o mesmo goberno xunto cos profesionais da Policía fixera este cadro de persoal e sobre todo as esixencias que necesita e das que depende esta cidade. Necesítanse porque non se pode ir sempre engadindo a maiores a dispoñibilidade da Policía senón que habería que organizar o sistema para evitar esta dispoñibilidade porque todos sabemos que non son horas extras, senón que son vacacións, períodos como as festas, o Cristo da Vitoria e demais actos que unen esta dispoñibilidade por parte da Policía.

Logo de cinco meses que temos o presuposto coido que tería que ir engadido a este un cadro de persoal para que realmente se puidera distribuír e evitar que haxa este tipo de ampliacións. Estas non son unhas previsións que vostedes teñan; é un pouco de inconsciencia pola súa banda debido a que todo aquilo que é previsible, como ben manifestaba o concelleiro Sr. Calviño no seu momento, son cuestións de carácter continuo e que se producen ano a ano.

No seu momento nós aumentamos o grupo de policías que neste intre ten vinteseis prazas máis, feito importante que nos gustou que se llo adxudicase o Sr. Calviño pero coido que todo o mundo sabe que a xestión a fixemos nós.

Esta indecisión provoca na cidade unha xestión negativa dentro da área da seguridade porque deixa ó albedrío, ó descontento, ás situacións nas que se produce por parte da Policía unha dispoñibilidade que eles mesmos aceptan porque realmente miran que a cidade necesita desa seguridade para poder ter dalgún xeito cubertos os distintos actos e actividades que se realizan.

O que temos claro é que esta é unha operación froito da improvisación. Outra volta con vostedes a improvisación xérase e ten unha conxuntura total e absoluta, vendada pola falla de organización que vostedes teñen nos cadros de persoal e nas horas correspondentes.

Sería importante saber onde está ese estudo organizativo onde o informe dos técnicos dinos que habería que ver as organizacións, as situacións e todo o correspondente ó estudo organizativo do servizo en canto a quendas, réxime de

descanso, establecemento de períodos de vacacións, asuntos propios, etc. Como se pode dispoñer iso e non ter que facer partidas presupostarias de produtividade a maiores cando xa tivemos en decembro o presuposto correspondente onde se poderían ter incorporado estas partidas.

As partidas que se fixeron no seu momento foron de 313.000 euros, feito que é incomprendible cando se sabía perfectamente que esas partidas eran insuficientes cando nós tiñamos feito unha partida de 800.000 euros.

Isto é algo inaudito e incomprendible porque unha cousa é un acontecemento imprevisto ou algo previsible de carácter conxuntural e outra cousa é do que estamos a falar, da dispoñibilidade dos traballadores, do persoal.

Independentemente de que nós non nos imos opoñer porque realmente é necesario, non como fixeron outras persoas que están aquí, como os Sres. Domínguez e Calviño, que se opuxeron no seu momento cando se solicitou o mesmo por parte do Partido Popular e no seu afán de afogamento, non o entendo eu doutra maneira, votaron en contra. Non nos opoñemos porque temos a nosa responsabilidade, entendemos que non se pode comprender esta cidade sen seguridade e nós non imos defraudar á cidadanía, pola contra o que imos facer é apoiar estes temas aínda que entendamos que non son as formas das presentar, pero si o fondo porque o máis importante é a seguridade para que os cidadáns poidan gozar e ter unha policía día a día para evitar que ocorra calquera cousa.

SR. LÓPEZ FONT: Coido que aproveitando estritamente esta modificación presupostaria, que lembro se fixo por parte do anterior goberno en múltiples ocasións, mestúranse determinadas cuestións e ó final da súa intervención non sabemos se está a favor, en contra ou que é o que pretende criticar.

Se leu ben o expediente é certo que se fai unha mención ó plan de dispoñibilidade de Policía Local pero tamén se fala doutras produtividades que se poidan producir, por iso coido que hai que ser rigorosos na exposición e cingirse ó que aquí realmente se propón.

Responderalle o Sr. Calviño como procede en canto á organización da Policía Local, os seus servizos e demais pero é inadmisíbel que como concelleiro do Partido Popular o discurso que vostede fai en canto ós cadros de persoal e ó cadro da Policía Local. Este goberno comprometeu a creación de como mínimo cen prazas da

Policía Local durante estes catro anos e lémbrolle que non se trata de que ninguén, como non fixo o Sr. Calviño, se impute a contratación a si mesmo da incorporación ó cadro de persoal dun determinado número de axentes.

O que si é certo é que a xestión do anterior goberno foi que xa estando este goberno rematou a oferta de emprego público do ano 2005, polo tanto coido que a eficacia deste goberno fronte á do goberno anterior é evidentemente máis que palpable.

Aquí o que traemos é unha modificación presupostaria que se axusta á normativa; son uns créditos presupostarios non consumidos sobre unha oferta de emprego público que si imos facer este ano a diferenza da de vostedes que insisto era do 2005 e rematouse no ano 2008.

Seríabo que clarificasen cal é a súa proposta porque ó final non se entende se están a favor ou en contra da modificación. É unha situación totalmente legal que ven dentro das medidas do posible para solucionar os problemas de organización na Policía Local.

Insisto en que o compromiso deste goberno en canto a incremento de dotacións da Policía Local supera o realizado por vostedes e será un compromiso que se cumprirá nestes catro anos.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Coido que non escoitou o que dixen, dixen que o meu grupo non vai votar en contra por unha cuestión de seguridade, díxeno claramente.

Dixo que dende o ano 2005 presentámolo en moitas ocasión. Só lle lembro unha cousa como tamén dixo o Sr. Domínguez: eu non estaba aquí pero teño hemeroteca e mireino. Presentámolo dende o 2005 porque tiñamos un presuposto prorrogado e iso quere dicir que temos que facer o que nos obrigan as circunstancias, prorrogalo e ir utilizando os recursos pertinentes.

Tamén lle lembro que vostedes votaron en contra en todas as ocasións e mesmo con frases bastante sangrantes, incluso do Sr. Domínguez que se quere llas leo para a hemeroteca correspondente.

O que está claro é que nós tivemos que ir ós poucos tratando de gobernar nestes catro anos e sacamos a oferta pública con vinteseis policíaas máis que se incorporaron agora.

Vostedes din que teñen máis prazas de policíaas pero no presuposto de 2008 hai dez

prazas menos. Non sei se vostede le os presupostos pero eu si e cando lle digo que vostedes non adican os seus esforzos para acadar a seguridade en Vigo é porque o mirei, estano a facer vostedes continuamente.

A oferta pública que nós tiñamos si a iamos facer e se quere facémola e gobernaremos nós, dese xeito poderán dicir que o fixemos nós e non vostedes.

Isto paréceme unha total irresponsabilidade porque vostedes sabían cando realizaron o presuposto que por parte da Policía ía haber once xornadas de reforzo para o ano 2008 e tiñan que o ter contemplado no oportuno presuposto e non o fixeron non sei por que, porque querían cadrar ben o presuposto, que non se saíse o presuposto en determinados aspectos. Agora o que fan é unha produtividade nun sentido bastante estraño e fóra do momento no que o tiñan que presentar.

O que está claro e eu vexo é unha irresponsabilidade pola súa banda e creo que se dediquen a gobernar, a traballar, a tomar decisións, ás veces gratas e outras non, pero o que está claro é que toman a decisión dunha responsabilidade porque vostedes asumiron o goberno e se é así teñen que tomar esa responsabilidade.

Independentemente de todo iso hai un atraso inxustificado posto que vostedes presentaron os presupostos a finais de 2007 e aprobáronse. É onde tiña que ir a oferta de emprego e vostede sábeo perfectamente, non ten que dicir que se vai facer, eu aínda non mirei nada, ningún documento, todo é improvisación para que isto xurda. Unha imprevisión na xestión, falta de responsabilidade no sentido de que as vacacións e demais actos é todo algo que se pode prever e insisto en que isto tiña que se ter previsto en decembro co presuposto correspondente.

Ó final unha mala xestión de carácter político, un sentido concreto do que se fai e o que fan vostedes, primeiro plasman unha cousa, logo outra e ó final este Pleno ten que arranxar as súas desfeitas. O que lles digo é que gobernen pero que teñan en conta que as decisións as toman vostedes e se son negativas e malas son as que adoptaron no seu momento e teñen que as aceptar.

SR. LÓPEZ FONT: Oíno perfectamente o que pasa é que é vostede quen non me entende a min. O que si é certo é que a súa exposición foi totalmente confusa, mestura o que fixo o anterior goberno co que fai este, estanos aconsellando en determinadas cuestións que vostedes non foron quen.

O presuposto presentouse de forma equilibrada e presentouse un cadro de persoal

que equilibraba as necesidades de persoal de todo o Concello, incluída Policía Local tendo en conta que tiñamos e que temos e mantemos ese compromiso de incremento como mínimo de cen policía locais durante os catro anos, polo tanto ese cadro de persoal no seu conxunto era para solventar determinadas situacións que vostedes deixaron.

Non sei como se atreven a dicir determinadas cousas. Antes o Sr. Figueroa utilizaba a frase de que estaban os cidadáns "ata o gorro"; Sr. Figueroa e señores concelleiros de Partido Popular, os cidadáns deben estar "ata o gorro" de oír os seus argumentos, dese discurso de quixemos facer e non puidemos, dese presuposto prorrogado, etc. Aquí se nos mide, a vostedes cando gobernaron e agora a nós, polo grao de eficacia.

Vostedes non foron que de facer determinadas cousas, non hai que ir a ningunha hemeroteca, eu non teño a culpa de que unha oferta de emprego de 2005 se concluíra no 2008 e isto si que o teñen que asumir vostedes. En temas de persoal como noutros temas nós tivemos que solucionar a dilapidación que vostedes fixeron, introducimos elementos de equilibrio e de racionalización dentro do conxunto do cadro de persoal polo tanto non se preocupe que o tema da Policía Local quedará totalmente arranxado.

Na oferta de emprego público non hai ningunha improvisación, primeiro hai que aprobar a RPT e que hoxe esteamos a día 28 de abril e vostedes falen de ineficacia política pola oferta de emprego cando a oferta de 2005 concluíuse no 2008, cando menos ten a súa gracia.

Nós trouxemos un presuposto axustado; traemos unha modificación presupostaria que se axusta a dereito e que cobre necesidades en Policía Municipal e noutros servizos que ten este Concello e é evidente que tamén en persoal estamos a administrar a mala xestión que vostedes fixeron pero lémbrolle que só levamos nove meses e polo tanto neste tema, como noutros, unha vez máis estamos aplicando unha xestión eficiente e a racionalización dunha estrutura de persoal, recoñecido por todo o mundo, totalmente deteriorada durante os tres anos e medio que vostedes gobernaron.

Por todo isto solicito o voto favorable para esta modificación presupostaria que se axusta á legalidade, que ven solucionar tanto o tema da Policía Local, como doutros servizos que son compromisos adquiridos mediante o convenio do persoal deste

Concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito, acórdase:

Primeiro.- Autorizar incrementar a cantidade global destinada á partida 121.0.150.00.00 -produtividade-, nunha contía máxima de 816481,92 €, sobre a dotación existente na actualidade, mediante a aplicación de créditos sobrantes que se relacionan:

central	servizo	clave puesto	desc.pues	partida	1100000	1200000	1210000	1300000	nº prazas	importe
101	GABINETE ALCALDÍA	10109	ASESOR/A ALCALDÍA	111.0	6.702,57 €				1	6702,57
101	GABINETE ALCALDÍA	10103	XEFE NEGOCIADO ALCALDÍA	111.0		2.154,42 €	3.328,47 €		2	10965,78
107	TENENCIA ALCALDÍA	10711	XEFE OFICINA ADMTIVA.	111.2		3.019,68 €	4.647,69 €		1	7667,37
107	TENENCIA ALCALDÍA	10701	ASESOR XERAL TENENCIA ALCALDÍA E DEPORTES	111.2	14.361,24 €				1	14361,24
201	CONSERXERÍA	20105	ALGUACIL-NOTIFICADOR	121.0		1.608,27 €	2.796,78 €		1	4405,05
201	CONSERXERÍA	20110	VIXIANTE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	121.0				4.455,42 €	1	4455,42
201	CONSERXERÍA	20106	OFICIAL CONSERXE	121.0		1.761,60 €	3.004,56 €		1	4766,16
110	SECRETARIA XERAL	11003	XEFE SERVIZO SECRETARIA XERAL E ACTAS	121.0		3.405,33 €	6.528,36 €		1	9933,69
201	CONSERXERÍA	20103	ORDENANZA PORTEIRO	121.0		1.608,27 €	2.682,78 €		3	12873,15
112	PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN	11206	AUXILIAR	121.0		1.761,60 €	2.821,41 €		8	36664,08
221	NEG. DE SEGURIDADE SOCIAL	22104	AUXILIAR	121.1		1.761,60 €	2.821,41 €		1	4583,01
220	SECCIÓN DE PERSOAL	22003	TÉCNICO PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS	121.1		2.890,11 €	4.891,83 €		1	7781,94
445	PARQUE MÓBIL	44504	OFICIAL MECÁNICO	121.2				4.697,01 €	1	4697,01
430	UN.P.CENTRAL DE SERVIZOS	43010	VIXIANTE EN XERAL	121.2				4.405,05 €	2	8810,1
445	PARQUE MÓBIL	44508	OFICIAL CONDUTOR	121.2				4.697,01 €	7	32879,07
430	UN.P.CENTRAL DE SERVIZOS	43009	AXUDANTE OFICIOS	121.2				4.405,05 €	21	92506,05
233	ARQUIVO XERAL	23301	XEFE ARQUIVO	121.3		3.405,33 €	5.766,90 €		1	9172,23
113	INFORMÁTICA	11305	OPERADOR INFORMÁTICA	121.7		1.761,60 €	3.141,75 €		1	4903,35
113	INFORMÁTICA	11303	PROGRAMADOR INFORMÁTICA	121.7		2.154,42 €	4.134,24 €		1	6288,66
113	INFORMÁTICA	11307	TÉCNICO DE SISTEMAS	121.7		3.405,33 €	5.766,90 €		1	9172,23
213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS	21313	AUXILIAR	222.1		1.761,60 €	2.821,41 €		1	4583,01
213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS	21309	BOMBEIRO	222.1		2.287,20 €	3.346,77 €		1	5633,97
213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS	21307	CONDUTOR BOMBEIRO	222.1		1.761,60 €	3.346,77 €		7	35758,59
213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS	21307	CONDUTOR BOMBEIRO	222.1		1.761,60 €	3.346,77 €		9	45975,33
212	POLICÍA LOCAL	21211	POLICÍA	222.2		2.129,52 €	2.862,24 €		1	4991,76
212	POLICÍA LOCAL	21211	POLICÍA	222.2		2.339,76 €	2.862,24 €		1	5202
212	POLICÍA LOCAL	21211	POLICÍA	222.2		2.234,64 €	3.000,87 €		1	5235,51
212	POLICÍA LOCAL	21202	INTENDENTE	222.2		3.405,33 €	7.874,97 €		1	11280,3
212	POLICÍA LOCAL	21211	POLICÍA	222.2		1.761,60 €	2.862,24 €		23	106348,32
108	DESN. LOCAL E EMPREGO	10804	ADMINISTRATIVO	322.0		2.469,06 €	2.694,87 €		1	5163,93
313	LABORATORIO MUNICIPAL	31306	OFICIAL DESINFECTOR	412.1				4.697,01 €	1	4697,01
400	XEFATURA XERENCIA URBANISMO	40005	ADMINISTRATIVO	432.0		2.626,38 €	2.694,87 €		1	5321,25

central	servizo	clave puesto	desc.pues	partida	1100000	1200000	1210000	1300000	nº prazas	importe
420	INTV. URBANÍSTICA - EDIFICACIÓN	42005	XEFE/A NEGOCIADO INTV URB - EDIFICACION	432.0		2.154,42 €	3.328,47 €		1	5482,89
400	XEFATURA XERENCIA URBANISMO	40002	TÉCNICO RELACIÓNS PUBLICAS	432.0				8.515,26 €	1	8515,26
408	OFI. MUPAL XESTIÓN VIVENDA E SOLO	40802	ARQUITECTO	432.0		3.405,33 €	5.836,41 €		1	9241,74
408	OFI. MUPAL XESTIÓN VIVENDA E SOLO	40803	ADMINISTRATIVO	432.0		2.154,42 €	2.694,87 €		2	9698,58
444	SERV. ELECTROMECAÑICOS	44405	OFICIAL ELECTRICISTA	432.4				4.697,01 €	2	9394,02
446	MONTES PARQUES E XARDÍNS	44612	VIXIANTE EN XERAL	432.6				4.405,05 €	1	4405,05
446	MONTES PARQUES E XARDÍNS	44608	AXUDANTE OFICIOS	432.6				4.681,20 €	1	4681,2
446	MONTES PARQUES E XARDÍNS	44607	OFICIAL CARPINTEIRO	432.6				4.697,01 €	1	4697,01
446	MONTES PARQUES E XARDÍNS	44606	OFICIAL XARDINEIRO	432.6				4.697,01 €	2	9394,02
446	MONTES PARQUES E XARDÍNS	44608	AXUDANTE OFICIOS	432.6				4.405,05 €	3	13215,15
303	CEMITERIOS	30303	OFICIAL SEPULTUREIRO	443.0				4.475,73 €	1	4475,73
215	MEDIO AMBIENTE	21503	INSPECTOR MEDIO AMBIENTE	445.0		1.761,60 €	3.495,06 €		1	5256,66
215	MEDIO AMBIENTE	21502	TÉCNICO ADMÓN. XERAL	445.0		3.405,33 €	5.766,90 €		1	9172,23
330	CULTURA	33006	ADMINISTRATIVO	451.0		2.154,42 €	2.694,87 €		1	4849,29
330	CULTURA	33005	TÉCNICO DE XESTIÓN	451.0		2.890,11 €	4.891,83 €		1	7781,94
330	CULTURA	33002	DIRECTOR VERBUM-CASA DAS PALABRAS	451.0		3.405,33 €	5.766,90 €		1	9172,23
334	SERV. BIBLIOTECAS	33402	TÉCNICO AUXILIAR BIBLIOTECA	451.1		2.154,42 €	3.520,56 €		1	5674,98
334	SERV. BIBLIOTECAS	33405	ORDENANZA PORTEIRO	451.1		1.608,27 €	2.682,78 €		5	21455,25
14	MUSEOS	1402	VIXIANTE EN XERAL	451.3				4.405,05 €	1	4405,05
14	MUSEOS	1403	TEC. MED. XESTIÓN RECURSOS E PROGRAMAS	451.3				8.515,26 €	1	8515,26
11	ORG.AUT. IMD	1109	AXUDANTE I.M.D.	452.2				4.720,65 €	1	4720,65
320	PARTICIPACIÓN CIDADÁ	32003	AUXILIAR	463.1		1.761,60 €	2.821,41 €		1	4583,01
321	SERVIZO ATENCIÓN CIDADÁ (010)	32107	AUXILIAR	463.1		2.129,52 €	2.821,41 €		1	4950,93
321	SERVIZO ATENCIÓN CIDADÁ (010)	32102	TÉCNICO DE XESTIÓN	463.1		2.890,11 €	4.891,83 €		1	7781,94
225	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	22501	TÉCNICO NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	463.3		4.059,78 €	5.766,90 €		1	9826,68
503	XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA	50301	XEFE/A SERVIZO XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA	611.0		3.405,33 €	6.816,81 €		1	10222,14
140	INTERVENCIÓN	14004	XEFE SERVIZO FISCALIZACIÓN	611.0		3.405,33 €	8.805,69 €		1	12211,02
140	INTERVENCIÓN	14015	TÉCNICO ORZAMENTACIÓN	611.0		3.405,33 €	8.805,69 €		1	12211,02
140	INTERVENCIÓN	14011	AUXILIAR	611.0		1.761,60 €	2.821,41 €		2	9166,02
501	ÓRGANO RECLAMACIÓNS ECO/ADMTVAS	50101	PRESIDENTE ORGANO RECLAM. ECO/ADMTVAS	611.0		4.321,56 €	9.339,06 €		1	13660,62
140	INTERVENCIÓN	14014	TITULAR ÓRGANO CONTABILIDADE	611.0		3.405,33 €	12.135,42 €		1	15540,75
502	INSPECCIÓN DE TRIBUTOS	50202	INSPECTOR TRIBUTOS	611.0		3.405,33 €	5.766,90 €		2	18344,46
										816481,92

Segundo.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á materialización das correspondentes transferencias de crédito á partida 121.0.150.00.00 "Produtividade" con cargo ás vacantes de persoal ao abeiro do disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de Execución dos Presupostos Municipais para o presente exercizo económico 2008.

9.- (93).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2008. EXPTE. 101216/140.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 10 de abril de 2008, o interventor xeral, coa conformidade da concelleira de Economía e Facenda, emite o seguinte informe:

"En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Regra 105 da orde EHA 4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2008, regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria. "Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o órgano que teña atribuída a función de contabilidade, remitiralle ó Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación.

A información que se remite corresponde ao primeiro trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables ata o 31 de marzo de 2008.

A información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final."

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Este 1 de xaneiro de 2008 foi a primeira vez que un goberno democrático da cidade de Vigo comezaba o ano cuns orzamentos aprobados en prazo e forma. Dende o primeiro momento este goberno deixou constancia do seu compromiso coa cidade e non quixo esperar nin un só día para poder comezar executar un novo proxecto de cidade onde desaparecía a distinción entre cidadáns de primeira e segunda.

Este goberno quere acadar o obxectivo dunha cidade máis humana e habitable, con máis prestacións sociais, con máis atención no eido educativo, coa potenciación das actividades culturais e deportivas e con unha aposta clara pola xuventude, a igualdade, o medio ambiente e a saúde e quere acadalo xa porque a xente xa non entende de máis atrasos nin demoras.

Non quixemos que a cidade seguise esperando e por iso apostamos por comezar executar uns novos orzamentos dende o primeiro día, algo que non fixo en ningún momento o goberno anterior do Partido Popular e hoxe traemos a este Pleno o resultado destes tres primeiros meses de vixencia deste novo orzamento porque queremos que toda a cidade coñeza o que o goberno está a facer e os resultados destes tres meses pódense comprobar aquí.

Sr. Figueroa, aquí está o traballo da Sra. Abelairas, pódese comprobar o estado de execución de todas e cada unha das partidas no departamento de Vías e Obras. Podo ir unha por unha: Povisa, Calvario, Balaídos, avenida Castelao, Sanjurjo Badía, Esperanto, Mercado de Teis, Suárez Llanos en Bouzas, Travesía do Pino, beirarrúas no rural. No parque de servizos plan cuadrienal de renovación da flota, cuberta, varanda e carteis nos parques infantís, xogos infantís, parques forestais... Así podería ir por todas e cada unha das concellerías pero precisamente quixen traer a da Sra. Abelairas.

Isto son só algúns exemplos pero podería citar moitos máis. Hai uns días inaugurouse o primeiro circuíto biosaudable da cidade; nestes primeiros meses remodeláronse ou ampliáronse ata media ducia de parques infantís e fíxose un parque completamente novo en Rivera Atienza; o programa inglés nas aulas xa está en marcha beneficiando a catro mil rapaces de colexios públicos; limpouse e axardinouse o contorno da Guía, o río Lagares na zona de Muíños reverdecendo a zona e recuperándoa para arborado autóctono para o goce da cidade; puxéronse lava-pes e papeleiras en Samil; puxéronse pulsómetros nos bebedeiros para evitar perdas de auga; estanse a poñer bancos polas rúas de toda a cidade.

O programa de subvencións a entidades deportivas xa está en marcha, igual que o sistema de axudas para libros e comedor escolar ou o programa "Vigo, camiño a camiño" co que gozan cada semana centos de vigueses.

Pero sobre todo a grande aposta deste goberno, todo o programa de investimentos proposto para este ano en humanizacións de rúas, saneamento ou alumeado xa está en marcha. Os proxectos de humanización xa se aprobaron en Xunta de Goberno Local: a humanización do contorno de Balaídos, en Povisa, Calvario, Mercado de Teis, Sanjurjo Badía, Bouzas. Tamén teñen luz verde os proxectos de supresión de barreiras arquitectónicas ou as melloras na rede de saneamento e abastecemento. Estamos a falar de proxectos por valor de dez millóns de euros que

están xa en marcha.

Non esquecemos obras e reformas nos edificios municipais que estiveron completamente abandonados polo goberno anterior. Xa está executado a meirande parte do saldo previsto para reformas no Parque Central, está aprobado o gasto para a flota de vehículos do parque de Bombeiros por valor dun millón de euros; tamén catro millóns de euros para financiar os bono-buses do transporte público.

Estes exemplos son tan só unha pequena proba das actuacións deste goberno nos primeiros meses deste ano. Dan fe do seu compromiso coa cidade, actuacións e non promesas é o que estamos a presentar neste estado de execución do orzamento.

O estado de calquera concellería, calquera partida do orzamento, amosa que este goberno actúa de fronte, cara ós cidadáns, da conta das actuacións feitas e executa o orzamento dentro do marco legal.

O estado de execución do orzamento non fala de fumes nin de falsas promesas. Fala de realidades, de promesas cumpridas, humanizacións, educación, medio ambiente, parques e xardíns, subvencións, cultura, deporte, esa foi a nosa aposta de goberno e en tan só en tres meses é unha realidade.

Ningunha manipulación dos datos feitas por aqueles que non saben perder poderán negar o evidente. Os Grandes proxectos incluídos nos orzamentos deste Concello están xa en marcha e nada nin ninguén poderaos frear. Poderán tapar os ollos, mirar para outro lado pero a realidade é teimuda e os proxectos, as axudas, os programas, as actuacións están aí para que toda a cidade poida gozar deste proxecto de calidade de vida e benestar que queremos para todos os vigueses e viguesas.

SR. FIGUEROA VILA: Vostedes seguen co discurso do ataque ó Partido Popular; nós estamos tranquilos, o de non saber perder, un grupo que ten vinte mil votos menos é difícil que poida dicir iso, ó mellor non saben pactar e chegar a acordos e o que están é tentando manipular unha vez máis.

Vostedes están gobernando porque un grupo deulles o seu apoio, única e exclusivamente pero este grupo quedou a dous mil e pico votos dunha maioría absoluta polo tanto o que lle pedimos é respecto para este grupo e para as persoas que nos votaron. Coido que logo de once meses, se un goberno ten que seguir

acudindo ó discurso de que non sabemos perder, moi mal vai.

Sra. Díaz, se quere saque a Mesa de Contratación para ver cantos expedientes de obra foron. Ningún, esa é a xestión dun goberno e emprázoa a vostede a facer un debate sobre que asuntos foron. Mañá daremos á prensa todas as Mesas de Contratación que fixo este goberno para que miren o que fixeron vostedes; publicidade e propaganda toda pero mesmo manipulando e actuando dun xeito ilegal.

Que marco legal teñen vostedes? Son uns chafalleiros. Miren, teño aquí o Boletín Oficial da Provincia de hoxe, anuncio para a contratación dun programa para a consultoría e asistencia técnica para a Alcaldía e aínda vai na Xunta de Goberno de mañá. Son uns mentireiros, uns manipuladores, están enganando á cidade permanentemente e non só de palabra que xa está ben, senón que en feitos, en papeis, en documentos. Non vou seguir porque só con isto xa se desprestixian vostedes sós.

Sra. Abelairas, póñase as pilas porque é a secretaria da Xunta de Goberno e ten responsabilidade. Se a están degradando non é problema da cidade, estana degradando a súa compañeira e o Sr. Alcalde. Explíquenos isto.

De que xestión falan vostedes? Son uns mentireiros, enganan e fan trampa, nisto e en todos os temas que iremos delatando e descubriendo. Non poden falar de contratación cando á Mesa de Contratación non foi nin un só expediente, todo en papeis coma este. Maxinen que un cidadán hoxe se quere presentar a este concurso que sae no Boletín e está sen aprobar.

Sr. Secretario, pedimos o expediente completo para mirar quen asinou este oficio de remisión ó Boletín Oficial da Provincia porque ten que haber un acordo e isto é unha falsificación de documento público. Que conste en acta e pedimos que en canto remate este Pleno que nolo remita porque eu o vou conseguir no Boletín Oficial da Provincia. Foi un erro publicado no Boletín?

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Parece que seguimos co tema dos votos. Nas municipais os suficientes como para estar nós aquí e vostedes aí pero lémbrolle as últimas eleccións nas que unha senadora que antes era concelleira e que vostede persoalmente criticou, mesmo con alusións persoais, sacou moitos máis votos que as concelleiras que se presentaban polo seu partido. A ver quen é quen perde e

quen gaña.

Fala de xestión. Eu tamén lle fago un reto: quero que mostre neste Plano o estado de execución dos orzamentos do primeiro trimestre do ano 2005, do seu orzamento. E quero isto porque vostedes aprobaron o orzamento o último día de febreiro, polo tanto, que estado de execución mostran en marzo? Cero, nin Xuntas de Goberno Local, nin Mesas de Contratación, nin nada e nós si temos, esa é a diferenza.

O único que poden vostedes presentar de xestión son as factura sen pagar, os remanentes, os dous millóns de euros en publicidade. Tamén lle fago unha pregunta: Por que non presentaron o estado de execución dos orzamentos nos primeiros meses do ano 2007? Estaban gobernando vostedes, tiñan a obriga do presentar no primeiro trimestre e non o fixeron porque ese informe sería un auténtico escándalo porque nos tres primeiros meses compróbase o que dixen eu nada máis chegar.

Quere que lle lea o informe, o que quedaba en todas e cada unha das concellerías? En concellerías que había centos de milleiros de euros quedaban vintedous ou vintetrés. No estado de execución do orzamento aparecían todas as modificacións para incrementar os gastos de publicidade, aparecía que en seis meses gastaron dous millóns de euros en publicidade. Ese sería o seu estado de execución do orzamento e isto é o que vostedes non quixeron levar a Pleno porque entón si que sairían a luz, precisamente en época electoral, todas as mentiras e as falsidades. Con tal de gañar as eleccións municipais vostedes enganaron, mentiron, manipularon e vendéronlle á cidade unha situación que en ningún momento era realidade. Esa foi a súa xestión.

SR. FIGUEROA VILA: Sra. Díaz, o Grupo Popular aínda está esperando as contas da publicidade do Porto de Vigo en Campaña electoral. Se teñen a valentía que nos entreguen as contas do Porto de Vigo durante a campaña. Pedímolo en todos os estamentos e estásenos a negar. Tamén queremos a contratación do persoal que se fixo no Porto de Vigo nos últimos dous anos. Se queren falar do pasado imos facelo, xa lle dixen un día que nós non temos medo en absoluto a falar de nada, facemos o debate.

O noso pasado é seis aparcadoiros que están en marcha e que vostedes están

sacando peito, tres mil novas prazas de aparcadoiros; tres piscinas, saneamento, nove campos de herba sintética, auditorio, trinta millóns de euros no Casco Vello, investimentos en saneamento en toda a cidade, humanizacións por riba dos trinta millóns de euros, imos ver se vostedes son quen do acadar tendo maioría para gobernar. Todo isto fixémoslo cando vostedes nos afogaban, nin un duro da Xunta de Galicia.

Como poden ter a cara de pedir diñeiro doutras administracións cando vostedes, gobernando na Xunta de Galicia, non lle daban nin un só euro ó goberno do PP e á cidade de Vigo. Non só iso, ignorábanos, cando viña un conselleiro tiña que ter a xuntanza coa alcaldesa e logo cos grupos da oposición. Se quere lle poño máis exemplos. Se quere falar do pasado fágao.

O que pasa é que vostede debe ter mala conciencia porque cargarse o Alcalde a unha compañeira, porque é o que foi, e ó día seguinte dicir vostede que había que traballar máis e ir de noite, quere dicir que a Sra. Abelairas non controlaba o servizo de Limpeza nin de Parques e Xardíns? Está na hemeroteca.

Agora ten mala conciencia e o único que fai é defender á Sra. Abelairas, supoño que sabe defenderse soa e coido que bastante ben pero vostede leva todo o Pleno xustificando algo. Non fai falla, nós non pesabamos facer ou dicir algo da Sra. Abelairas, dirémosllo cando o consideremos oportuno pero está claro que vostede a deixou contra as cordas porque fixo declaracións dicindo que o servizo estaba descontrolado e que ía poñer máis flores porque o servizo non funcionaba.

Agora ven aquí sacando un papel das obras. As obras só se executan cando están no expediente administrativo e repito que na Mesa de Contratación a día de hoxe non pasou nin unha soa obra. De qué lle valeu a vostedes aprobar o presuposto a un de xaneiro?

Por suposto que pasaron as subvencións, algunhas, só faltaría que a estas alturas do mes de maio non pasara o expediente do prego de condicións, pasaba ata cos presupostos prorrogados. Nós tivemos que acudir a fórmulas para facer obras nesta cidade porque vostedes, dun xeito intencionado, nolo impedían. Como dicía o Sr. Font, claro que estamos "ata o gorro" porque o único que fixeron durante dez meses é vender a xestión que fixo o Partido Popular e aínda por riba nin nos invitan.

Xestionaron vostedes Pedro Alvarado? Ou a Ponte do Pontillón? Ou a urbanización

de Barreiro? Ou o mobiliario urbano? Fixeron todo, unha xestión magnífica. Ata o de agora.

Non hai máis e por riba nos están a enganar. A publicación que sacaron hoxe coído que é a primeira vez na historia deste Concello. Iso quere dicir que alguén asinou ese documento sen o aprobar. Como se pode concibir que poida ser un erro? Un erro que asinan o secretario, a secretaria e todos? É a desorde e a descoordinación que teñen vostedes, ese é o problema.

Claro que nós tivemos que aprobar o presuposto en febreiro e un único presuposto para catro anos. Gustaríame saber que farían vostedes, como gobernarían esta cidade cun único presuposto.

Falan da oferta de emprego. Vostedes este ano para a Policía levan dez prazas menos, amortizan dez prazas nos presupostos do ano 2008, non enganen á xente, os vinteseis que acaban de entrar son da oferta anterior, non hai nin unha soa de nova creación, o que pasa é que alguén se colga as medallas.

Imos analizar como lles vai dar tempo a vostedes para as cen prazas e as seis mil vivendas protexidas. Cando chegue o momento imos analizar todas esas promesas de campaña electoral.

O Partido Socialista votou en contra da maior parte dos proxectos que agora mesmo están para iniciar. Póñanse de acordo, investimos ou non? Vostedes aínda están demasiado obsesionados co goberno anterior.

Dedíquense a gobernar, a quitar os proxectos adiante. Vostedes nos obrigaron facer todo tipo de comisións, ata para quitar un expediente de vinte millóns de euros. Cantas comisións constituíron vostedes para proxectos ou para poñer en marcha algo? Ningunha. Suprimiron a comisión de Control da Contratación. Se quere lle falo de máis cuestións.

Vostedes falan de transparencia e seguen mentindo permanentemente. Imos seguir traballando nesta dirección e xa anunciamos que se vostedes seguen criticando ó goberno anterior van ter resposta inmediata pola nosa parte. Se queren facer debate do presente e do futuro así o faremos pero non imos calar porque están tentando calumniar todo o anterior. Todo o que fixemos anteriormente ten moito mérito, moito traballo de moita xente, funcionarios, políticos e técnicos porque cun único presuposto sacouse adiante a esta cidade sen ningunha crispación, sen crise e sobre todo sen criticar a ninguén.

Nós adicámonos a traballar ata onde puidemos e buscar a maior número de consensos posibles. Constituímos máis de corenta e pico comisións e vostedes ningunha e as poucas que hai as retiran.

A PRESIDENCIA: Vaia concluindo Sr. Figueroa, por favor.

SR. FIGUEROA VILA: Xa remato pero vostedes non nos van dar leccións absolutamente de nada e irémolo demostrando ós poucos. De momento estamos a ser suaves e tranquilos pero como segan con esta estratexia de confundir e manipular, imos seguir contestando e logo non falen de crispación. Estámolo anunciando publicamente nun Pleno, diante de todos os corporativos, dos medios de comunicación e da veciñanza de Vigo. Non estamos dispostos a soportar nin unha calumnia, nin unha difamación máis e repito que o exemplo e o seu desta fin de semana.

Ten que ser moi vulgar e moi baixo o nivel político de alguén que vai a un colexio cando hai un problema grande nunha estrutura, cos pais e cos nenos, a criticar ó goberno anterior cando ademais é mentira, porque se fose verdade teríamos que o aguantar. Se vostede é quen de mentir niso maxínese o que pode facer nas súas manifestacións. Está mentindo permanentemente mentindo, insultando e calumniando e non llo imos permitir.

Por última vez dicimos que se vostedes queren facer desta cidade un debate positivo de cara ó futuro aquí teñen un grupo de trece concelleiros dispostos a facelo; pero se queren seguir falando de cuestións que son mentira evidentemente nos van encontrar.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, pasou folgadoamente do seu tempo. Por favor, vaia concluindo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Unha vez máis volvemos ante un tema de presente que así se chama o punto da orde do día que estamos a debater: dar conta do estado de execución do orzamento no primeiro trimestre.

Sr. Figueroa, vostede dicía que nos dedicáramos a gobernar. O que hoxe se trae aquí é precisamente iso, é o que este goberno fixo nos catro primeiros meses de

acción de goberno.

Gustaríame que os debates nesta Corporación, tanto por un lado como polo outro, os tres grupos políticos que estamos aquí, se fixeran sobre iso e a oposición ten unha obriga cos cidadáns, con eses sesenta e pico mil votos que recibiron e que respectamos, por suposto. Esa obriga é a de facer oposición, criticar no momento que haxa que o facer, colaborar no seu momento, pero co que está facendo o goberno e aquí unha vez e outra aproveitamos calquera punto da orde do día, teña que non, para falar continuamente do pasado.

Vostede acusa a unha parte de calumniar e vostede tamén está insultando. No momento en que acusa a alguén de calumniar está a chamar mentireiros e vulgares. Espero que todos fagamos un esforzo de nos elevar de verdade dun nivel político que vostede acaba de definir como vulgar porque os sesenta e pico mil votos que apostaron polo Partido Popular estou convencido de que non queren que aquí se faga ese tipo de política.

A ver se dunha vez por todas empezamos a ter clara unha cousa. Os proxectos que fai un goberno ou outro son proxectos da cidade, proxectos de todos que quedan para a mellora da calidade de vida da nosa veciñanza. Coido que faríamos bastante mellor se no canto de estar continuamente poñéndonos medallas de quen fixo unha cousa e outra, porque do que vostede di que fixeron eu, dende o BNG, podería falar moito de quen fixo unha serie de cousas nesta cidade pero non imos entrar porque non queremos colgármonos ningunha medalla.

O máis importante é que hoxe esta cidade ten un goberno que executa un orzamento, que foi quen de traer uns orzamentos no seu tempo e hora e que estamos tentando facelo o mellor posible. Como non me cabe a menor dúbida que tentaron facer vostedes.

Dende o BNG o único que pedimos é que debatamos sobre o que estamos a facer, os proxectos que esta cidade ten, que son moitos e quen van vir nos próximos meses e anos e, por favor, deixemos xa, dunha vez por todas, de utilizar calquera problema na orde do día para volver falar do pasado.

Vostede ten razón, levamos cun novo goberno practicamente dez meses; no que non ten razón é que este goberno non fixera nada, fixo moitas cousas, como fixeron vostedes, por suposto. Pero tamén é certo que este goberno presenta un plan de execución, leva dez anos gobernando esta cidade e vostedes levan dez meses

lembrando única e exclusivamente todo o que segundo vostedes fixeron. Igual que nos pide a nos que gobernemos, pídlle ós señores e señoras do Partido Popular que empezan facer oposición do que se está a facer.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Como secretaria da Xunta de Goberno Local, en primeiro lugar recoñecer ese erro. Non hai en absoluto ningunha falsidade documental, non se poden dicir esas cousas. Sinxelamente quedou pendente para esta Xunta de Goberno e o secretario ven de dicir que foi un erro administrativo enviálo ó Boletín.

Loxicamente nesa bancada saben perfectamente que para que unha obra vaia á Mesa de Contratación primeiro ten que haber a redacción do proxecto, un prego administrativo, un informe xurídico, un informe económico, ten que ir á aprobación da Xunta de Goberno Local e ten que se publicar. Logo é a apertura de plicas na Mesa de Contratación, logo virá o informe de adxudicación, volverá á Mesa de Contratación e á Xunta de Goberno Local, formalizarase o contrato e adxudicación de obras.

Como ve vostede neste folio, os cadriños negros que aparecen corresponden á apertura de plicas e estamos comezando o mes de maio, isto quere dicir que imos en tempo cumprindo con todas as condicións necesarias para sacar unha obra en condicións.

SR. LÓPEZ FONT: Defendo que os funcionarios deste concello se poidan trabucar. Paréceme indigno que se poida criticar un erro administrativo pensando que hai intencionalidade política, coido que hai pouca xente que o faría pero o Sr. Figueroa si.

Non fai falla que a concelleira de Economía e Facenda faga unha alusión a que a Deputación non atendeu a obra de humanización da rúa Coruña para que vostede reabra interminablemente o mesmo debate.

Aínda non nos sentamos neste Pleno tomando posesión e vostede xa estaba chamando mentireiro ó Alcalde polo tanto vostede non ten ningunha autoridade para dicir ós demais o que debemos dicir ou non. Vostede confunde varias cousas e a primeira é que cando nós politicamente dicimos o que fixo o anterior goberno non lles estamos calumniando a vostedes, estamos a dicir o que fixeron.

Obtería sesenta e pico mil votos pero o que teñen que facer vostede e máis o seu grupo é o exercizo diario de merecer ser dignos deses votos e co que acaba de dicir con respecto ó Porto de Vigo novamente é indigno. O Porto de Vigo nunca estivo en campaña electoral, o seu presidente é un máis dun cadro de persoal de trescentos traballadores que merecen neste Pleno e na sociedade viguesa un respecto. O que non se pode facer é acusacións dende o total descoñecemento da legalidade.

Díxenllo nun debate televisivo, porque sei que vostede vai pola presidencia de don Abel Caballero, as contas do Porto do ano 2006 e 2007 están auditadas pola IGAE, siglas de Intervención Xeral da Administración do Estado. Merece ese corpo e merecen os traballadores do Porto o respecto que vostede non lles ten.

Cando fala do Porto o que debería mencionar é todos os intentos, infrutuosos porque non hai ningunha ilegalidade, que está a facer o seu compañeiro de partido no Parlamento de Galicia o Sr. López-Chaves.

Coido que sería bo que se desculpase con todo o cadro de traballadores do Porto de Vigo que teñen un presuposto aprobado en Presupostos Xerais do Estado, está auditado todos os anos e que alguén da Intervención Xeral do Estado asina coa conformidade ou coas alegacións correspondentes. Dígollo porque é un documento público, debería vostede sabelo e ter respecto.

Eu tamén quero dirixirme ós medios de comunicación, o Sr. Alcalde dixo publicamente que non fixo ningunha mención sobre o goberno anterior con respecto ó tema do colexio. Está vostede aproveitando algo que din dunha ou doutra forma os medios de comunicación e aquí vale tanto a súa palabra coma a do Alcalde e o Alcalde xa manifestou que en ningún momento dixo o que vostede quere manipular. Díciallo antes o Sr. Domínguez Olveira, non confunda a crítica política coa difamación. Nunca lles difamamos, criticámoslle politicamente. O insulto de mentir é vostede o primeiro e tamén o permanente á hora do sacar neste Pleno.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

10.- (94).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 74215/210)

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión do 28 de xaneiro de 2008, aprobou inicialmente a ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas na vía pública co texto que se transcribe no indicado acordo.

Durante o prazo sinalado no edito do Concello, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 36 de data 26.03.08, presentáronse as seguintes reclamacións:

- Federación Provincial de Empresarios de Hostalería de Pontevedra (doc. 80036695).
- Federación Provincial de Empresarios de Hostalería de Pontevedra (doc. 80036703).
- Asociación de Comerciantes e Hostaleiros Vigo-Vello (Doc. 80037299).
- Carlos e Teresa Rodríguez Pérez (doc. 80029219).

Con data 16 de abril de 2006, a técnica de administración xeral de Mobilidade, Transportes e Seguridade, emite o seguinte informe-proposta:

I. ANTECEDENTES DE FEITO:

I.1. En sesión ordinaria do 21.01.2008, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas na vía pública.

I.2. Previo ditame favorable da Comisión Informativa de Mobilidade, o Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do 28.01.2008, acordou aprobar inicialmente a ordenanza municipal, abrindo un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

I.3. Publicouse anuncio da aprobación inicial plenaria no BOP nº 36, do 20.02.2008, e na prensa local do 22.02.2008 (Faro de Vigo e máis Atlántico Diario).

I.4. Durante o período de información pública, presentáronse un total de catro alegacións segundo resulta da certificación expedida polo Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local de 09.04.2008.

II. NORMATIVA APLICABLE:

- CE: Constitución Española de 1978.
- LRXPAC: Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- LRBRL: Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- LMMGL: Lei 57/2003, do 16 de decembro, Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- LALGA: Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

- LPAP: Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- TRRL: Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- RSCL: Decreto 17/06/1955, Regulamento de Servizo das Corporacións Locais.
- ROF: Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- RBEL: Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño.
- OFTADPL: ordenanza fiscal do Concello de Vigo reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

III. ALEGACIÓNS PRESENTADAS NO EXPT Nº 74215/210:

ALEGACIÓNS NÚMS. 1/2.

ALEGANTE: Federación de Empresarios de Hostalería de Pontevedra.

DATA DE REXISTRO: 26.03.2008.

Nº DOCS.: 80.036.695 e 80.036.703.

CONTIDO E VALORACIÓN:

- A.- Simplificación dos trámites administrativos na presentación das solicitudes de autorización para ocupación da vía pública mediante terrazas: Presentación das solicitudes a través de medios telemáticos.

Esta demanda da Federación de Empresarios de Hostalería de Pontevedra., “presentación das solicitudes a través de medios telemáticos”, xa ten resposta na LRXPAC 30/1992 onde na súa exposición de motivos destaca a importancia da utilización polas administracións públicas das novas tecnoloxías electrónicas, informáticas e telemáticas e, en tal senso, proclama que a mesma “ábrese decididamente á tecnificación e modernización da actuación administrativa na súa vertente de produción xurídica e á adaptación permanente ao ritmo das innovacións tecnolóxicas”. A Lei 30/1992, nos seus artigos 38.9, 45 e 59.3, insiste na necesidade de utilizar as novas tecnoloxías e proclama, de xeito practicamente idéntico a como o fixera a Real Orde de 1900 en relación cos documentos escritos a máquina, que os documentos telemáticos terán a mesma validez e eficacia que os documentos en soporte papel.

Esta necesidade por introducir o uso das novas tecnoloxías no seo das administracións públicas responde á esixencia constitucional de que a actuación da Administración debe estar presidida polos principios de eficacia e celeridade (art. 103,1 CE). Polo exposto, unha mención expresa na ordenanza municipal á presentación das solicitudes a través de medios telemáticos, reiteraría o disposto na LRXPAC 30/1992, lexislación que ten carácter de normativa básica e que resulta de aplicación no caso.

- B.- Recoñecemento da Federación de Empresarios de Hostalería de Pontevedra como persoa xurídica capacitada para presentar as solicitudes “como entidade colaboradora”.

Esta demanda da Federación xa ten a súa cobertura xurídica no art. 70.1.a) da

LRXPAC 30/1992 onde se establece que as solicitudes de iniciación do procedemento administrativo que se formulen deberán conter, entre outros requisitos, nome e apelidos do interesado e, no seu caso, da persoa que o represente. Partindo desta consideración, o titular do establecemento de hostalería que solicite autorización para un uso común especial do dominio público pode actuar no seu propio nome, ou ben debidamente representado por persoa física ou xurídica.

C.- Con relación á documentación que se ten que presentar xunto coa solicitude de autorización, debería manterse a esixida pola norma segunda do bando da Alcaldía do 07.02.2007.

A nova regulación que establece o art. 4 da ordenanza municipal, aprobada inicialmente por acordo plenario, é froito do consenso coa Concellería de Turismo e máis coa propia Federación alegante (reunión mantida o pasado 01.01.2008). No primeiro borrador do texto da ordenanza que se elaborou no Servizo de Mobilidade, contemplábase que a documentación que debía presentar o interesado xunto coa súa solicitude era moito máis numerosa, esixencia que xa se rebaixou tras escoitar as demandas da Federación.

Polo exposto, a documentación que se contempla no art. 4 da ordenanza en tramitación é a mínima esixible para poder garantir que a colocación de terrazas nas vías públicas respecten o uso común xeral preferente das mesmas, non supoñan un obstáculo para o tránsito peonil nin un prexuízo para a seguridade deste ou do tráfico rodado.

D.- Reducir o prazo de presentación da solicitude de autorización a quince días, así como o período mínimo de ocupación do dominio público.

Considerando que o art. 9.5 RSCL fixa nun mes o prazo para outorgar ou denegar expresamente estas licenzas, non resulta axustado a dereito reducir o prazo de presentación da solicitude de autorización a quince días. Por outra banda, a pretensión da Federación non permitiría respectar os prazos establecidos na LRXPAC 30/1992 para poder tramitar o procedemento legalmente establecido (vid. art. 71 da LRXPAC subsanación e mellora da solicitude, art. 76 cumprimentación de trámites polo interesado, art. 78 realización de actos de instrución, art. 83 evacuación de informes no procedemento).

Así mesmo, establecer en quince días o período mínimo de ocupación do dominio público non resposta ás necesidades reais dos solicitantes cando a práctica demostra que ocupan o dominio público durante un período moi superior a dito prazo. Así mesmo, tampouco resposta aos principios de eficacia e celeridade que deben presidir o actuar da Administración.

E.- Reducir a 5 metros o ancho da beirarrúa para poder instalar a segunda fileira de mesas e cadeiras.

Tal e como pretende a alegante, cun ancho da beirarrúa de 5 metros tan só quedaría un espazo de 0,30 cm. entre as dúas fileiras de mesas destinado ao servizo da terraza polo persoal do establecemento de hostalería. Considérase este

espazo de 0,30 cm. insuficiente para o paso do devandito persoal.

Por outra banda, a nova regulación que establece o art. 12.2.c) da ordenanza municipal, aprobada inicialmente por acordo plenario, é froito do consenso coa Concellería de Turismo e máis coa propia Federación alegante (reunión mantida o pasado 01.01.2008). No primeiro borrador do texto da ordenanza que se elaborou no Servizo de Mobilidade, o ancho da beirarrúa esixible para instalar a segunda fileira fixébase en 6 metros, que xa se reduciron a 5,50 metros tras escoitar as demandas da Federación.

F.- Recoñecer expresamente no texto da ordenanza reguladora da instalación de terrazas na vía pública a posibilidade de solicitar o reembolso das taxas autoliquidadas e aboadas, para o suposto de denegación da autorización.

O réxime xurídico das taxas por aproveitamento especial do dominio público local ten a súa regulamentación específica na Ordenanza Fiscal Municipal nº 30. O seu art. 7.5 xa establece que para o caso de denegarse as autorizacións, procederá a devolución dos importes das taxas ingresadas.

Polo exposto, por razóns de economía procesual e especialidade da norma, non procede reproducir o teor literal do mandato contido no art. 7.5 da ordenanza fiscal nº 30 na ordenanza de terrazas.

G.- Para o suposto de ser denegada a licenza, recoñecer expresamente no texto da ordenanza a obriga de resolver por escrito motivadamente.

Esta demanda da Federación xa ten a súa cobertura xurídica no art. 42 en concordancia cos arts. 43.2 e 54 da LRXPAC 30/1992, onde se establece a obriga para a administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos. Deste xeito, a mención expresa na ordenanza municipal de terrazas á obrigación de resolver, reiteraría o disposto na LRXPAC 30/1992, lexislación que ten carácter de normativa básica e que resulta de aplicación no caso.

H.- Recoñecer expresamente no texto da ordenanza, a posibilidade de empregar aparatos calefactores e marquesiñas desmontables nas terrazas.

O art. 2 da ordenanza define como instalacións autorizables (terrazas), as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasoles, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostalería tal como bar, café-bar, cafetería, restaurante ou similares. Deste xeito, a posibilidade de instalar nas terrazas aparatos calefactores ou marquesiñas desmontables, sempre que se autoricen na resolución do Concelleiro-Delegado, atópase amparada pola expresión "outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables", polo que non procede modificala redacción do articulado.

I.- Con relación ao art. 12.2.d) da ordenanza, aclarar o procedemento a seguir no referente á colocación da terraza nas prazas e zonas peonís.

O art. 12.2.d) establece que nas zonas peonís e prazas, a colocación das mesas

requirirá, en cada caso concreto, un estudo especial, atendendo ao ancho e demais características da rúa ou praza. Por tanto, non parece idóneo modificar a redacción deste apartado por canto resulta tecnicamente complexo concretar as condicións de instalación da terraza e maila ocupación permitida debido ás peculiares características das diversas prazas e zonas peonís que existen dentro do noso termo municipal.

Así mesmo, cómpre modificar “de oficio” a redacción establecida no art. 1.1 da ordenanza do seguinte xeito: “...A presente ordenanza ten por obxecto a regulamentación do réxime xurídico a que debe someterse o aproveitamento de terreos, tanto de dominio público como privados de uso público, dentro do termo municipal de Vigo mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os establecementos de hostalería de carácter permanente...”. Deste xeito queda máis claro para a cidadanía que os terreos privados de uso público se atopan afectados polas disposicións da presente ordenanza.

L.- Fixar un horario de funcionamento das terrazas nas zonas acusticamente saturadas e anticipar o horario de funcionamento das terrazas ás 08:00 horas.

De acordo co disposto no art. 17 TER da ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións, artigo introducido na modificación parcial da ordenanza operada por acordo plenario do 25.02.2008 (BOP nº 69, do 10.04.2008), as zonas que sexan acusticamente declaradas saturadas polo Pleno da Corporación, quedarán suxeitas a un réxime especial de actuacións de carácter temporal, co obxecto de reducir progresivamente os niveis de ruído no ámbito exterior ata acadar os límites permitidos pola devandita ordenanza. Segundo o previsto no art. 17 TER, será o Pleno Municipal quen ao declarar acusticamente saturada unha determinada zona, previa realización das medicións sonométricas preceptivas e emisión de informes técnicos pertinentes, estableza as medidas a aplicar nesa concreta zona, como pode ser a prohibición ou limitación horaria de funcionamento das terrazas que se atopen no ámbito da ZAS.

Polo exposto, excede o ámbito material da ordenanza de terrazas establecer horarios de funcionamento das terrazas que se atopen nas zonas declaradas acusticamente saturadas.

Con relación á demanda de modificar o horario de funcionamento das terrazas establecido no art. 16.1 da ordenanza, anticipando a posta en funcionamento da terraza das 10:00 horas ás 08:00 horas, cabe informar que debido ás reducidas dimensións con que ás veces contan algúns establecementos e a falta de espazo no interior do local para situar as mesas e cadeiras desde a apertura do establecemento principal ata as 10:00 horas, o artigo 16.1 da ordenanza deberá quedar redactado do seguinte xeito:

“O funcionamento das terrazas axustarase ao seguinte horario: 1. O horario de inicio do funcionamento das terrazas será o das nove horas, non obstante, permítese apiñar na rúa (non se autoriza colocar ordenadamente) o mobiliario da terraza desde a apertura do establecemento de hostalería de carácter principal.”

M.- Recoller no texto da ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas na vía pública o importe das taxas a autoliquidar e máis a categoría das rúas.

O réxime xurídico das taxas por aproveitamento especial do dominio público local ten a súa regulamentación específica na ordenanza fiscal municipal número 30. O seu art. 4 xa establece a forma de calcular as cotas tributarias aplicando as tarifas que figuran na ordenanza fiscal atendendo á categoría de rúa sinalada no anexo da ordenanza fiscal xeral do Concello, onde radique o aproveitamento especial.

Polo exposto, por razóns de economía procesual e especialidade da norma, non procede reproducir o teor literal do mandato contido no art. 4 da ordenanza fiscal número 30 na ordenanza de terrazas.

PROPOSTA:

- Estimar parcialmente a alegación presentada o 26.03.2008 pola “Federación de Empresarios de Hostalería de Pontevedra”, cos números de documentos 80.036.695 e 80.036.703, no senso exposto no apartado L) desta proposta, desestimándoa no resto do seu contido.

- Con base no informe-proposta precedente, modificar de oficio a redacción do artigo 1.1 da ordenanza, quedando redactado do seguinte xeito: *“A presente ordenanza ten por obxecto a regulamentación do réxime xurídico a que debe someterse o aproveitamento de terreos, tanto de dominio público como privados de uso público, dentro do termo municipal de Vigo mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os establecementos de hostalería de carácter permanente”.*

ALEGACIÓN NÚM. 3.

ALEGANTE: Dona Milagros Domínguez Fernández, Presidenta da Asociación de Comerciantes Hostaleiros Vigo-Vello.

DATA DE REXISTRO: 27.03.2008.

Nº DOC: 80.037.299

CONTIDO E VALORACIÓN:

A.- Demanda poder instalar unha terceira fileira de mesas e cadeiras nas prazas e zonas peonís.

Os requisitos establecidos no art. 12.2.c) da ordenanza non resultan de aplicación ás prazas e zonas peonís. Nestas, a colocación das mesas requirirá, en cada caso concreto, un estudo especial, atendendo ao ancho e demais características da rúa peonil ou praza.

B.- Anticipar o horario de funcionamento das terrazas ás 09:00 horas.

Con relación a esta demanda de modificar o horario de funcionamento das terrazas

establecido no art. 16.1 da ordenanza, anticipando a posta en funcionamento da terraza das 10:00 horas ás 09:00 horas, cabe informar que debido ás reducidas dimensións con que ás veces contan algúns establecementos e á falta de espazo no interior do local para situar as mesas e cadeiras dende a apertura do establecemento principal ata as 10:00 horas, o artigo 16.1 da ordenanza deberá quedar redactado do seguinte xeito:

“O funcionamento das terrazas axustarase ao seguinte horario: 1. O horario de inicio do funcionamento das terrazas será o das nove horas, non obstante, permítense apiñar na rúa (non se autoriza colocar ordenadamente) o mobiliario da terraza dende a apertura do establecemento de hostalería de carácter principal.”

PROPOSTA:

- Estimar parcialmente a alegación presentada o 27.03.2008 por dona Milagros Domínguez Fernández, presidenta da Asociación de Comerciantes Hostaleiros Vigovello, con número de documento 80.037.299, no senso exposto no apartado B desta proposta, desestimándoa no resto do seu contido.

ALEGACIÓN Nº 4.

ALEGANTE: Don Carlos Rodríguez Pérez e dona Teresa Rodríguez Pérez.

DATA DE REXISTRO: 02.04.2008.

Nº DOC: 80.039.219.

CONTIDO E VALORACIÓN:

A.- A ocupación do dominio público mediante terraza implica unha ampliación da actividade do establecemento de hostalería principal, con modificación da súa licenza de actividade, a tramitar pola Xerencia Municipal de Urbanismo ao abeiro das disposicións do Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, polo que se aprobou o regulamento de Actividades, Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (RAMINP).

Esta alegación debe desestimarse por canto a licenza municipal de actividade non ten por obxecto autorizar os usos comúns especiais do dominio público. Esta licenza urbanística resposta a unha intervención municipal que ten por obxecto verificar que os locais e instalacións dos establecementos industriais e mercantís reúnan as condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade e as que, no seu caso, estiveran dispostas nos plans de urbanismo debidamente aprobados segundo establece o art. 22.2 do RSCL.

B.- Regular na ordenanza de terrazas o consumo de alcohol na vía pública por entender que os usuarios ao consumir na vía pública, aínda que non estea instalada a terraza, "de facto" realizan unha ocupación do dominio público.

Non procede estimar a alegación precedente por canto nese uso do dominio público (o mero consumo de bebidas na rúa) non concorren circunstancias singulares polo que ao se tratar dun uso común xeral do dominio exercerase libremente pola cidadanía de acordo co disposto nos arts. 74, 75 e 76 do RBEL. Así mesmo, deberanse ter en consideración as disposicións previstas na ordenanza municipal

de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións, concretamente o seu art. 16.4 que establece que “os titulares dos establecementos que permitan a consumición das bebidas que expenden fóra do establecemento e dos lugares autorizados, serán considerados responsables, por cooperación necesaria, das molestias que puidesen producir e como tal seralles de aplicación o réxime sancionador desta ordenanza”.

C.- Recoller expresamente no texto da ordenanza de terrazas a prohibición de formar escándalos ou ruídos en horarios nocturnos que molesten á veciñanza.

A ordenanza de terrazas xa alude a esta prohibición nos arts 10.2, 14.5 e 15. Así mesmo, debe traerse a colación, ao resultar de aplicación, a ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións, concretamente o seu art. 23 onde se establecen unha serie de prohibicións durante o horario nocturno, sempre que se superen os límites regulamentariamente sinalados, entre as que cabe destacar “o *ton excesivamente alto da voz humana (cantar, gritar, vociferar,...)*”.

D.- Recoller expresamente no texto da ordenanza de terrazas a imposibilidade de outorgar a licenza de terraza no caso de existir denuncias ou sancións firmes por ruídos ocasionados polo establecemento principal ou pola terraza anexa.

No articulado da ordenanza de terrazas existen diversos preceptos dedicados a salvagardar o descanso veciñal e loitar contra a contaminación acústica que, no seu caso, producen as terrazas. Nesta liña vid. arts. 4.3.a), 10.2, 14.5 e 20.9.

Así mesmo, contamos cunha ordenanza específica, a ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica, que ten por obxectivo protexer ás persoas das agresións producidas pola contaminación acústica nas súas diversas variantes. Non obstante, coa finalidade de garantir, se cabe aínda máis, o dereito constitucional a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa e garantir a súa calidade de vida (art. 45 CE), debe introducirse un suposto máis de causa de denegación da licenza para terraza no teor do art. 12.1 da ordenanza. Polo exposto, o art. 12.1 quedaría redactado do seguinte xeito:

“Condicións xerais:

A colocación de terrazas nas vías públicas deberá, en todo caso, respectar o uso común xeral preferente das mesmas. En consecuencia, non suporán obstáculo para o tránsito peonil nin poderán prexudicar a seguridade deste ou do tráfico rodado.

A autoridade municipal competente denegará a autorización destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

- *Cando se incumpran os requisitos esixidos na presente ordenanza.*
- *Cando se atopen en tramitación expedientes administrativos de disciplina urbanística e/ou contaminación acústica que afecten ao establecemento de hostalería.”*

- E.- Con relación á alegación formulada por don Carlos e dona Teresa Rodríguez Pérez no apartado IV da mesma, sinalar que a redacción do art. 4.4 da ordenanza xa responde á súa demanda.
- F.- Incluír no art. 14.5 da ordenanza a obriga do titular do establecemento de non só “recoller” a terraza co menor ruído posible co obxecto de garantir o descanso da cidadanía, senón tamén de “instalala” nesas mesmas condicións.

Estímase esta alegación pasando a quedar redactado o art. 14.5 do seguinte xeito:

“Fora do horario autorizado para a terraza, o titular da licenza virá obrigado a retirar do exterior a totalidade dos seus elementos, incluíndo as bases dos parasoles. As mesas, cadeiras e parasoles serán recollidos diariamente no interior do local ao que pertenza a terraza ou en local habilitado para tal finalidade polo interesado. Non cabe deixalos na rúa, amontoados e suxeitos con cadeas. A instalación e maila recollida da terraza realizarase co menor ruído posible co obxecto de garantir o descanso da cidadanía”.

PROPOSTA:

- Estimar parcialmente a alegación presentada o 02.04.2008 por don Carlos e dona Teresa Rodríguez Pérez, con número de documento 80.039.219, no senso exposto nos apartados D e F desta proposta, desestimándoa no resto do seu contido.

IV.- MODIFICACIÓNS DE OFICIO:

- A. - Cómpre modificar “de oficio” a redacción establecida no art. 1.1 da Ordenanza , quedando redactado do seguinte xeito:

“...A presente ordenanza ten por obxecto a regulamentación do réxime xurídico a que debe someterse o aproveitamento de terreos, tanto de dominio público como privados de uso público, dentro do termo municipal de Vigo mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os establecementos de hostalería de carácter permanente...”

Así queda máis claro para a cidadanía que os terreos privados de uso público atópanse afectados polas disposicións da presente ordenanza.

- B.- Con relación á posibilidade de que a instalación da terraza rebase a liña de fachada do establecemento principal, na procura dunha mellor comprensión das súas obrigas pola cidadanía, debe modificarse a redacción do art. 12.2.d) da ordenanza, quedando redactado do seguinte xeito:

“...Non obstante, excepcionalmente, previo informe técnico, poderase permitir que a instalación da terraza rebase a liña de fachada do establecemento, pero en calquera caso, o solicitante tamén deberá autoliquidar taxa pola ocupación do espazo anexo e acreditar documentalmente a conformidade das fincas (viviendas e locais comerciais) lindeiros.”

V.- COMPETENCIA MUNICIPAL:

O Excmo. Concello de Vigo debe establecer, vía ordenanza, a regulación do réxime xurídico do aproveitamento de terreos de dominio público e privados de uso público dentro do seu termo municipal mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade principal que desenvolven os establecementos de hostalería de carácter permanente. A estes efectos, enténdense por terrazas, as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasoles, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostalería tal como bar, café-bar, cafetería, restaurante ou similares.

A instalación das terrazas na vía pública constitúe un uso común especial do dominio público. O RBEL 1372/1986 dispón no seu artigo 77.1 que o uso común especial normal dos bens de dominio público suxeitarase a licenza, axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral (vid. arts. 85.2 e 86.2 da LPAP 33/2003).

Co fin de regulamentar o outorgamento deste tipo de licenzas de xeito que sexa compatible a utilización do espazo público para goce e tránsito dos usuarios da vía pública coa ocupación da mesma por parte dos titulares de establecementos de hostalería, apróbese a presente ordenanza municipal na que se adoptan unha serie de medidas tendentes a acadar un equilibrio e distribución equitativa e razoable do dominio público. Así mesmo, procúrase adecuar a estética das instalacións ao contorno dos seus emprazamentos co obxecto de dotar dun atractivo singular ó espazo urbano da nosa cidade.

Considerando que o municipio conforme aos artigos 25.2.b) da LRBRL 7/1985 e 80.2.b) da LALGA 5/1997, posúe competencia en materia de ordenación do tráfico de persoas nas vías urbanas, e coa finalidade da procura dunha mellor calidade de vida da nosa cidadanía (art. 45.2 CE), proponse aprobar a ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas na vía pública, de acordo coa potestade recoñecida ás Corporacións Locais de intervenir na actividade dos cidadáns a través de ordenanzas (artigos 4.1.a, 84.1.a da LRBRL e 5 do RSCL).

Segundo o disposto na LMMGL 57/2003, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a) e ao Pleno Municipal a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d). De acordo co disposto no art. 49 da LRBRL, estase a seguir o seguinte procedemento para a aprobación da ordenanza: aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia dos interesados por un prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, a ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno, publicarase integramente no BOP entrando en vigor na data disposta na disposición final segunda, aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra."

Polo anteriormente exposto, a técnica de administración Xeral de Mobilidade,

Transportes e Seguridade emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 21 de abril de 2008, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Supoño que moitos dos presentes entenderán a santa paciencia que teño que ter para non facer referencia a moitas das alusións que houbo nos puntos anteriores da orde do día, pero como me aburre solemnemente escoitar mentiras descaradas, o único que vou dicir sobre este tema é que vou facer recompilación das actas dos Plenos da Corporación anterior para que quede absolutamente claro cal foi a postura en moitos dos temas que quitaron os Sres. representantes da oposición hoxe e por aquel entón goberno, que nos últimos meses do seu goberno tiña unha febre adxudicataria que todos os medios de comunicación lembran perfectamente e saben cal foi a posición deste concelleiro que tiña a responsabilidade de ser voceiro do Grupo municipal Socialista. Fareino así para que, dunha vez por todas, con escritos branco sobre negro, queden absolutamente claras as barbaridades que están vostedes a dicir sobre a miña posición respecto ó multa-móbil, mobiliario, aparcadoiros, etc. que son absolutas e totais falsidades.

Pero imos falar da ordenanza que nos ocupa. En primeiro lugar salienta que para poñer en marcha esta ordenanza houbo un total consenso coas organizacións representantes, fundamentalmente coa Federación de Empresarios de Hostalería, o presidente da Asociación de Comerciantes de Vigo Vello, etc. Tamén houbo un total acordo coas concellerías que están implicadas por parte do goberno nesta importante figura que vai regular o funcionamento da vía pública para as terrazas.

O primeiro que convén salienta é que con esta ordenanza se supera a figura do bando, por certo bastante impresentable, utilizado polo anterior goberno que non resultaba axustado a dereito para regular esta actividade, pois neste caso trátase de ordenar unha actividade de carácter xeral e vocación de permanencia cal é a ocupación da vía pública por medio de terrazas axeitadas esteticamente que permitan o lecer da cidadanía, facéndoo compatible co goce da mobilidade dos usuarios desa vía pública.

Unha actividade deste tipo permanente todos os anos require ese marco legal da

ordenanza que é o que está a poñer enriba da mesa este goberno.

Como xa estamos na aprobación definitiva salientar que as alegacións presentadas foron atendidas nos puntos que se entendía que non estaban xa contemplados no texto da ordenanza ou noutra regulación legal de superior categoría e polo tanto de obrigado cumprimento. Nese sentido comentar a máis importante das modificacións que responde a unha alegación da Federación de Empresarios de Hostalería e da Asociación de Comerciantes de Vigo Vello, atendendo fundamentalmente á importante presenza de turistas con motivo da autoridade portuaria que en moitas ocasións teñen que poñer en funcionamento ás súas terrazas antes da dez horas que é a hora marcada polo texto orixinal da ordenanza. Esa alegación está atendida e as terrazas poderanse poñer en funcionamento a partir das nove.

Atendendo a outra problemática que teñen moitos establecementos pequenos de hostalería, de gardar ese mobiliario urbano de mesas e cadeiras dentro do seu establecemento, tamén se facilita que se poidan sacar unha hora antes, ás oito da mañá, aínda que non montar as terrazas ata as nove, para que dentro do establecemento poidan atender ós seus clientes. Ese punto está aceptado.

Tamén engadimos algunha alegación feita por particulares como é recoller no texto da ordenanza a imposibilidade de outorgar a licenza de terraza no caso de denuncias ou sancións firmes por ruídos ocasionados polo establecemento principal ou pola terraza anexa. Parece obvio que a preocupación medio-ambiental e polo tema dos ruídos aconsella que se inclúa esa condición como requisito previo para poder obter a autorización.

Aínda que se podía entender que xa estaba na súa redacción orixinal, tamén se apunta que a instalación e maila recollida da terraza realizarase co menor ruído posible co obxecto de garantir o descanso da cidadanía. Xa figuraba a recollida da terraza, enténdese que incluír a instalación é algo absolutamente razoable.

Así mesmo fixemos unha modificación de oficio a efectos de que se entenda que esta regulamentación afecta non só a terreos de dominio público senón a espazos privados de uso público, como por exemplo os que existen debaixo dalgunhas estruturas con pórticos existentes na cidade que obviamente van estar reguladas aínda que, na medida que é espazo privado, non teñan que pagar as taxas correspondentes.

Destas alegacións, moitas delas xa acordadas previamente, recóllese o que

entendemos fundamental e o que cómpre agora é que, unha vez que se publique no Boletín Oficial da Provincia e pasen os quince días correspondentes, tratar de facer que a Policía Local, que por suposto está ben informada e formada sobre o contido desta ordenanza, poida poñer unha pouca de orde no que ata o de agora foi unha absoluta desorde.

Estou absolutamente convencido de que con esta ordenanza imos ter un gran paso adiante para o goce de todos os cidadáns mellorando a calidade de vida e superando situacións nas que este tema estaba funcionando rematadamente mal. Vai haber unha campaña exhaustiva, en primeiro lugar de información a todos os establecementos que teñen que cumprir as obrigas regulamentadas na ordenanza e a partir daí esperemos que estas terrazas sexan ben acollidas e recibidas por todos.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sorpréndeme o Sr. Calviño cando di que ten consensuado previamente este regulamento. Maxino que se refire a antes do presentar por primeira vez porque en xaneiro deste ano, cando se presentou este regulamento, facendo referencia expresa ó que aparece na acta o Sr. Calviño dicía que presentaba unha ordenanza co consenso total cos representantes dos empresarios da hostalería a través da súa federación.

O Partido Popular no mes de xaneiro abstívose porque realmente cría que se podería mellorar este texto en dous aspectos. En primeiro lugar atendendo dun xeito peculiar a casuística do Casco Vello e en segundo en adaptar o horario da apertura das terrazas.

Pois ben, hai tres meses o Sr. Calviño acusou ó Partido Popular, segundo palabras textuais que aparecen na acta do Pleno, de facer catastrofismo, de non querer apoiar nin aportar co seu voto ningunha iniciativa. Tres meses máis tarde ven aquí precisamente cambiando o artigo 1.1., 12.2.d e o artigo 16 que falan da apertura das terrazas e é xusto o que o Partido Popular no seu día lle propoñía porque nos chegaran referencias e tiñamos o sentir do sector de que eses temas se poderían mellorar.

Hoxe agradezo que tivera en conta esa casuística específica pero o que se pon de manifesto é que ese consenso total en xaneiro non existía e era así porque o concelleiro de Mobilidade e Seguridade non o quixo. Se houbera consenso total a

Federación non presentaría as súas alegacións o día 26 de marzo con máis de dez puntos, o mesmo a asociación do Casco Vello e algúns veciños.

Ó Sr. Calviño cústalle crer, porque iso é o que el non soubo facer cando gobernaba o Partido Popular, que dende un grupo de oposición, tal como dixo o Sr. Domínguez Olveira hai uns minutos, segundo eses sesenta e seis mil votos que obtivemos, temos a obriga de facer oposición, criticar e colaborar co que está a facer o goberno.

Precisamente iso foi o que quixo facer o Partido Popular en xaneiro e vostede non quixo aceptar esas suxestións, esas aportacións do Partido Popular que hoxe, tres meses máis tarde, ven aquí rectificando eses puntos que propoñía o Partido Popular en xaneiro. Se o tivera feito agora evitabamos ter que volver a unha aprobación definitiva e xa estaría aprobado o texto con esas incorporacións porque, aínda que non incorporan todo o que se pedía na alegación, si que o fan cos dous puntos que nos parecían fundamentais como era respectar a casuística do Casco Vello e o horario que pasa de dez a nove da mañá e ademais se autoriza ós comerciantes a que teñan cadeiras e mesas fóra dende que abren, da a oportunidade de mellorar o servizo da hostalería e que, tanto para os propios traballadores do sector da hostalería como para os turistas e cidadáns de Vigo, teñan un servizo de maior calidade que era o que pretendía o Partido Popular en xaneiro, gústelle ou non o recoñecer.

Por isto aconsellaría ó Sr. Calviño que cando o Partido Popular lle faga algunha achega a un regulamento que polo menos escoite, atenda e que non utilice un discurso demagóxico como fai habitualmente de catastrofismo, de non apoio, porque os feitos, as actas están aquí e pódese comprobar como ó final vostede ten que nos dar a razón.

O Partido Popular, como no seu día anunciou que se abstiña porque cría que era un regulamento mellorable, agora cremos que con estes cambios que xa advertíramos se mellora e por tanto imos votar a favor polo ben dos cidadáns.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Gracias Sra. Molares, sobre todo polo seu voto favorable. Cando intervín no Pleno anterior que era a aprobación provisional e dixen que existía un consenso absoluto coa Federación de Empresarios de Hostalería, era absolutamente certo.

Vostede ten no expediente un escrito feito o 13 de decembro que foi o que utilizaron posteriormente para facer a primeira alegación por parte da Federación e verá vostede nese texto que está no expediente doce alegacións da dita federación que en ningunha delas ven incluído o tema do horario. Ou ben estaban noutro tipo de regulamentos de carácter de obriga e polo tanto superior a unha ordenanza, ou practicamente todas estiveron con absoluto consenso.

O feito de que naqueles días houbera algún problema con algunha terraza en concreto, o feito de que por parte da Asociación de Comerciantes do Casco Vello houbera interese polo que apuntei anteriormente de atender ós turistas máis cedo pola mañá, foi o que fixo que posteriormente houbera esta petición por parte da Federación.

Como evidentemente estamos para resolver problemas e non os crear, estamos para que as cousas funcionen ben, atendermos esta alegación como xa expuxen.

A outra da que vostede fala de facer un estudo axeitado para o Casco Vello non é necesario, como está perfectamente contemplado na resposta ás alegacións, porque xa estaba perfectamente claro e é un dos grandes valores desta ordenanza que cando exista algunha rúa peonil ou praza será necesario un estudo especial axeitado precisamente para ampliar a posibilidade dese uso das terrazas asegurando a calidade estética e o seu axuste ó contorno arquitectónico.

Iso xa estaba contemplado, non é ningunha modificación. Estaba recollido porque entendemos que é unha situación que vai favorecer a toda a cidadanía que nesas zonas peonís poida existir unha maior utilización de solo público para esta actividade que pode ser especialmente interesante.

O máis positivo da ordenanza é fundamentalmente que a partir de agora rematarase co absurdo que se estivo a vivir durante os últimos anos, como é que estivéramos regulamentados por un bando que entre outras cousas falaba dun expediente sancionador cando non se cumprira algún dos seus aspectos, ese expediente sancionador liquidaría polo importe das sancións que procedan e á hora de ver cales eran esas sancións e onde estaban tipificadas non aparecían por ningunha parte de xeito que non se podía en absoluto sancionar, entre outras cousas porque un bando non pode establecer unha sanción como a que teoricamente se formulaba aí.

O que é mesmamente de pasmo é que nun punto anterior e vou ler o artigo

exactamente porque calquera que o lea non pode entender como había empresarios de hostalería que cumpriran con ese bando cando en realidade esta redacción permitía que aquilo fora pouco menos que un acto de cidadanía absolutamente exemplar: "As terrazas que se extralimiten na ocupación dos metros cadrados solicitados, liquidados ou autorizados, poderán ser sancionadas co pagamento do importe correspondente ós metros cadrados que superen ós autorizados, tendo ademais que retirar axiña as mesas colocadas de máis".

É dicir, se lles sanciona xusto con algo que acabarían pagando o mesmo que se o solicitara legalmente. Realmente era unha invitación a que non se cumprira o bando, pouco menos que dicir que se lle toca o pandote xa o pagará. Isto é o que está a solucionar esta ordenanza cun total consenso cos sectores afectados. É obviamente un paso adiante e non me estraña que vostedes voten a favor porque vai ser unha das mellores ordenanzas que vai haber neste país para regular esta actividade.

(No momento da votación está ausente a Sra. Iglesias Bueno).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito, acórdase:

Primeiro.- Con base no informe-proposta da técnica da administración Xeral da Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade do 16 de abril, transcrito na parte expositiva deste acordo, estimar parcialmente, no sentido indicado no mesmo, as alegacións presentadas durante o trámite de información pública pola Federación de Empresarios de Hostalería de Pontevedra cos números de documentos 80.036.695 e 80.036.703, por dona Milagros Domínguez Fernández, presidenta da Asociación de Comerciantes Hostaleiros Vigo-Vello, con número de documento 80.037.299, e por don Carlos e dona Teresa Rodríguez Pérez, con número de documento 80.039.219.

Segundo.- Desestimar as devanditas alegacións no resto dos seus contidos.

Terceiro.- Con base no informe-proposta da técnica da administración xeral da Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade transcrito na parte expositiva deste acordo, modificar de oficio a redacción dos artigos 1.1 e 12.2.d) da ordenanza reguladora da instalación das terrazas na vía pública.

Cuarto.- Aprobar definitivamente a ordenanza municipal de reguladora da instalación de terrazas na vía pública (exp. nº 74215/210), co texto que se transcribe ao final deste acordo, no que se incorporan as correccións derivadas da estimación parcial das alegacións presentadas e as propostas de oficio.

Quinto.- Ao abeiro do disposto nos artigos 70.2 Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e 196.2 do ROF (RD 2568/1986), publicar este acordo e o texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, entrando en vigor aos quince días hábiles da súa publicación.

Sexto.- Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, 107.3, 109 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, podéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da súa impugnación indirecta, conforme cos artigos 26 e 27 da LRX-PAC, e da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DAS TERRAZAS NA VÍA PÚBLICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A instalación de mesas e cadeiras na vía pública constitúe un uso común especial do dominio público.

O Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, dispón no seu artigo 77.1, que o uso común especial normal dos bens de dominio público suxeitarase a licenza, axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral. O artigo 9.7.b do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955, e mailo artigo 44.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, aplican a estas licenzas a doutrina do silencio negativo, o que implica que o petionario da licenza non ostenta un dereito preexistente á súa obtención.

Co fin de regular o outorgamento deste tipo de licenzas de xeito que sexa compatible a utilización do espazo público para goce e tránsito dos usuarios da vía pública coa ocupación da mesma por parte dos titulares de establecementos de hostalería, apróbase a presente ordenanza na que se adoptan unha serie de medidas tendentes a buscar un equilibrio e distribución equitativa e razoable do dominio público. Así mesmo, procúrase adecuar a estética das instalacións ao contorno dos seus emprazamentos co obxecto de dotar dun atractivo singular o espazo urbano da nosa cidade.

TÍTULO I OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto

1.- A presente ordenanza ten por obxecto a regulamentación do réxime xurídico a que debe someterse o aproveitamento de terreos, tanto de dominio público como privados de uso público, dentro do termo municipal de Vigo mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os establecementos de hostalería de carácter permanente.

2.- Esta ordenanza non será de aplicación aos actos de ocupación do dominio público de carácter hostaleiro que se realicen con motivo da celebración das festas patronais, feiras e festexos populares, os que se rexerán polas súas normas específicas.

3.- Non son obxecto desta ordenanza a instalación de quioscos ou instalacións permanentes en espazos exteriores de dominio público municipal. Ditas ocupacións suxeitaranse á previa concesión administrativa.

Artigo 2. Instalacións autorizables.

Aos efectos desta ordenanza, entenderase por terrazas as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasoles, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostalería tal como bar, café-bar, cafetería, restaurante o similares.

TÍTULO II RÉXIME XURÍDICO

Artigo 3. Autorizacións.

1.- A implantación destas instalacións require a previa obtención de licenza municipal nos termos previstos nesta ordenanza e na normativa sectorial aplicable. Prohíbese a instalación de terrazas na vía pública sen licenza municipal. Todas as licenzas outorgaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de

terceiros, entendéndose concedidas en precario. O exercizo da actividade desenvolverase a risco e ventura dos interesados.

2.- O petionario da licenza non ostenta un dereito preexistente á súa obtención, polo que nin a presentación da solicitude de autorización de ocupación de vía pública nin o pagamento das taxas correspondentes, autorizan ao interesado para instalar a terraza.

3.- A instalación de terrazas sen a preceptiva autorización ou sen se axustar ás condicións da licenza, dará lugar a inmediata orde de retirada que, de non ser executada voluntariamente polo interesado, executarase subsidiariamente polo Concello, a custo do obrigado, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer.

Artigo 4. Solicitudes, Autoliquidacións.

1.- Poderán solicitar licenza para este tipo de ocupacións, os titulares de licenzas de actividade-apertura dos establecementos de hostalería que linden co espazo exterior que se pretende ocupar, sempre que a actividade se desenvolva de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que regulan a mesma.

2.- As solicitudes-autoliquidacións, que se presentarán cun mes, como mínimo, de antelación á data de instalación que se interesa, deberán formularse no impreso normalizado establecido ao efecto, debendo especificar os datos persoais, nome comercial do establecemento e licenza de actividade do mesmo, ámbito temporal da instalación, dimensións da terraza, ancho da beirarrúa libre para peóns, número de cadeiras, mesas, toldos, parasoles e demais elementos decorativos.

3.- De se tratar da primeira instalación, a solicitude-autoliquidación acompañarase necesariamente da seguinte documentación:

3.a) Fotocopia compulsada da licenza de actividade-apertura do establecemento de hostalería. A licenza deberá estar en vigor e non atoparse incurso en expedientes de disciplina urbanística e contaminación acústica que afecten ao devandito establecemento.

3.b) Documento que acredite non ter débedas pendentes coa Facenda Municipal.

3.c) Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai realizar e do mobiliario que se pretende instalar. Deberá expresar o número de mesas e cadeiras a instalar e a superficie de m² a ocupar. Achegarase unha fotografía do mobiliario e da fachada do establecemento.

3.d) Plano de situación da terraza, no que se reflecta a superficie a ocupar, a lonxitude da fachada do establecemento, ancho da beirarrúa, distancias ás esquinas, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, pasos de vehículos, así como todos os elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.

4.- No caso dunha instalación xa autorizada en períodos anteriores, non será necesario presentar a documentación esixida no apartado anterior.

O interesado fará constar na súa solicitude-autoliquidación o feito de non ter débedas pendentes coa facenda municipal e máis a circunstancia de ter realizado

instalación de terraza en período anterior, indicando o número de expediente e a data da licenza de ocupación de dominio público, sinalando que se mantén o mesmo titular, a mesma actividade e as mesmas condicións da instalación da terraza.

Artigo 5. Período impositivo.

1.- Os aproveitamentos obxecto da presente ordenanza estarán suxeitos ao pagamento das correspondentes taxas establecidas na ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial do dominio público local.

2.- Os períodos impositivos establécense na devandita ordenanza fiscal. No momento de facer a autoliquidación, os interesados especificarán o período impositivo polo que optan e para o que desexan obter autorización. En todo caso, os períodos impositivos serán períodos naturais completos.

3.- Cando o interesado desexe continuar coa instalación da terraza autorizada, deberá presentar unha nova solicitude, como mínimo, cun mes de antelación á expiración da licenza de ocupación, logo do pagamento das novas taxas.

Artigo 6. Forma de efectuar a autoliquidación da taxa.

1.- Por regra xeral, para o cálculo dos metros cadrados, considerarase que unha mesa e catro cadeiras dun modelo estándar común ocupan unha superficie de 3,06 metros cadrados (1,75 mts. x 1,75 mts.). O número de metros cadrados máximos autorizables, que haberá que autoliquidar, virá determinado polos metros liñais de fachada do establecemento de hostalería multiplicados por 1,75 metros, o que determinará o número de mesas que se poderán instalar.

2.- Unicamente nas beirarrúas de ancho igual ou superior a 5,50 metros permitirase unha dobre fileira de mesas debendo deixarse, en todo caso, 1,20 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes. Os interesados que desexen instalar esta dobre fila, aos efectos da autoliquidación da taxa, para obter o número de metros cadrados máximos autorizables, multiplicarán por tres os metros liñais de fachada do establecemento de hostalería.

Artigo 7. Tramitación.

O procedemento iniciarase mediante solicitude-autoliquidación, en impreso normalizado que conterá, ao menos, os datos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRX-PAC), ao que se achegará, no seu caso, a documentación prevista no artigo 4 da presente ordenanza, que se presentará no rexistro xeral do Concello de Vigo, sen prexuízo do disposto nos artigos 38.4 e 38.9 da Lei LRX-PAC. Así mesmo, poderanse crear rexistros telemáticos para a recepción e saída de solicitudes, escritos e comunicacións.

Os servizos municipais disporán dun prazo de dez días para examinar a solicitude e a documentación aportada e, no seu caso, requirirán ao interesado para que emende a falta ou achegue a documentación preceptiva, con indicación de que se

non o fixera, teráselle por desistido da súa petición, arquivándose sen máis trámite, cos efectos previstos no artigo 42.1 da LRX-PAC.

Unha vez completada a documentación, emitirase informe técnico e xurídico que finalizará con proposta nalgún dos seguintes contidos: denegación ou outorgamento da licenza de ocupación-terraza.

Artigo 8. Obriga de resolver.

1.- O órgano competente para a concesión da licenza é o Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue. Sen prexuízo da obriga de resolver, a non contestación do pedimento no prazo dun mes, implicará a súa desestimación tácita a efectos da interposición dos correspondentes recursos.

2.- A concesión ou denegación das licenzas efectuarase en función do cumprimento dos requisitos previstos na presente ordenanza, das características da vía ou terreo onde se pretende a instalación e das circunstancias obxectivas en cada caso concorrentes e constatadas nos informes que a eses efectos se soliciten. No caso de se denegar a licenza procederase á devolución da taxa autoliquidada.

Artigo 9. Supostos de transmisibilidade e subrogación.

1.- A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostalería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

2.- As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e o novo titular comuniquen dita circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular de acordo co disposto no artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

3.- No caso de falecemento do titular da licenza subrogaranse na mesma os seus herdeiros, sempre que se manteña a licenza para a actividade do establecemento principal e a terraza. Dita subrogación deberá ser solicitada ante o Concello, aportando o interesado a documentación que acredite a súa condición de herdeiro e xustificando o cambio de titularidade da licenza de actividade do establecemento principal.

Artigo 10. Suspensión e revogación da autorización.

1.- Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, festexos populares, situacións de emerxencia ou calquera outras, a autorización municipal quedará sen efecto ata que desaparezan ditas circunstancias, sen que xere dereito a indemnización ningunha.

2.- Cando xurdan circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización, así

como de implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, ou se produzan danos no dominio público, a Administración concedente mediante resolución motivada poderá revogar a licenza concedida sen dereito a indemnización ningunha. Igual facultade alcanzará no caso de que da actividade autorizada se deriven molestias graves para o tráfico peonil, se produzan queixas ou reclamacións por parte dos veciños debidamente acreditadas ou denuncias da Policía Local por molestias de ruídos e por perturbación do descanso nocturno.

Artigo 11. Vixencia das autorizacións.

A vixencia das autorizacións de ocupación que se concedan corresponderase co período de funcionamento autorizado.

TÍTULO III DAS INSTALACIÓNS

Artigo 12. Condicións de situación.

As instalacións, deberán cumprir as seguintes condicións:

1.- Condicións xerais:

A colocación de terrazas nas vías públicas deberá en todo caso respectar o uso común xeral preferente das mesmas. En consecuencia, non suporán obstáculo para o tránsito peonil nin poderán prexudicar a seguridade deste ou do tráfico rodado.

A autoridade municipal competente denegará a autorización destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

- Cando se incumpran os requisitos esixidos na presente ordenanza.
- Cando a instalación se pretenda realizar en calzada ou zona de aparcamento de vehículos.
- Cando supoña un prexuízo para a seguridade vial (diminución da visibilidade, distracción para o condutor, etc.) ou dificulte sensiblemente o tráfico dos peóns.
- Cando poida incidir na seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- Cando supoña para a súa atención atravesar a calzada.
- Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, cabinas telefónicas, etc.).
- Cando se instalen en xardíns públicos ou comunitarios.
- Cando resulte inadecuada ou discordante co seu contorno, por exemplo, menoscabando o interese de edificios públicos ou espazos públicos ou de carácter histórico-artístico.
- Cando se atopen en tramitación expedientes administrativos de disciplina urbanística e/ou contaminación acústica que afecten ao establecemento de hostalería.

2.- Características das beirarrúas e ocupación permitida:

2.a. Será requisito indispensable para autorizar a instalación da terraza que a beirarrúa na que se instale teña un ancho mínimo de 2,50 metros e que se deixe, ao menos, un espazo de 1,20 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

2.b. Nas beirarrúas de ancho igual ou superior a 2,50 metros e inferior a 3 metros, tan só se permitirán dúas cadeiras por mesa, debendo colocarse a mesa apegada á liña da fachada do establecemento principal e as cadeiras enfrontadas, co fin de que quede, ao menos, un espazo de 1,20 metros libres de obstáculos para o tránsito dos peóns.

2.c. Unicamente nas beirarrúas de ancho igual ou superior a 5,50 metros, permitirase unha dobre fileira de mesas debendo deixarse, en todo caso, 1,20 metros libres de obstáculos para o tránsito dos peóns. Así mesmo, entre as dúas fileiras de mesas deixarase un paso para servir as mesmas de 0,80 cm.

2.d. Como regra xeral, a instalación da terraza realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinan, sen superala en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais lindeiros. En principio, poden instalarse as mesas na totalidade do ancho da fachada do establecemento de hostalería se outras circunstancias (paso de peóns, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, bocas de rego, hidrantes, rexistros dos distintos servizos, respiradoiros dos aparcamentos subterráneos, etc) non o impiden.

Exceptúanse desta esixencia, as zonas peonís e prazas, onde a colocación das mesas requirirá, en cada caso concreto, un estudo especial, atendendo ao ancho e demais características da rúa ou praza, se ben non se poderá instalar a terraza durante o horario en que estea permitida a circulación de vehículos para carga e descarga.

Non obstante, excepcionalmente, previo informe técnico, poderase permitir que a instalación da terraza rebase a liña de fachada do establecemento, pero en calquera caso, o solicitante tamén deberá autoliquidar taxa pola ocupación do espazo anexo e a acreditar documentalmente a conformidade das fincas (vivendas e locais comerciais) lindantes.

2.e. As ocupacións a que se refire esta ordenanza non se poderán autorizar cando o establecemento e a terraza estean separados por calzada de rodaxe de vehículos.

Artigo 13. Mobiliario.

1.- O mobiliario utilizado nestas instalacións deberá ser acorde coas características urbanas da zona onde se sitúe, quedando expresamente prohibida calquera tipo de publicidade en mesas, cadeiras, parasoles ou similares. A estes efectos, non se considerará publicidade a inserción do nome comercial do establecemento no mobiliario, manteis ou outros elementos da terraza.

2.- Mediante a publicación do correspondente bando, o Concello poderá esixir que

o mobiliario se axuste a determinadas características estéticas e de uniformidade entre os diversos establecementos, en consonancia coa realidade arquitectónica do contorno. Ditas características poderán ser esixidas tanto ás novas instalacións como ás xa autorizadas.

3.- O material do mobiliario que ocupe o espazo acoutado (mesas, cadeiras, etc.) deberá ser de boa calidade, discreto, hixiénico, sen arestas nin saíntes e con certo estilo e deseño. Acéptase o emprego de materiais tales como madeira, aluminio ou enreixado plástico, que xa existen no mercado para mobles de xardinería. Non poderán colocarse cores charramangueiros ou rechamantes. En todo caso, o Concello supervisará e autorizará o mobiliario a instalar na terraza.

4.- En caso de instalar parasoles, deberanse suxeitar mediante una base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento e non supoña perigo para os usuarios e viandantes. En ningún caso poderán fixarse no pavimento mediante ancoraxes. Tanto o voo como o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasoles unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar aos peóns.

TÍTULO IV OBRIGAS E PROHIBICIÓNS

Artigo 14. Obrigas.

Os titulares das licenzas de terrazas quedarán obrigados especialmente a cumprir o seguinte:

- 1.- Cumprir as condicións impostas polo Concello na autorización concedida.
2. Cingirse estritamente á zona autorizada sen a superar por ningún concepto, evitando que os clientes o fagan. Deixarase expedito o acceso a edificios, vivendas, vaos de vehículos e locais comerciais.
3. Manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.
4. Colocar en sitio visible mediante un marco axeitado ou funda de plástico, o permiso correspondente para que poida ser visto e consultado pola Policía Local dende a rúa, sen necesidade de esixir a súa exhibición. A autorización deberá estar adherida á porta ou ao escaparate do establecemento.
5. Fora do horario autorizado para a terraza, o titular da licenza virá obrigado a retirar do exterior a totalidade dos seus elementos, incluíndo as bases dos parasoles. As mesas, cadeiras e parasoles serán recollidos diariamente no interior do local ao que pertenza a terraza ou en local habilitado para tal finalidade polo interesado. Non cabe deixalos na rúa, amontoados e suxeitos con cadeas. A instalación e maila recollida da terraza realizarase co menor ruído posible co obxecto de garantir o descanso da cidadanía.

6.- Corresponde ao titular da licenza a limpeza da superficie ocupada. En todo caso, o espazo ocupado pola terraza deberá quedar limpo todas as noites trala retirada da terraza.

7. Unha vez retirada a terraza, se resultase afectado o pavimento pola instalación, o titular da licenza será responsable dos danos causados, debendo repoñer as cousas ao seu estado inicial, nun prazo máximo de sete días hábiles. Igualmente serán responsables dos danos ocasionados ás persoas ou ás cousas con motivo da instalación ou retirada da terraza.

Artigo 15. Prohibicións.

1.- Por razóns de estética, decoro e hixiene, non se permitirá almacenar ou apiñar produtos, caixas de bebidas e outros materiais xunto as terrazas, así como tampouco residuos propios das instalacións.

2.- Non se permitirá a instalación de mostradores e outros elementos para o servizo da terraza no exterior desta, que deberá ser atendida desde o propio establecemento.

3. Non se permitirá a instalación e uso nas terrazas de aparatos audiovisuais, equipos de música, amplificadores e outros elementos que produzan emisións acústicas de calquera tipo.

4.- Prohíbese instalar nas terrazas billares, "futbolines", máquinas recreativas, máquinas expendedoras de produtos ou instalacións análogas.

Artigo 16. Horarios.

O funcionamento das terrazas axustarase ao seguinte horario:

1.- O horario de inicio do funcionamento das terrazas será o das nove horas, non obstante, permítese apiñar na rúa (non se autoriza colocar ordenadamente) o mobiliario da terraza desde a apertura do establecemento de hostalería de carácter principal.

2.- O horario de peche será:

- En días laborais e festivos ás 00:00 horas.
- En sábados e vésperas de festivos 01:30 horas.

3.- Durante o período comprendido entre o 1 de maio e 31 de setembro, os establecementos poderán ampliar o seu horario de terraza ata as 02:00 horas, excepto os sábados e vésperas de festivos que se poderá ampliar ata as 02:30 horas.

4.- O horario de funcionamento das terrazas nas zonas que sexan declaradas acusticamente saturadas polo Pleno da Corporación será o establecido no acordo plenario aprobado ao efecto.

TÍTULO V RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 17. Inspección.

Corresponde aos axentes da Policía Local e aos inspectores municipais a inspección do cumprimento do disposto na presente ordenanza.

Artigo 18. Potestade sancionadora.

As infraccións a esta ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, previa instrución do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedemento regulados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se regula o procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Artigo 19. Infraccións.

Constitúen infraccións a esta ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o disposto nela, que se clasifican en leves, graves e moi graves.

Artigo 20. Infraccións leves.

Considéranse infraccións leves:

1. O incumprimento da obriga de colocar en sitio visible, adherida á porta ou ao escaparate do establecemento, mediante un marco axeitado ou funda de plástico, o permiso/distintivo correspondente para que poida ser visto e consultado pola Policía Local dende a rúa, sen necesidade de esixir a súa exhibición.
- 2.- Ocupar coa terraza maior superficie que a autorizada na licenza.
- 3.- O incumprimento da obriga de manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.
- 4.- O deterioro leve nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou lindeiros ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
- 5.- O incumprimento da obriga de retirar do exterior a totalidade dos elementos da terraza ao finalizar o horario autorizado.
- 6.- O incumprimento do disposto nos apartados 3) e 4) do artigo 13 desta ordenanza.
- 7.- Almacenar ou apiñar produtos, caixas de bebidas e outros materiais xunto as terrazas, así como residuos propios das instalacións.
8. Instalar mostradores e outros elementos no exterior da terraza para o servizo desta.
- 9.- Instalar e usar nas terrazas aparatos audiovisuais, equipos de música, amplificadores e outros elementos que produzan emisións acústicas de calquera tipo.
- 10.- Instalar nas terrazas billares, "futbolines", máquinas recreativas, máquinas

expendedoras de produtos ou instalacións análogas.

- 11.- O incumprimento do horario de funcionamento das terrazas establecido no artigo 16.
12. As infraccións que non teñan o carácter de graves ou moi graves.

Artigo 21. Infraccións graves.

Considéranse infraccións graves:

- 1.- A instalación dunha terraza carecendo da preceptiva licenza municipal.
2. A negativa ou obstrución ao labor inspectora, como sería negarse a facilitar, cando sexa requirida polos inspectores ou axentes da Autoridade, a licenza da instalación autorizada.
- 3.- Cando a instalación da terraza supoña un prexuízo para a seguridade vial (diminución da visibilidade, distracción para o condutor, etc...) ou dificulte sensiblemente o tráfico dos peóns.
- 4.- Cando a terraza se instale en xardíns públicos ou comunitarios.
- 5.- Cando a instalación poida incidir na seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
6. Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, cabinas telefónicas, etc).
7. O deterioro grave nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou lindeiros ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
- 8.- A reincidencia por dos veces, pola comisión no termo de 1 ano, de infraccións leves da mesma natureza.

Artigo 22. Infraccións moi graves.

Considéranse infraccións moi graves:

- 1.- A ocultación, manipulación ou falsidade dos datos consignados na solicitude ou da documentación anexa aportada en orde á obtención da correspondente autorización.
- 2.- Cando a instalación se realice en calzada ou zona de aparcamento de vehículos.
- 3.- A reincidencia por dos veces, pola comisión no termo de 1 ano, de infraccións graves da mesma natureza.

Artigo 23. Sancións.

1.- As infraccións á ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

- As leves, con multa de ata 600 €.
- As graves, con multa de 601 a 1.200 € que poderá acompañarse da clausura temporal da terraza por un espazo de tempo non superior a un mes.
- As moi graves, con multa de 1.201 a 2.000 € que poderá acompañarse da retirada da licenza da terraza con carácter definitivo.

2. Na imposición das sancións, deberase gardar a debida adecuación entre a

gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada, debéndose seguir para a graduación da sanción a aplicar os seguintes criterios:

- A gravidade da infracción.
- O prexuízo causado.
- O beneficio obtido.
- A reiteración.
- As circunstancias do responsable.
- A reincidencia, pola comisión no termo de 1 ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se declarase por resolución firme.
- A intencionalidade.

Artigo 24. Prescrición.

1.- As infraccións leves prescriben aos 6 meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos 3 anos.

2.- As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

3.- O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese e o das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Disposición transitoria única.

As licenzas concedidas con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza deberán axustarse ao disposto nela no prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor.

Disposición derogatoria única.

Queda expresamente derogado o bando da Alcaldía do 7 de febreiro de 2007.

Disposición final primeira.

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ao desta ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma, determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da Ordenanza.

Disposición final segunda.

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

11.- (95).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A REALIZACIÓN DUN PLAN SANITARIO NA PARROQUIA DE CABRAL E NOUTRAS ZONAS QUE O POIDAN SOLICITAR.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2008, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Sagarra, formula a seguinte moción:

"Nos últimos días atopámonos en plena polémica pola praga de cascudas nas beirarrúas do primeiro tramo da céntrica rúa Nicaragua, que ocupaban parte do firme dando un aspecto nada atractivo, con decenas de cascudas, tanto mortas como vivas e paseando ás súas anchas. Todo por unha praga denunciada polos veciños e comerciantes, reflectida nos medios de comunicación e que levou á Brigada de Desinfección do Concello a fumigar no que foi o primeiro paso dun plan de limpeza que se retomará proximamente.

Por outra banda desde o Concello, fontes municipais recordan que o próximo 5 de maio comezarán coa campaña xeral de desratización en todo o municipio, que inclúe accións para acabar cos roedores e estes molestos insectos.

Desde o Grupo Popular constatamos como noutras zonas do municipio, concretamente na Parroquia de Cabral na Rúa dá Becerreira así como en Fontiñas de Abaixo sofren as consecuencias hixiénico sanitarias da presenza de cascudas, pero tamén e con maior preocupación de ratas, sendo estes animais como sabemos focos de infección.

De feito os veciños téñense queixado e manifestado en diferentes ocasións a través do número de información municipal 010 para pedir actuacións desde o servizo de desinfección, fronte a presenza masiva destes animais cuxo foco está fundamentalmente na rede de sumidoiros e que ata chegan a entrar nas súas casas.

Sen embargo non recibiron desde o Concello a atención que os veciños se merecen, chegando mesmo a recibir respostas evasivas, nas que se lles insta a eles mesmos a proceder á desinfección.

Por esta razón e aproveitando esa campaña xeral de desratización que indican as

fontes municipais que comezará nunhas semanas, desde o Grupo Municipal do Partido Popular entendemos que o Concello debe atender a demanda dos veciños de Cabral.

Por todo o exposto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que se realice un plan sanitario de desinfección e desratización da zona en cuestión, sendo esta a rúa dá Becerreira e a de Fontiñas de Abaixo e arredores, ambas na Parroquia de Cabral, e en todas aquelas zonas que así o soliciten aproveitando a campaña xeral que comezará proximamente en todo o municipio."

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 21 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Presentamos esta moción con respecto a unha serie de problemas hixiénico sanitarios que detectamos nalgúns zonas e que comezaron hai unha semana por unha invasión de cascudas na rúa Nicaragua; houbo unha actuación por parte da brigada de desinfección do Concello e logo de aparecer a denuncia dos cidadáns nos medios de comunicación.

Pola miña banda visitei outras zonas de Vigo e concretamente na parroquia de Cabral detectamos bastantes problemas logo de falar con moitos veciños. Podo dar nomes, podería falar de Félix, Celia, Miguel Neira, Filiberto, Emilio, María Dolores, etc., mesmo podería dar os seus DNIs se fai falla.

Estes veciños transmitíronnos os problemas desas zonas concretas. Podería falar dunha zona ampla de Cabral pero referinme só ás rúas de Becerreiras e de Fontiñas de Abaixo pero é extensible a outras zonas da mesma parroquia. Estes cidadáns queixáronse en repetidas ocasións ó 010 pero o que é sorprendente é que apareza nos medios de comunicación que "Aseguran en Medio Ambiente que non se tiña coñecemento da presenza de cascudas ou ratos en Cabral" e sorpréndelles sabelo a través da oposición.

Iso é o que máis me sorprende a min, que vostedes se sorprendan de que nós fagamos o noso traballo correctamente.

Tamén miramos que hoxe mesmo comentáronme un problema de cascudas denunciado en García Barbón e outras zonas co problema de ratos como pode ser Matamá.

Non se trata de polemizar nin de provocar alarma social pero si que se atendan as

demandas dos cidadáns correctamente, que se lles escoite e que finalmente se actúe, sobre todo aproveitando que o próximo día 5 de maio, segundo din os medios, comeza unha campaña xeral de desratización en todo o municipio e o que reclamamos é que nas zonas onde máis se pide este servizo se actúe correctamente e se dea solución ós problemas.

SRA. LAGO REY: Nos antecedentes fala vostede de praga; fálase de infestacións non de praga. Defínolle o que é unha praga: praga debe entenderse nunha situación na que un animal produce danos económicos, normalmente físicos, ós intereses das persoas, saúde, plantas cultivadas, animais domésticos, materiais ou medios naturais. A brigada de desinfección do Concello tenas totalmente localizadas.

Na nosa cidade temos infestacións ocasionais de cascudas pero esperemos que nunca chegue o extremo de seren unha praga. Temos entre dez e doce puntos na cidade que de cando en vez manifestan unha infestación. Neses puntos hai dúas ou tres tapas de sumidoiros, cun total de trinta ou corenta tapas en toda a cidade das dezaioito mil que hai.

A brigada de desinfección deste Concello tenas ben localizadas e trátaas, aparecen os días de máis calor. Vostede non descubriu nada e a prensa tampouco. O xeito de traballar desta brigada é a través das chamadas e solicitudes que os cidadáns fan a este Concello, non a través da prensa. O normal é que se alguén sabe dalgunha infestación é que lles chame a eles porque non van ir os periodistas coas cámaras a matar ás cascudas.

Afortunadamente chegaron eles antes e o parte está aquí. Chegaron o día 14 e non o 18 ou 19 cando chegou vostede e os periodistas. Se saíron as cascudas á rúa foi porque xa se aplicara o correspondente tratamento. Chegaron o mesmo día en que tiveron coñecemento que xa apareceran, había unha infestación media-alta, aplicaron o seu tratamento, volveron a revisión o día 15 en que a infestación xa era baixa; volveron o día 16 en que aplicaron sinxelamente prevención; volveron o día 18 e o día 19.

Ve vostede como a brigada de desratización deste Concello se decata? Claro que si, quen non se decata é vostede a quen ademais lle fan unha petición de que lles acompañe para que logo fale do que coñece e non ó revés.

Fala tamén da parroquia de Cabral. A brigada fixo actuacións o 19 de novembro de

2007, o 12 de febreiro de 2008 e o 8 de abril nos contedores da rúa Becerreira. Tres actuacións nos últimos catro meses.

As queixas e peticións que se fixeron ó 010 foron atendidas ó 100%. Non hai ningunha xestión que fixera a brigada de desinfección atendida polo 010. Atenderon a todas.

Di vostedes que deron respostas evasivas nas que se lles insta ós mesmos veciños a proceder á desinfección. Non é certo. A brigada atende a todas as chamadas, se algún veciño ten na súa propiedade particular un foco o que ten que facer é cubrir un impreso e pagar as taxas municipais ou ben contratar unha empresa privada.

Insisto en que descoñece como traballa esta brigada que pola súa banda lle convidan a que lles acompañe para que logo fale con coñecemento.

En Fontaiña número 100 a propietaria ten un problema no interior da súa vivenda. Se quere que se proceda á desratización ten que facer como os demais cidadáns, cubrir un impreso e pagar as taxas correspondentes e non hai máis.

O plan hixiénico sanitario de toda a cidade que vai comezar o próximo día 5 de maio como xa saben, comprende totalmente todas as rúas, parroquias, barrios, río Lagares, afluentes, beirarrúas e zonas de espallamento. Ademais, como se acostuma cada ano, un representante elixido por cada asociación acompaña á brigada por se hai algún punto concreto no que queiran incidir.

Nesta moción piden que se inclúan as rúas Becerreira, Fontiñas de Abaixo en Cabral que forman parte do conxunto de rúas desta cidade. No plan, por definición, xa se contemplan. Está a pedir que se inclúa algo que xa está incluído.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Sorpréndeme bastante e non quería entrar en tanto detalle pero vostede me obriga, primeiro por falar de aspectos técnicos coma é o concepto de praga, logo di que as ten totalmente localizadas. Pois se é así elimíneas cun plan de desratización, iso é o que ten que facer e deixarse de andrómenas.

Logo bota a rifa ós medios de comunicación, ós técnicos da brigada de desinfección deste Concello. E por riba enfádase porque falamos de temas actuais porque isto si que é un problema actual que manifestaron os veciños e como lle dixen antes teño moitos datos deles con nomes e DNIs. Chamaron en repetidas ocasións ó 010 e primeiro déronlles longas e lles vou poñer un caso moi gráfico agora mesmo porque

vostede me obriga, eu só viña manifestar un problema que teñen os veciños sen acusar de nada a ninguén. Nun momento dado vostede pode non ser consciente dun problema porque non o detectou, non pasa nada pero me obriga a entrar máis en detalle.

Concretamente dona María Dolores Villar Campos da rúa Becerreira 15-B, é un exemplo porque teño outros. Esta señora chamou en repetidas ocasións ó 010, non lle fixeron nin caso, tivo que facer un tratamento e gastar máis de 50 euros, logo tivo que volver chamar en repetidas ocasión ó 010 ata que lle dixeron que se buscara a vida. Posteriormente tivo que pagar un tratamento do que teño aquí a factura de 30 euros que lle pagaron ó Concello por uns ratos que efectivamente atoparon a *posteriori* porque vostedes interviseis logo de que eu presentara a moción. Quen non se decata é vostede.

O xoves pasado, logo de que esta señora fixera os seus gastos para un tratamento de desinfección na súa propia casa e arredores. Sra. Lago, as ratas, sen ánimo de polemizar, veñen da zona da rede de sumidoiros, a rede de saneamento público pertencente ó Concello de Vigo e pagan os seus impostos como toda a demais veciñanza de Vigo, polo tanto o que teñen que facer é atender ás súas demandas.

Non só a esta señora senón que tamén a outros lles invadiron, déronlles longas e tiveron que facer o seu propio tratamento, gastar máis de 50 euros. Logo recorreron ó Concello para que lles desinfectara pagando tamén unha factura que podo mostrar ós medios e logo de eu presentar esta moción, o xoves pasado volveron atenderlle dende o Concello, retiraron dous animais mortos logo do tratamento que puxera ela mesma pagando.

Non pode vir aquí a nos contar historias de que as teñen marcadas, botar as culpas a todo o mundo, ós medios de comunicación, ós técnicos do Concello. Teña o máximo respecto polos técnicos.

Non tiña intención da criticar a vostede, é un problema que detectamos pero coido que a malinforman mesmo dende o seu propio goberno e iso é o que máis lamento; estiveron en Cabral o Sr. Alcalde e algún outro compañeiro que lle puideron informar deses problemas. Non lla informan porque ó mellor non interesa, síntoo por vostede porque ó mellor non é culpa de seu.

Prégolle por favor que sinxelamente aprobe a moción. Non hai nada malintencionado, hai uns problemas. Nós si fixemos o noso traballo, eu

particularmente fíxeno, percorrín moitos sitios de Vigo e dende logo nesta zona é un problema real polo tanto pido que a aproben.

A PRESIDENCIA: Só por clarexar, xamais estiven en Cabral para tratar deste tema, ninguén me informou nunca desta cuestión.

SRA. LAGO REY: Sr. Sagarra, non ten vostede a categoría para ofender. Eu non lle faltei ó respecto aquí a ninguén. O 010 respostou ás chamadas e eu non lle critiquei en ningún momento, nin ós periodistas tampouco, en ningún momento quixen ofenderlles.

Non é forma de actuar que vostede poña unha moción porque a brigada o que fai é atender ás chamadas. Como quere que o saiban, pola prensa?

Non se colgue medallas porque non foi gracias a vostede aínda que podería ser, por qué non, que se atenderon ás cascudas na zona de Cabral, vostede chegou logo. Xa dixen que estiveron os días 14, 15, 16, 18 e 19. O mérito non foi de seu que foi da brigada de desratización deste Concello e máis do Laboratorio e é algo do que podemos estar moi orgulloso porque repito que responden ó cen por cen a todas as denuncias e chamadas que se fan, ninguén queda desatendido.

Os veciños que teñen algún problema na súa propia vivenda teñen que cubrir un impreso solicitando ó servizo a este Concello e pagar as taxas correspondentes como fan todos os demais veciños. Por exemplo o ano pasado gobernaban vostede e cobrábanse as taxas.

Fixéronse 208 desinsectacións, desinfeccións 24, desratizacións 240, isto a nivel privado. Municipais e non suxeitas a taxas 3.320 desinsectacións, desinfeccións 1.250, desratizacións cincuenta e tres mil cebos colocados, recollidas de aves 84 e serpes unha. Sempre funcionou así. Cando as ratas están en propiedades privadas págaas o propietario porque as ratas métese ou nacen ou crían naqueles sitios onde están cómodas, como poden ser as rúas ou fincas privadas mal coidadas ou onde hai animais e atopan comida. Non entenden de propiedades municipais ou privadas.

O que corresponde ó municipio aténdeo a brigada e se os propietarios queren chaman, cobren e pagan e se non as empresas privadas.

Coido que está bastante claro.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Eu non a ataquei, non tentei ofendela en ningún momento. Se vostede se ofende póñase "*tiritas*", que quere que lle diga.

Insisto con respecto ó 010 que hai moitas chamadas dos veciños, lin os nomes e dinlle algún DNI e polo tanto coido que a situación está clara. Se as ten controladas, por qué ocorren estas cousas?

Se entran nas súas propiedades é porque veñen de afora, da rede de saneamento que é pública polo tanto o que se pide é que se lle dea algunha solución.

Eu non teño ningún mérito, non trato de me poñer ningunha medalla, sinxelamente fago o meu traballo, se lle amola síntoo moito pero seguiremos facéndoo, só adíquese a xestionar ben.

Teño unha conclusión nesta moción: que en definitiva só cando nós facemos o noso traballo se atenden ás demandas e ós problemas reais dos cidadáns polo tanto dende aquí animo e fago unha petición pública a todos os vigueses e viguesas a que cando teñan un problema chamen a quen llo pode solucionar, non dende o punto de vista da xestión pero si que van atender ás súas demandas que é o Grupo Popular.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo do Partido Popular, Sr. González Sagarra, instando a realización dun plan sanitario na parroquia de Cabral e noutras zonas que o poidan solicitar, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (96).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE INSTAR Á CONSELLERÍA DA VIVENDA

A SUSPENSIÓN DA APLICACIÓN DO DECRETO 262/2007, COÑECIDO COMO "DECRETO DO HÁBITAT".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2008, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

"O Decreto 262/07 do 20 de decembro coñecido como Decreto do Hábitat, máis alá de traer o consenso na nosa comunidade trouxo a división, o enfrontamento e o que ó noso xuízo é máis grave o intervencionismo da administración autonómica de xeito moi grave na iniciativa privada.

Os colectivos sociais e profesionais mostráronse en contra da norma, así como a propia Federación Galega de Municipios e Provincias que ten recorrido a norma ante os tribunais de Xustiza. Dende o Partido Popular de Vigo entendemos que é necesario o máximo consenso na aplicación das normas e un menor intervencionismo por parte das administracións e do mesmo modo entendemos que a pesar do pronunciamento da FEGAMP é necesario o pronunciamento da cidade máis importante de Galicia en contra da inmediata aplicación da norma sen o necesario consenso.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Instar á Consellería de Vivenda a fin de que proceda á suspensión da aplicación do Decreto 262/2007 ata ó menos se alcance o consenso dos diferentes axentes, e que ó efecto de ser necesario se aproben as modificacións legislativas necesarias para que opere con total normalidade a devandita data."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Traemos a este Pleno unha cuestión de bastante actualidade, coido que vai saír aprobada a moción visto que os representantes do Partido Socialista non actúan como o pasado venres e están na sala, co que maximo que nun exercizo de coherencia política van apoiala. A política debe servir para solucionar os problemas da cidadanía e non para os crear e neste caso asistimos a crear problemas onde existía un consenso previo.

O tema do decreto do hábitat está bastante manido pero me gustaría facer uns cantos apuntamentos.

Foi unha norma que nace froito da falla de consenso entre administracións, o que

xa é un problema bastante grave. Ás xuntanzas ás que se convocaron ós distintos sectores, á Federación Galega de Municipios e Provincias non se lle chamou nin nunha soa ocasión polo que non se puido escoitar o parecer dos municipios nun tema de tanta importancia, daí que a propia Federación anunciara perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia un recurso contencioso-administrativo contra o decreto cuxa paralización solicitamos na nosa moción.

Por outro lado é unha norma intervencionista porque está quitando fóra da actividade puramente privada á propia administración. Un exemplo é que antes de que entrase en vigor esta norma se visaron 15.000 solicitudes de licenza precisamente para evitar a súa aplicación.

Por outra banda é un reflexo das loitas que existen dentro do bipartito da Xunta de Galicia. Un exemplo: ata hoxe eu pensaba que un goberno, cando toma unha decisión, faino de común acordo, a decisión é do goberno e non dun dos membros dese goberno e que o resto se desmarque; pois no tema desta norma enfrontámonos á aparición do Dr. Jekyll e Mr. Hyde que é o Sr. Touriño. Por unha banda o Sr. Touriño, nunhas declaracións en prensa, destacou que a Consellería de Vivenda cre neste decreto, está a dicir que non é o goberno quen cre nel, o que nos parece bastante grave. Lembrou que o seu obxectivo é mellorar a calidade de vida dos cidadáns.

Dende o noso grupo entendemos que se tenta confundir á cidadanía comparando calidade con superficie; o tamaño non é o único parámetro indicativo da calidade da vivenda. Vaise encarecer o prezo da vivenda ó menos o 30%. A paralización do planeamento de Galicia en moitos casos está aí, así o denunciaron os alcaldes e así se está mirando.

Como agora xa non se nos pode acusar de seren pouco patriotas como fixo o vicepresidente Solbes no seu día, podemos dicir que o desemprego no último ano no sector da construción subiu máis dun 13%, que a vivenda se encarecerá máis dun 30%, que o endebedamento das familias subiu nun 15%, que o número de vivendas hipotecadas no último ano caeu nun 26% e dende logo que esta norma non vai contribuír a mellorar a situación da economía.

Así o recoñece o propio presidente Touriño que en rolda posterior ó Consello da Xunta de Galicia do día 10 de abril considerou prudente que a Consellería de Vivenda revisase o ritmo de aplicación do decreto e tivese en conta a situación da

economía para que non perturbe o máis mínimo a capacidade de reacción do sector perante a desaceleración existente.

Por todo isto entendemos que, á marxe de que a propia FEGAMP anunciase o recurso contencioso-administrativo contra este decreto, dada a importancia da nosa cidade debemos instar á Consellería a fin de que proceda á suspensión da aplicación deste decreto e que se deixe sen efecto ata que se acade un acordo entre todos os sectores afectados.

SR. MARIÑO MENDOZA: As normas do hábitat galego fórmulanse dende a perspectiva de mellorar as condicións de habitabilidade das vivendas e do seu ámbito inmediato, tanto se son espazos públicos como privados. Este loable obxectivo global da mellora das condicións de deseño, calidade, funcionalidade das vivendas, en canto supoña mellora das condicións de vida dos cidadáns considerámolo altamente positivo.

A iniciativa da Consellería da Vivenda está plenamente xustificada, incide sobre o benestar das persoas, eleva os mínimos de calidade das vivendas. A administración debe e ten que intervir, non pode deixalo exclusivamente nas leis de mercado. O mercado levounos á especulación, vivendas máis caras, máis pequenas e de baixa calidade, á ausencia de vivenda protexida, á mocidade hipotecada corenta anos.

A vivenda como dereito constitucional deixou de estar ó alcance da maioría para se converter nun ben de investimento para clases asentadas que fomentase a existencia de vivendas baleiras.

Por este motivo é polo que non podemos votar a favor desta moción. Si é certo que se debeu buscar maior consenso, maior diálogo coa FEGAMP e co resto dos axentes. A FEGAMP presentou alegacións no seu momento; lamentablemente estas alegacións, a pesar dos reiterados chamamentos ó diálogo feitos pola FEGAMP, asociación que representa a todos os concellos de Galicia, non se tiveron en conta nin existiu por parte da Consellería da Vivenda a receptividade esperada.

Por iso pedimos máis diálogo coa FEGAMP e cos colectivos afectados que expresaron a necesidade de aclaracións e cuantificacións para corrixir defectos de forma e interpretación da norma.

Nestes momentos lle corresponde ó comité asesor de habitabilidade, no que está representada a propia Consellería, a FEGAMP, o Colexio de Arquitectos, o FEPROGA,

Promotores de Galicia, o Consello Galego de Consumidores e Usuarios, ten como obxectivo facilitar a implantación no conxunto da comunidade autónoma de forma homoxénea, o asesoramento e a interpretación das normas que permitan canalizar a posta en marcha do decreto, así como faceren o seguimento da súa correcta aplicación.

Agora será este comité a quen lle toque traballar e quen aclare, cuantifique, parametrize as inconcrecións e as indeterminacións existentes facéndoas públicas o máis cedo posible para que non se xere un clima de inseguridade e incerteza no sector, pero en ningún caso a paralización deste decreto é a solución ó problema existente. A administración debe e ten que intervir.

Vostede falaba de que se presentaron moitas licenzas antes da entrada da norma; é obvio, a xente o que non quere é que os seus proxectos estean xusto na metade da norma e o que vostedes propoñen é que todos estes proxectos que se están a entregar estes días nos concellos queden fóra de uso ó se anular o decreto.

Considero que a solución ó problema existe, a administración debe e ten que intervir.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O outro día nunha entrevista a conselleira de Vivenda dicía o que vou ler textualmente porque estou totalmente de acordo: "Coa polémica destes días cada quen quedou retratado ante a sociedade galega". Efectivamente.

Con toda esta polémica que está xurdindo polo decreto do hábitat a verdade coido que a sociedade galega ten unha radiografía exacta de onde está cada quen. Quero dicir isto porque os señores do Partido Popular e algúns alcaldes, mesmo do Partido Socialista, coido que quedan retratados.

Estáselle tentando negar a todo o conxunto da sociedade galega, sobre todo a un colectivo moi importante de persoas que por non ter os medios necesarios ou tan grandes que poidan ter outras persoas, o que estas persoas estou seguro que teñen nas súas vivendas.

Con este decreto do hábitat non se crearon problemas. Existía consenso pero, de que parte da sociedade existía a través do decreto da habitabilidade do ano 92 que é o que estaba en vigor? Onde estaba o consenso? Estaba naqueles grupos de presión que durante o ano 92 e ata estes días especularon claramente co prezo da

vivenda de protección e co prezo da vivenda a nivel xeral.

É moi curioso que dende o Partido Popular se nos diga agora que se vai encarecer a vivenda nun 30%. Miren vostedes, dende a entrada en vigor deste decreto de habitabilidade no ano 92, na última década incrementouse o prezo da vivenda en Galicia un 300% sen que iso supuxera, nin moito menos, un incremento da calidade nestas vivendas. Tratouse sinxela e claramente dun incremento especulativo que non repercutiu nos cidadáns galegos e galegas, evidentemente repercutiu nas arcas de construtores, promotores, etc.

Naquel intre, gobernando o Partido Popular e diante dese grande incremento da vivenda no noso país, non houbo ningunha voz de preocupación dese partido, nin sequera unha soa medida correctora dese incremento. E isto porque o incremento da vivenda non se produce proporcionalmente co incremento do tamaño; prodúcese fundamentalmente no prezo do solo e precisamente para evitaren ese encarecemento hai que facer políticas dende as administración que incidan no prezo do solo. Políticas como se veñen facendo nos últimos anos por parte da Consellería de Vivenda.

O que un cidadán ten ou temos nas nosas casas estanllo negando ó resto da cidadanía.

Imos falar do decreto. Falar deste decreto que tanta polémica trae é falar de que a superficie mínima pase de 26 m² a 40 m² para vivendas dun dormitorio. Pregúntolles a todos vostedes se estarían dispostos a vivir nunha vivenda de 26 m²; preguntarlles cal é a superficie dos seus pisos ou casas actualmente.

Falar deste decreto é dicir que se incrementen todas as estancias, que haxa unha maior calidade dos patios interiores, que haxa corredores amplos, portas amplas para que as persoas con mobilidade reducida tamén podan exercer o dereito que lles da a Constitución Española, unha Constitución que loxicamente moitos defenden e que garante o dereito a unha vivenda digna para todos os cidadáns. Diso é do que trata este decreto do hábitat: garantir que os galegos e galegas teñan dereito a unha vivenda digna e que sexa alcanzable a través duns prezos taxados.

Agora xa acabou o incremento especulativo do prezo da vivenda como se ven demostrando nos últimos anos e nos datos que vostedes poden corroborar. Acabou o prezo especulativo, acabaron os sobrepazos que moitos construtores de vivenda

de protección estaban infrinxindo diante dos propietarios e vaise a un novo modelo de intervención, porque as administracións teñen que intervir e sobre todo cando se trate precisamente de servizos tan importantes e tan vitais para a calidade de vida como é a vivenda.

Outros, señores do Partido Popular, mentres as vivendas se incrementaban no noso país, mentres cada vez eran menos os mozos, as parellas mozas que podían acceder a unha vivenda, vostedes miraban para outro lado e permitían que seguira existindo ese incremento especulativo porque repito que nin unha soa medida para intervir sobre o solo que é aí onde se pode facer política para abaratar o custo dunha vivenda como sempre sen ten demostrado nestes últimos anos.

Non é verdade que o espazo nunha vivenda non é igual á calidade, vostede sábeo. O espazo non garante a calidade por iso hai que intervir e por iso este decreto tamén intervén nas calidades interiores das vivendas, nos espazos que as circundan, etc. Claro que o espazo non é a proba definitiva da calidade pero se empeza sempre por aí porque se vostede ten que elixir entre unha vivenda de 26 m² ou unha de 100 m² e é accesible ó seu poder adquisitivo, contésteme vostede con que vivenda se queda, coa de 26 ou coa de 100.

Iso e non outra cousa é o que se marca no decreto do hábitat, que aquelas persoas que se poden achegar a unha vivenda de protección o fagan nas mellores condicións e con calidade de vida. Iso é o que pretende este decreto.

A polémica evidentemente é porque ós construtores, ós promotores ímoslle esixir que o que antes eran ganancias especulativas, agora repercutan na calidade das vivendas. Vostede debería saber e supoño que sabe que cando se intervén en política urbanística, cando se fala das cargas urbanísticas, podemos facer urbanizacións que sexan moi baratas, que sexan para un beneficio do promotor e que logo non se contemplan os espazos verdes, nin as humanizacións, nin os viais necesarios.

Unha boa política urbanística é aquela que os beneficios os grava para que poida haber calidade de vida en torno a esas construcións e isto é o que fai o decreto do hábitat: conseguir que Galicia por unha vez estea na avanzada do estado español. Producíanme risa unhas declaracións dun destacado membro do Partido Popular, cando no decreto do hábitat se contempla unha maior altura nesas vivendas, porque iso tamén é calidade, dicía se é que os galegos iamos ser máis altos que o

resto do Estado porque no resto do Estado non había esa medida. Prodúceme risa e tristeza porque iso é tanto como dicir que Galicia non pode estar por unha vez na avanzada do Estado español.

Estamos convencidos de que detrás destas aplicacións da Xunta de Galicia, detrás do decreto do hábitat, van vir outros territorios que van copiar estas pedidas correctoras, tempo ó tempo.

Fálasenos tamén de competencias, de intromisións, de falta de diálogo, de non atender as alegacións da FEGAMP, non atender esas suxestións. Ó BNG cando menos nos produce unha certa estrañeza cando se ven de aprobar a Lei do litoral que ten moitísimo que ver co desenvolvemento urbanístico dunha cidade, cos plans xerais de ordenación municipal. Que diálogo houbo nesa Lei? Que consenso? Cando moitos alcaldes, tamén do partido Socialista estaban pedindo diálogo e consenso en torno á Lei do litoral. Por que agora se fala do que non se falou antes? O decreto de habitabilidade non invade ningunha competencia dos concellos; o único que fai é intervir nunha Lei que xa existía, que se demostrou que quedou obsoleta e tentar melloralala, esa é a única competencia na que entra. A definición da Lei do solo, dos proxectos de calidade de vivenda e as competencias en vivenda son da Xunta de Galicia e da Consellería de Vivenda.

En definitiva, resúltanos verdadeiramente sorprendente e inaudito que una forza política coma o Partido Popular se opoña e pida a derogación dunha norma coa que o Goberno galego está claro que só pretende mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas con vivendas de máis calidade. Sorpréndenos que nos últimos anos non se pronunciara sobre o incremento exponencial e especulativo do prezo da vivenda, nin que ata o de agora tampouco se preocupara desa calidade.

Non podemos negar a unha parte moi importante da poboación galega o que cada un de nós goza nas nosas propias vivendas.

SR. CONDE GIL: Vou empezar polo tema das portas, a grande achega do BNG a todo este debate. Se alguén pode falar de portas coido que son eu, o máis alto da Corporación, e coas portas que tiñamos ata o de agora con 2,03 centímetros non tiña ningún problema. Subilas a 2,10 o único que vai implicar é o encarecemento dos custos, iso cae de seu.

Outra cousa que tamén vai influír no encarecemento dos pisos é aumentar a

superficie que propoñen de metros cadrados; fagan unha media e dalgún lado ten que saír, din que do solo, pois ben. Tamén din que pretenden mellorar a calidade de vida dos cidadáns; o que hai que facer non é pretender senón acadalo e ata agora, o único que trouxeron con esta norma foi a división e o enfrontamento na sociedade galego.

Vaime permitir que lle parafrasee o que dicía vostede nos Plenos anteriores ás eleccións xerais: nótase Sr. Domínguez Olveira, estabamos agardando onde ía vostede meter a cuña electoral e xa miramos que foi nesta moción e que xa empezan estar en campaña.

Ó aumentaren a superficie o mantemento das vivendas loxicamente vai ser máis caro. Ó haberen un maior prezo do solo, máis metros á vivenda tamén. As comunidades de veciños deben estar contentas con todo isto. Paréceme moi ben a filosofía da Consellería da Vivenda, o que me parece grave e que sexa a súa filosofía, non do Goberno da Xunta de Galicia, paréceme moi grave que se estea a actuar deste xeito.

Con respecto ó que nos dicía o delegado de Urbanismo non deixan de volver sorprendeme. Ó principio aludía a que Touriño é na súa actuación o Dr. Jekyll e Mister Hyde; pois aquí reflíctese que tamén. O Sr. Touriño como presidente da Xunta de Galicia asina o decreto de aprobación da norma do hábitat e como secretario xeral dos socialistas galegos autoriza ó presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a que presente un recurso contra a dita norma. Se iso non é de diván que veña Deus e o vexa, parece propio dun trastorno bipolar máis que outra cousa.

O de que incide no benestar das persoas coido que neste intre non o podemos saber. Una cousa si está clara: que non se tiveron en conta os novos modelos de familia á hora de adoptar esta norma. Os arquitectos, os construtores en contra. Coido que estamos ante unha ocorrencia dunha parte do goberno que a outra parte, por dar unha nota de estabilidade que non existe, por canto a Federación Galega de Municipios e Provincias presidida por un alcalde socialista...

Por certo, que este propio concello na FEGAMP non se opuxo a que se recorra a norma polo que tampouco sei a que ven opoñerse a instar á Consellería no sentido que pedimos na nosa moción.

Coido que é sabido que dende o partido Popular estamos en contra de todo tipo de

intervención no mercado, pensamos que non son as políticas máis axeitadas. Xa sabemos que vostedes están a favor diso, cada quen temos o noso modelo pero coido que está claro que no momento en que nós recobremos o goberno da Xunta de Galicia imos facer unha revisión destas normas porque cremos que son contrarias ós intereses dos galegos e que polo tanto debe haber un consenso amplo coas administracións locais, cos arquitectos, construtores e con todos os sectores sociais para a aplicación dunha norma deste estilo.

SR. MARIÑO MENDOZA: En primeiro lugar aclarar que os colectivos de arquitectos e promotores non é que estean en contra da norma; o que piden son aclaracións sobre cuestións técnicas que van moito máis alá de se as portas teñen 2,10 ou 2,03. Fálase das augas grises, de como se vai resolver o problema nos edificios e doutro tipo de cuestións que seguramente van influír na mellora da calidade de vida das persoas.

Estamos a falar diso: da calidade de vida das persoas. Coido que con iso non se pode negociar, está claro que non se pode vivir do mesmo xeito nun piso de 26 metros cadrados que nun piso de 40 pero para iso hai que probar a vivir nun piso de 26 m².

Coa entrada en vigor deste novo decreto o que se está a conseguir é que as persoas melloren os seus espazos vitais, onde pasan a maior parte do seu tempo e ó mesmo tempo todos estes colectivos ós que vostedes se está a referir, a FEGAMP, o Colexio de Arquitectos, os promotores, o Consello Galego de Consumidores e Usuarios, van ter o seu momento para poder pedir aclaracións, matizar todo o que queiran no comité asesor do hábitat que xa está constituído e o que pretende é, que como todas as leis e decretos por suposto teñen matices, tratará de os resolver o antes posible para que os cidadáns e os promotores teñan o obxectivo cumprido da completa aplicación dese decreto o antes posible.

Nós si que cremos que fai falla intervir no mercado; o mercado non está a dar respostas ás necesidades que existían neste momento no país e coido que é unha grade medida aínda que dende logo a FEGAMP ten que ter moita máis cabida neste espazo.

Vostede tamén falaba de que Touriño autorizou á FEGAMP a non sei que; a FEGAMP é completamente autónoma e non ten que pedir permiso a ninguén, por iso non

teño moi claro que é ó que se refire vostede con esta afirmación.

Dende logo que nós estamos a favor de mellorar a calidade das vivendas para todos os cidadáns.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Dígolle sen ánimo de polemizar senón que como compañeiros que somos de Corporación, que non se pode desprezar ás persoas con mobilidade reducida ou con falta de accesibilidade. Non é un problema de 2.10 ou 2.08; non nos podemos rir destes temas. O problema é que en Galicia hai un gran colectivo, máis do que todos desexariamos, de persoas con mobilidade reducida, persoas que por políticas de non intervención aínda hoxe, na nosa cidade, vaian a Coia e díganlle ós veciños que deixemos todo coma está, que non interviñamos no mercado e vaia vostede a un edificio en Coia onde hai persoas que non poden saír da súa casa durante todo o ano porque con catro ou cinco alturas nin sequera hai un ascensor.

Invítolle a que veña vostede comigo; eu si estiven nesas vivendas e escoitei chorar a persoas que dicían que non podían saír da súa casa en todo o ano. A accesibilidade é un tema moi serio e estou a falarlle de vivendas de protección que existen hoxe na nosa cidade. Non lle vou botar a culpa desas vivendas nin ó Partido Popular, nin á UCD, nin a non sei quen, pero é certo que existe esa realidade e que as administracións teñen que intervir porque esas persoas teñen o mesmo dereito que nós de poder sinxelamente saír á rúa.

Esa é a diferenza entre as políticas liberais, e vostede acaba de definir perfectamente, a gran diferenza entre o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego: estamos en contra da intervención do Estado e da administración no mercado. Vostede con iso quere dicir que aquí cada quen gañe o que queira e que nin sequera se establezan as mínimas normas dunha habitabilidade digna para as persoas.

Vostede di "estamos en contra de calquera intervención no mercado", mercado libre e sálvese quen poida. Quen poida ter uns ingresos para acceder a unha vivenda de 120 ou 130 m² que se achegue e os que non, con 26 m² xa lles chega que por iso non teñen os medios que temos nós. Esa é a filosofía social do Partido Popular.

Sra. Porro, o seu representante acaba de dicir "Estamos en contra de que as

administracións interveñan no mercado". Se isto é así estannos a dicir que vostedes cren que toda vivenda ter que ser vivenda libre porque a ver como se fan vivendas de protección se a administración non intervén. Máis claro auga. Esa é a gran diferenza.

Non nos deus ningún argumento, nin técnico nin de ningún tipo en contra deste decreto. O único que nos di é que isto vai encarecer a vivenda e xa lle teño demostrado que non ten por que ser así se seguimos intervindo na política de solo. Tamén di que se o Partido Popular gaña as eleccións vostedes botarán abaixo este decreto: iso si que é consenso, iso é dicir que se gañan as eleccións xa non van dialogar con ninguén, botan abaixo este decreto e ademais non interveñen no mercado.

Esperamos que o Partido Popular non gañe as eleccións autonómicas porque evidentemente unha familia media deste país, que o seu fillo aínda non pode acceder a unha vivenda, estaría tremendo porque con esas políticas liberais vai telo francamente difícil.

Aquí ninguén introduciu ningunha cuña electoral. Quen trae esta moción a Pleno non foi o BNG. Vostedes teñen o Parlamento Galego igual que temos nós, estamos falando dunha Lei de competencia do Goberno galego. Entón, quen introduce a cuña electoral traendo estas mocións ós Concellos? Evidentemente eu teño que contestar a unha moción que vostedes presentan.

Tamén me fai gracia e non é por lle fallar ó respecto, que diga vostede que este decreto do hábitat non contempla os novos modelos de familia. Que diga isto o Partido Popular me fai gracia cando están manifestamente en contra dos novos modelos de familia que existen. Coa implicación doutras instancias que todos coñecemos, quen está reiteradamente opoñéndose a eses novos modelos de familia que os demais si defendemos?

Non o dixen eu, Sra. Porro, díxoo o seu representante, dixo que esta Lei non incluía ós novos modelos de familia. En todo caso explique a que novos modelos de familia se refería.

En definitiva, vostede non presentou ningún tipo de argumento. Aquí hai dúas claras políticas: a de sálvese quen poida ou unha política de protección social sobre todo para aqueles que menos recursos teñen e que teñen todo o dereito do mundo a vivir dignamente como vivimos os demais.

Gustaríame escoitar por parte do Partido Popular que tipo de decreto farían vostedes.

SR. CONDE GIL: Sr. Domínguez Olveira, alégrame que lle fixera tanta gracia o que lle dixen. Sabe que tiveron un problema de saúde e a verdade é que tomo a vida con máis filosofía, facerlle feliz a alguén agrádame especialmente.

En canto ás persoas de mobilidade reducida, que veña vostede falar de algo que eu nin sequera nomeei e faga esta aplicación demagóxica, a verdade é que lle cualifica e fai a súa radiografía. Puxo o exemplo de Coia; pois precisamente o que vai pasar en Coia con este decreto é que as comunidades de propietarios van ter serias dificultades trala entrada en vigor deste decreto para facer modificacións puntuais como podan ser poñer ramplas para o acceso de minusválidos nos edificios.

Fala vostede das portas; estamos a falar de estándares europeos, impostos por unha norma de tipo europea que teñen que ter ese mínimo de altura e tamaño.

No resto, se quere facer demagogia como fixo ó longo da súa intervención cos modelos que presentamos, sabemos que todos temos modelos en todos os aspectos completamente diferentes vostedes e nós, afortunadamente. Neste caso falei de modelos e non me estaba referindo nin a tendencias sexuais nin a nada deste tipo, senón ó aumento de familias monoparentais, familias con menos fillos que entendemos que con este decreto non quedan perfectamente reflectidas.

En canto a que os arquitectos non están en contra, non sei se vostede asistiu a algunha xuntanza dos arquitectos para o saber, Sr. Mariño, pero pode preguntarllo á súa compañeira a Sra. Maure e o certo é que saíu na prensa perfectamente reflectido o feito de que "Os arquitectos expresamente rexeitan as controvertidas normas do hábitat". A delegación de Vigo concretamente esixiu que así se fixera constar. Eu teño un familiar arquitecto, mirábaa moi apurada rematando un proxecto e falando con ela comprendino.

Con esta norma maximo que non teríamos nin catedral de Santiago, nin moitas outras construcións en Galicia porque fariamos as cousas tan taxadas que unha cousa como a arquitectura que basicamente é imaxinación, quedaría bastante cortada porque onde a norma impón demasiado ó final fai que non saia nada novo nin nada bo.

Tampouco entendo a postura do Grupo Socialista que na FGAMP apoia a presentación dun recurso contencioso-administrativo, que xa veremos no seu día o que resolva o Tribunal sobre el, e oponse á paralización temporal da aplicación desta norma, cando o propio presidente Touriño en declaracións á prensa manifestou que, dada a precaria situación económica que vivía Galicia, ían tentar paralizar a aplicación ou polo menos retardar a súa entrada en vigor.

Cada quen ímonos radiografar, eu tampouco vou propoñer aquí o modelo de norma de hábitat que eu levaría porque non me corresponde, nin tampouco lle vou preguntar cal é a súa.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo do Partido Popular, Sr. Conde Gil, de instar á Consellería da Vivenda a suspensión da aplicación do decreto 262/2007, coñecido como "Decreto do hábitat", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (97).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A REALIZACIÓN DUN NOVO PROGRAMA EDUCATIVO EN IDIOMAS A DESENVOLVER NO ACTUAL MANDATO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2008, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

"O Concello de Vigo mostrou sempre un gran interese polos temas educativos, de aí que forme parte da "Rede de cidades educadoras". A través do Instituto

Municipal de Educación (IME), e dos seus departamentos de programación e de orientación educativa, elabora os programas para cada curso.

Un dos programas educativos definido polo actual equipo de goberno como "estrela" é o do fomento da formación en idiomas co obxectivo de facilitar a aprendizaxe do idioma e a obtención dun "dominio fluído do inglés". Para acadar este obxectivo creou o programa "Aulas Internacionais" cunha dotación orzamentaria de 200.000 euros.

Para o Grupo Popular esta é unha cuestión esencial polo que apoia calquera acción municipal que trate de solventar as deficiencias na aprendizaxe dos idiomas. Xa que logo lamentamos que o goberno actual a aborde dunha maneira tan pouco definida e decidida.

No pasado Pleno do mes de outubro manifestamos a nosa preocupación polo programa de inglés "Aulas Internacionais". Tanto porque a súa programación inicial só abranguía os meses de novembro e decembro, como porque non podían optar a el todos os nenos da cidade. Semellaba que o programa arrancaba como unha experiencia piloto e así nolo corroborou a resposta que obtivemos dos responsables de educación.

Explicaron entón que o programa se pensou para que durara catro anos e que, tralos dous primeiros meses iniciais, a segunda fase ía comezar en xaneiro "cos orzamentos axeitados" desenvolvéndose "cun prego de condicións aberto a todo o mundo que queira concursar". Hoxe sabemos que tampouco foi así e que as clases extraordinarias de inglés remataron en marzo.

Á vista do resultado, semella evidente que as actividades de inglés, que o PSOE e o BNG destacaron no seu pacto de goberno e que trasladaron á cidadanía con tanto énfase, non acadaron os seus obxectivos.

Logo do fracaso do goberno na formulación e xestión do programa "Aulas Internacionais" propoñemos para a súa aprobación no Pleno da Corporación:

Que o goberno local presente un novo programa educativo en idiomas a desenvolver no presente mandato."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Vexo que hoxe chegamos aquí e xa na primeira intervención falábase de vender fume; pois coido que a miña moción ten moitísimo que ver con esa introdución que tivemos no Pleno de hoxe.

O Concello de Vigo mostrou sempre un gran interese polos temas educativos, de aí que forme parte entre outras moitas institucións da "Rede de cidades educadoras".

A través do Instituto Municipal de Educación (IME) e dos seus departamentos de programación e de orientación educativa, elabora os programas para cada curso.

Un dos programas educativos que tivo que poñer en marcha a presente lexislatura foi o definido polo actual equipo de goberno como “estrela” da súa política en materia educativa. Este programa consistía no fomento da formación en idiomas co obxectivo de facilitar a súa aprendizaxe e a obtención dun dominio fluído do inglés. Para acadar este obxectivo creou o programa “Aulas Internacionais” cunha dotación orzamentaria de 200.000 euros, cantidade que nos parecía pouca para o ambicioso do proxecto. Así o venderon ós medios de comunicación pero entendiamos que tal vez podería ser suficiente para o poñer en marcha.

Para o Grupo Popular esta é unha cuestión esencial. Incidiu nela dende a LOXE coa que perseguíu a implantación da aprendizaxe do inglés dende a educación infantil. Lamentablemente a lei non chegou aplicarse e en consecuencia a educación perdeu a oportunidade de solventar os baixos niveis de inglés dos nosos escolares. O Grupo Popular apoia calquera acción municipal que trate de solventar as deficiencias na aprendizaxe dos idiomas. Xa que logo lamentamos que o goberno actual aborde dunha maneira tan pouco definida e decidida esta cuestión.

No pasado Pleno do mes de outubro manifestamos a nosa preocupación polo programa de inglés “Aulas Internacionais”. Tanto porque a súa programación inicial só abranguíu os meses de novembro e decembro, como porque non podían optar a el todos os nenos da cidade. Semellaba que o programa arrancaba como unha experiencia piloto e así nolo corroborou a resposta que obtivemos entón dos responsables de educación.

Explicaron entón que o programa se pensou para que durara catro anos e que, tralos dous primeiros meses iniciais, a segunda fase ía comezar en xaneiro “cos orzamentos axeitados” desenvolvéndose “cun prego de condicións aberto a todo o mundo que queira concursar”. Hoxe sabemos que tampouco foi así e que as clases extraordinarias de inglés remataron en marzo.

Á vista do resultado, semella evidente que as actividades de inglés, que o PSOE e o BNG destacaron no seu pacto de goberno e que trasladaron á cidadanía con tanto énfase, non acadaron os seus obxectivos.

Agora seguramente nos van falar de novos programas, novas iniciativas como é a que polo visto están a desenvolver que se chama "Vigo activities" e que

posiblemente debería ter lugar no último trimestre do curso pero que xa rematou abril e aínda non se sabe nada del. En calquera caso e visto o que pasou cos dous programas anteriores cabe facerse as mesmas preguntas que lle trasladamos ó goberno no mes de outubro: como vai ser o programa, a quen vai dirixido, en que prazos se oferta, que vontade de continuidade ten, responde a un programa e a unha planificación a máis longo prazo ou estamos a cubrir o expediente ata que remate o curso?

Lémbrolles que no seu acordo marco de goberno facían fincapé no pulo á participación activa do Consello Escolar Municipal. Esa participación en todas as políticas educativas municipais polo que supoño, porque ignoramos e ninguén nos falou del, mesmo as persoas que forman parte dese Consello Escolar Municipal, que exista algún tipo de informe sobre a oportunidade, a calidade das actividades destes programas de inglés.

O que é evidente é o fracaso do goberno na formulación e na xestión deste programa de Aulas Internacionais. É por iso que o Grupo Popular propón para a súa aprobación no Pleno da Corporación que o goberno local presente cara o vindeiro ano un novo programa educativo en idiomas a desenvolver durante o seu mandato.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Logo de escoitar á súa moción contestareille o máis brevemente posible porque realmente o programa é amplo pero axustándonos o máximo ó tempo que nos temos marcado.

A situación actual do programa "Aulas Internacionais" empezou no mes de xullo-agosto poñéndonos en contacto cos directores, co profesorado de inglés, coa federación de asociacións de nais e pais, para ver que posibles modalidades se poderían levar a cabo para o facer. No mes de outubro de 2007 a concellería de Educación iniciou nos centros de ensino público de Vigo un programa experimental de mellora das actitudes lingüísticas en inglés baixo a denominación de "Aulas Internacionais". Preténdese con esta iniciativa reforzar os recursos ordinarios que ten o sistema educativo para a aprendizaxe desta lingua e dotar á poboación escolar dunha maior competencia no seu coñecemento e uso.

Na primeira fase experimental optouse pola alternativa de establecer para cada centro de ensino que así o solicitase aulas cun máximo de vinte alumnos que desenvolverían ó longo de dúas sesións semanais de hora e media de duración as

actividades de conversa ó redor de distintos núcleos de interese semanal, previamente estruturados en unidades didácticas confeccionadas "ad hoc". Estas aulas internacionais desenvolvéronse en horario extra-escolar entre as 15 e as 18 horas e estaban a cargo dun monitor ou monitora cualificado lingüísticamente que promovía a conversa e inducía a que se falase en inglés por parte de todo o alumnado.

Nesta primeira fase de carácter experimental dende outubro a marzo de 2008, na que funcionaron 43 aulas internacionais en 37 centros de ensino coa participación de 791 escolares de quinto e sexto de primaria, a un promedio de 19 alumnos por aula, dirixidas por monitoraxe cualificada con experiencia e práctica contrastada, dinamizou conversas e actuacións ó redor de cada seu centro de interese semanal durante esas dúas sesións, en total 90 minutos.

O Concello de Vigo contratou, coa modalidade de contrato menor de asistencia técnica a diversas empresas 23 monitores así como a redacción das unidades didácticas e parte da coordinación cooperativa do programa. Estes contratos remataron a finais do mes de marzo e non se podían renovar nas mesmas condicións de contratos menores. A contratación externa e permanente do programa, que sería o axeitado e así o pensabamos, mediante concurso aberto supón un mínimo de tres meses de tramitación, cousa que explicou amplamente a concelleira Sra. Abelairas, o que obrigaría a esperar todo ese tempo sen continuidade na atención ó alumnado implicado, polo que nesta concellería optamos por unha segunda fase.

Esta segunda fase, tamén de carácter experimental, responde ó desenvolvemento do programa "Vigo activities" que ten unha ampla diversidade de posibilidades de contacto motivador e con carácter de integralidade educativa coa lingua inglesa. Este programa encaixa significativamente coas competencias municipais en materia educativa e enlaza perfectamente de xeito transversal co conxunto da programación educativa do Concello de Vigo, "Vigo por dentro", "Teatro na escola", "Escola de música" e "Arte na aula".

Esta segunda fase empeza en abril e xa está funcionando. Rematada unha valoración da primeira, trátase de poñer en marcha para o mesmo alumnado que participou nas aulas internacionais unha serie de actividades que completen este ano de especial relación co idioma inglés e diversifique, xa case ó remate do

período escolar no que pode existir un maior cansazo dos cativos, o contacto dos escolares coa lingua que practicaron durante o período anterior.

Trátase así mesmo de ter dende o Concello unha primeira aproximación avaliadora a este tipo de acción educativas coa finalidade de considerar para o curso que ven a súa extensión e sistematización. Ofértaselles ás aulas de terceiro ciclo, primando ó alumnado participando nas aulas internacionais, o seguinte: visitas didácticas á cidade en inglés, descobre a túa cidade; está acompañado por tres profesores nativos para promover a interacción oral co alumnado e un óptimo aproveitamento. Inclúe tamén unidades ou fichas didácticas.

A segunda parte é encontro con nativos, fálame di teu país; tamén un profesor nativo de lingua inglesa fala do seu país empregando material visual motivador de temas variados, comidas, persoas famosas, lugares emblemáticos, etc.

Xogos e cancións; outro profesor nativo interactúa en inglés a través de xogos didácticos tradicionais así como cancións. Inclúe material didáctico. Conta-contos en inglés; profesor nativo interactúa en inglés a través dunha sesión de conta-contos tradicionais; inclúe material motivacional. Teatro en inglés; un profesor nativo interactúa en inglés a través dunha sesión de unidades didácticas; inclúe transporte e son catro sesións de teatro en inglés.

A participación e a asistencia a estas actividades xa foi conformada por trinta e catro centros de primaria, cento seis aulas de quinto e sexto de primaria, 3.729 alumnos, cun custo de 31.620 euros e desenvolverase dende o 21 de abril ata o 13 de xuño. Teño un cronograma para demostrar todos os centros, as horas e o número de persoas que participan no dito programa.

Ó mesmo tempo nesta segunda fase se introducen a maiores auxiliares de conversa en todos os centros públicos de primaria durante horario lectivo. A terceira fase pendente de facer e que será neste verán nos meses de setembro-outubro, é un programa de promoción da lingua inglesa do Concello de Vigo que se completa con axudas para estancia en países de fala inglesa de estudantes vigueses de secundaria.

Implica definir un concurso público mediante contrato administrativo maior especial de servizos con empresa adxudicataria con solvencia e experiencia contrastada no obxecto do contrato. Ademais compre concretar unha convocatoria específica que primará criterios académicos e socio-económicos para que o

alumnado poida solicitar a participación no programa. Implicaría aproximadamente cen escolares de terceiro da ESO durante tres semanas no estranxeiro, entre setembro e outubro, cunha estancia en centros educativos con residencia propia en réxime de pensión completa. Os participantes estarán permanentemente acompañados por monitor bilingüe e asistirán a centros de ensinanza regrada para se integrar nun ámbito curricular con mozos do país de destino. Inclúe programa de estudos, de actividades deportivas e culturais, desprazamentos en avión e bus.

Como conclusións consideramos como idónea a alternativa de dotar ós centros con auxiliares de conversa nativos en horario lectivo. Isto para o próximo ano empezará así, xa se está facendo pero ese é o noso plan, ese programa que vostedes solicitan.

Paralelamente tamén consideramos a opción a desenvolver de xeito estruturado e sistemático como apoio ó alumnado nesta materia o programa "Vigo activities", as dúas cousas, tamén consideramos a terceira: a promoción da lingua inglesa no Concello de Vigo debe seguir tamén nos próximos anos con axudas a estudantes vigueses de secundaria para estancias en países de fala inglesa.

Como punto final direilles que este goberno co seu apoio económico dun total de 500.000 euros e esta Concellería de Educación co seu traballo para o desenvolvemento do programa estrela "Aulas internacionais" e os demais programas educativos que leva a cabo, cumpre amplamente no seu rendemento de contas tanto a esta Corporación Municipal coma a cidadanía de Vigo.

Supoño que non queda ningunha dúbida sobre a calidade e éxito do programa "Aulas internacionais" desenvolvido con carácter experimental neste primeiro ano, carácter imprescindible ó iniciaren todo programa susceptible de melloras. Tivo que ser así porque vostedes, durante a etapa do seu goberno, non puxeron en marcha ningún programa destas ou parecidas características no que puidésemos baseármolos e avanzar.

Din na súa moción que consideran esencial solventar as deficiencias na aprendizaxe dos idiomas. Parece haber unha contradición entre a súa preocupación actual e a súa inoperancia cando tiñan a oportunidade de facer algo. Sen dúbida, como en case todo, en educación sempre se pode facer máis, educar en conxunto é unha utopía que como todas choca necesariamente coa realidade. Esa realidade son os recursos materiais, temporais e humanos de traballo e apoio cos que pode

contar esta concellería.

Con pescudar como se desenvolve un programa destas características, éxito e calidade, que eu saiba en ningún lugar se leva a cabo outro coma el, a súa intención debe ser trasladada ás comunidades ou cidades onde vostedes gobernan. Se este non é o seu obxectivo, so é comprensible que unha moción presentada de xeito tan impropio obedeza ou á mala intención ou á falla de información con respecto ó citado programa e ó éxito do mesmo.

SRA. LARRIBA LEIRA: Realmente as cuestións que nos fan chegar profesores, pais de alumnos dos centros onde se está implantando este programa están a anos luz da avaliación que ven de facer a concelleira de Educación. Nada que ver. Dende que os nenos corrían soltos polos corredores porque os monitores que se seleccionaron para impartir estas clases poderían ser competentes en materia do dominio do idioma pero en absoluto en materia pedagóxica; dende que moitísimas das clases que se puxeron en marcha xa tiveron que pechar no mes de febreiro ó se quedaren sen nenos porque os monitores non conseguiron acadar o grao de compenetración, de coordinación co centro ou cos pais, moito menos cos alumnos, e tiveron que pechar xa as clases en febreiro.

A realidade das queixas que chegaron ó Grupo Popular distan moitísimo desa avaliación máis que con sobresaínte que vostede fixo deste programa. O programa "Aulas internacionais" rematou, na partida presupostaria figuran soamente 200.000 euros; agora vostede me fala doutra cantidade e doutro programa. Ademais fálame dunha duración de aproximadamente dous meses; que nós saibamos ese programa non empezou, nin sequera pasou por Xunta de goberno, non se puido poñer en funcionamento nos centros; fálanos dunha duración aproximada dos dous meses que restan de curso e das actividades que se farán durante o verán.

Coido que esta é unha cuestión bastante máis seria e hai que facer unha planificación cara a un ano completo. Igual que no seu momento dixen que me entristecía moito, agora alégrome moitísimo que hoxe recoñeza que o que se puxo en marcha do programa "Aulas internacionais" antes do Nadal era experimental. Naquel intre vostede me dixo que de ningún modo e faloume como agora dunha programación sisuda na que colaboraran todas as partes implicadas o que se demostrou que era falso. Moitos directores de centros queixáronse de que non

tiveron a oportunidade de expresar a súa opinión en canto ó encaixe destas aulas internacionais que vostedes propoñían e o currículo regrado da ensinanza en inglés nos centros, canto máis as queixas dalgúns profesores de inglés que se lamentaban de que eses programas non se puxeran de acordo coa docencia regrada nesta materia e puideran ser complementarios.

Non se buscou un consenso, falouse con todas as APAs, con todos os pais, ben. Por iso cando falo de que se ten que facer este novo programa tense que facer precisamente contando con iso, buscando profesores. Vostede fala de monitores, non fala de profesores, quizais o resultado de fracaso deste programa fora ese, que non fosen quen manter a atención dos alumnos porque xa lle digo que unha das queixas dos pais é que os niños saían de clase e mesmo podían saír do centro sen control, o que me parece moi grave.

Repito que coido que a selección do profesorado non foi a axeitada, polo menos nestas dúas accións que se puxeron en marcha. Tampouco me parece que se coordinase suficientemente cos responsables dos centros. Non me contesta vostede se efectivamente o Consello Escolar Municipal, que é quen debe asesorar ó goberno nesta materia, fixo un informe deste dous programas que se puxeron en marcha, que non o fixo.

Só quería insistir en que o noso punto de vista é que co tema do inglés se fixo o que vostedes mencionaron moitas veces de política espectáculo e censuraron ós demais. Coido que este é claramente un programa de política espectáculo, que vostede tivo a presión do ter que levar a cabo nun tempo marca, tivo que o poñer en marcha sexa como fora e precisamente quizais por esa rapidez sen facer diso un programa de calidade e penso que cando se oferta á cidadanía con tanta amplitude un programa pioneiro, etc., non se pode ofrecer unha chapuza a cambio.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Quixera entender que os seus informantes son moi particulares porque levo traballando toda a miña vida co ensino e co profesorado, estiven reunida cos directores, coa federación de pais, coas asociacións en todo momento, facendo o seguimento correspondente do programa. Loxicamente de calquera situación que poida resultar, a calquera profesor que está habituado pode xurdir calquera problema pero lle aseguro que de ningún xeito os rapaces poderían saír do centro ou estiveran mal atendidos porque a primeira queixa que houbera por

parte dos pais ou do profesorado solventaríase ó día seguinte con outro profesional. Iso non é certo, Sra. Larriba, a información que vostede ten non é correcta e non quero dicir que neste caso sexa manipulación. Teño por norma ser moi responsable do meu traballo, en modo ningún, custe o que custe, permitiría que as cousas se fosen de man sen que o control fose inmediato. Non é certo e o programa ten que ser experimental porque vostedes non tiñan nada para nos dar de base, tívose que facer de inicio e unha cousa que en educación hai que experimentar ano tras ano, non se podía facer por un concurso definitivo de catro anos. Hai que saber o que se fai, hai que probar para o facer cada vez mellor e iso é o que nos facemos pero a programación estaba programada de principio a fin. De feito estaban asignados os cartos para a viaxe que van facer os alumnos a países de lingua inglesa.

Síntoo moito pero non lle acepto a crítica sen que me responda vostede que persoas, que profesorado e que directores din tal cousa porque eu recibinos antes, despois e aínda hai moi pouco tempo estiven en contacto con eles para lles presentar a segunda parte do programa. Volverei facelo para lles presentar a terceira parte, pero o programa é completo.

SRA. LARRIBA LEIRA: Só que me gustaría que se explicase a este Pleno por que finalizaron as "Aulas internacionais". Cando presentaron ese programa aquí no mes de outubro, dixeron que comezarían en xaneiro e que se ían prolongar durante catro anos. Quero preguntar por que tres meses logo rematou o programa. Por que agora presentan unha nova actividade que ademais segundo creo vaise desenvolver non en horario extra-escolar, que foi como vostedes o propuxeron entón, senón que a van inserir nas horas de docencia. Pregúntome como van conseguir inserir estas actividades en horario lectivo; non sei se será restando ó currículo ou ás programacións que os profesores teñan que facer nas súas materias.

Fálanme agora dunha nova iniciativa que non ten nada que ver con "Aulas Internacionais". A miña pregunta, xa que coida que minto cos datos que lle dou, é que me explique por que en tres meses este programa rematou. Por iso proponho que se deseñe un programa de maior calidade. Iso é todo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas

Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, instando a realización dun novo programa educativo en idiomas a desenvolver no actual mandato, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (98).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO DESVIAR A CANALIZACIÓN DO REGATO DE CHANTADA PARA A SÚA CANALIZACIÓN ADECUADA ATA O RÍO LAGARES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2008, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, formula a seguinte moción:

"Tras varios anos de espera a Xunta de Galicia ven de anunciar a intervención urbana na avenida de Castrelos e na Florida. Demandadas as obras de maneira reiterada polo goberno de Corina Porro foron redactados, convenidos e remitidos no seu día os proxectos á Consellería de Política Territorial.

Polo que respecta ás obras da avenida de Castrelos, entre a Praza de América e Pereiró, advertimos que se debería ter en consideración polos responsables técnicos a existencia do regato chamado de "Chantada" que atravesa o vial diante do camposanto incorporando o seu caudal á EDAR do Lagares.

Ante esta situación os responsables do saneamento do noso Concello deberían advertir que existe redactado un proxecto para a captación das augas pluviais da zona da que falamos. No citado estudo técnico se diseña a solución que resolve os problemas de desaugamento da ladeira oeste da "Colina de Castrelos" para un período de retorno de 10 anos.

Isto quere dicir que, aproveitando as obras do vial de castrelos, poderíase acometer a execución dos descabezados dos arrosios do contorno e a súa

canalización adecuada ata o río Lagares, de maneira que non saturemos máis a EDAR. Deberíamos promover tal e como nos aconsellan os técnicos que as augas da conca do barrio de Chantada vertan directamente no Lagares sen pasar pola Estación Depuradora ó se tratar de augas limpas.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a que traslade aos responsables técnicos que realizarán as obras de humanización da avenida de Castrelos, a desviar a canalización actual a EDAR do regato de Chantada, situado na ladeira oeste da "Colina de Castrelos", para a súa canalización adecuada ata o río Lagares."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 21 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COMESAÑA ABALDE: Aproveitando as obras da avenida de Castrelos que en breve se van levar a cabo, propoñemos que o regato de Chantada, tamén chamado regato de Castrelos, se desvíe ó seu canle natural que é o río Lagares e así retíralo da rede de saneamento á que está conectado agora. Instamos ó goberno a que dea as ordes oportunas ós técnicos para que poidan acometer esa obra antes de facer a reforma de Castrelos.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Vou lembrar que no ano 2002 asinouse un convenio por un concelleiro socialista e un alcalde nacionalista para facer investimentos no Concello de Vigo con cargo ás tarifas ata o remate da concesión no ano 2015. Cando estiveron no goberno tiñan vostedes un estudo do ano 2003 onde se presentaba a posibilidade de acometer esa obra que agora están a demandar. Logo de investir 16,28 millóns de euros en saneamento, vostedes deberon ter en conta ó regato de Chantada.

Nese período 99-03 se investiron en separación de pluviais e recuperación de caudais, minas, etc., 30,6 millóns de euros. Agora mesmo, en que este goberno si está preocupado porque non se perdan as augas e se canalicen axeitadamente, por exemplo estamos facendo unha obra que deixaron vostedes como é a recuperación na rúa Abanico dunha fonte.

Esa obra que vostede solicita non afecta para nada á Avenida de Castrelos. Lembre vostede que no ano 2002 houbo unha tempada moi grande de chuvias que

provocaron a entrada da carga de auga na taxea motivando a rotura e inundando o subsolo do edificio do tanatorio, producíndose fochas nas zonas axardinadas; sabe ben que se reparou e continúa en servizo. Naquel intre encargouse á empresa concesionaria Aqualia, dentro do convenio de investimentos, o descabezado do regato de Chantada que recollera a escorrentía das augas e o seu desvío ata o río Lagares pero en ningún momento este regato afecta á Avenida de Castrelos.

Sabe perfectamente que no avance do Plan director do saneamento de Vigo está incluído este proxecto, polo tanto ímoslle votar en contra porque non ten absolutamente nada que ver a Avenida de Castrelos co que vostede está propoñendo.

SR. COMESAÑA ABALDE: Non o entendo, se vostede di que non lle afecta á Avenida de Castrelos me gustaría que mo explicara porque o regato que eu saiba atravesa esa avenida. Teño que dicir que si afecta porque non é que o coñeza de agora, tiven a sorte de nacer cincocentos metros máis arriba e coñezo o regato de toda a vida. Se vostede me di que non pasa por alí, non pasa nada, alá vostede. Eu dígolle que si e que se se van acometer as obras na avenida de Castrelos é lóxico que se faga coma eu tiña pensado de ter arranxado antes esa avenida.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Só dicirlle que foi canalizado no ano 2002.

SR. COMESAÑA ABALDE: Se a Sra. Abelairas di que xa foi canalizado entón o avance do Plan de saneamento de Vigo está mal feito porque prevé esta obra para este ano polo valor de 670.000 euros. Está no plan, alguén mente, eu non o fixen.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo do Partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, instando desviar a canalización do regato de Chantada para a súa canalización adecuada ata o río Lagares, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (99).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO SE FAGAN AS XESTIÓNS OPORTUNAS PARA O ARRANXO E ACONDICIONAMENTO VEXETAL DA ROTONDA EXISTENTE EN CÁNOVAS DEL CASTILLO, DIANTE DO CENTRO COMERCIAL "A LAXE".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2008, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Sagarra, formula a seguinte moción:

"Logo de ler as últimas declaracións da nova responsable do Goberno Municipal en materia de xardíns, manifestando o seu compromiso de converter Vigo na cidade con máis flores de toda Europa, aproveitamos a ocasión para propoñer unha intervención onde poder iniciar o seu traballo.

Rematadas as obras de acondicionamento da rúa Cánovas del Castillo, diante do centro comercial "A Laxe", a rotonda que a partir de agora distribúe o tráfico rodado, quedou enchida de formigón .

Se todos estamos a falar coa boca chea de que o contorno, fachada da cidade cando os turistas chegan dende o mar e porta tamén do Barrio Histórico, debe presentar o mellor aspecto posible, non entendemos como desde o Concello se permite un remate de obra tan cutre coma ese.

Entendendo que a responsabilidade do traballo correspondeu á institución que urbanizou o exterior do centro comercial e que o chan do vial é propiedade do Porto, o Concello debería haberse interesado no remate da rotonda igual que o fixo coa distribución do tráfico na zona.

Ante esta situación, demandamos da nova responsable do departamento de xardíns, que realice as xestións oportunas con quen corresponda, para que se acondicione a rotonda cun deseño vexetal que non resulte de tan mal gusto como o de formigón actual.

Todos os esforzos por seguir co traballo en xardíns iniciado polo goberno anterior fai xa catro anos, contará co noso apoio, no beneficio de conseguir unha cidade máis agradable e non tan dura como nalgúns sitios atopamos.

A señora concelleira terá a oportunidade de realizar a primeira actuación “verde”, ou alomenos proxectar o deseño acorde para manter o nivel de plantación que se perdeu nos últimos 8 meses, xa que as obras realizadas nas rotondas de Navia e a que se leva a cabo na zona verde entre Venezuela e Blein Budiño, quedaron proxectadas por nós.

Por todo isto o Grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a facer as xestións oportunas ante os organismos correspondentes para que canto antes se poida reparar e acondicionar con plantación vexetal a rotonda de formigón situada en Cánovas del Castillo diante do Centro Comercial A Laxe.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 21 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Aproveitando o cambio no departamento de Parques e Xardíns e as declaracións da nova concelleira que vai levar este departamento que dixo que ía converter á esta cidade na cidade con máis flores de toda Europa, presentamos esta moción referente á rotonda do centro comercial A Laxe na rúa Cánovas del Castillo.

Alegrámonos moitísimo de que houbera un cambio neste departamento e de que por fin se vaian poñer traballar para xestionar correctamente un departamento que nos parece importante e que no seu día quedou perfectamente xestionado e cunha herdanza excepcional sen ningunha dúbida. De todos os xeitos tampouco se trata de, como di vostede, converter á cidade nunha cidade chea de tulipáns e outras flores, non se trata de lle facer a competencia a Holanda.

Aínda así consideramos que esta rotonda, que é a vía de entrada, a fachada cando chegan os turistas dende o mar e tamén a porta do barrio histórico, consideramos que debe ter unha mellor presenza.

Xa sabemos que o solo non é do Concello que é do Porto e que a xestión tamén a fixo Zona Franca, pero aínda así o que nós pretendemos é que insten ós organismo oportunos para que cando antes se poida acondicionar e reparar cunha plantación acorde ó que debe ser unha boa imaxe da cidade, sobre todo estando onde está. Por iso pregámoslle que fagan as cousas cun pouco máis de bo gusto e non como noutras ocasións, como por exemplo o que ocorreu no estanque da praza do

Berbés onde nos colocaron unhas barcas con plantas realmente horribles.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Sr. Sagarra, como pasa con moitas das mocións do Partido Popular chegan tarde porque vostede está a propoñer que a miña primeira actuación como concelleira de Parques e Xardíns sexa esta e nun mes xa fixen moitas cousas. Vaia ó rural, a Coia, a Bouzas, ó Lagares e verá o que xa fixen neste mes que levo, centos de flores plantadas que se suman o que xa fixo a Sra. Abelairas. Vaia á Guía e mire o que xa fixo a Sra. Abelairas.

Ademais de estar xa feitas neste intre os técnicos do Concello xa teñen un número de actuacións inmediatas non inferior a dez pero o máis importante é que non están só no centro senón que as miñas primeiras actuacións están dirixidas principalmente ós barrios e parroquias.

A proba evidente de que a vostedes o único que lles preocupa é o centro é esta moción porque están propoñendo arranxar unha rotonda que é certo que ten que ter un tratamento mellor, pero esquecen de que hai moitas máis rotondas, iso si, nos barrios e parroquias.

No tempo que vostedes estiveron gobernando que nos deixaron? que nos atopamos a Sra. Abelairas e máis eu? Rotondas cheas de cemento, algunhas pintadas de verde para simular a herba, a algunhas puxéronlles pedras ó redor para que non se notara e outras cunha sinxela capa de herba pero ningunha flor, ningún árbore, ningún arbusto, están deixadas a monte.

Dixo que foi hai uns días a Cabral a ver as ratas pero non mirou as rotondas que están sen arranxar. Vaia máis preto, ó final da Florida na confluencia coa avenida Ricardo Mella e vexa tamén como deixaron esa rotonda. Vaia tamén por exemplo polo interior de Coruxo.

Preocúpanse agora por unha rotonda no centro e durante tres anos non se preocuparon por embelecer as rúas, estradas e camiños no rural. Pero non se preocupe que nós reverdecemos e non pintando de verde.

Ímoslle votar que si á súa moción porque queremos unha cidade máis bonita pero queremos toda a cidade máis bonita.

Sr. Sagarra, non facía falla que presentara esta moción, cunha sinxela chamada telefónica, xa que vostede non pasea polo rural, bastaría para que lle puidésemos contar o que xa fixemos, o que estamos a facer e o que faremos.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Dikir que non paseo polo rural cando a última moción que presentei neste Pleno o mes pasado foi precisamente do rural en Valladares, sorpréndeme moito. Vostede está directamente mentindo como é habitual en vostede pero lle vou poñer tres exemplos de rotondas onde nós intervimos no mesmo sentido.

A rotonda dos graniteiros en Bouzas, situada en solo portuario e que o mantemento realizouse polo Concello gracias a unha xestión do anterior goberno. A rotonda e contorno do acceso ó porto pesqueiro que ocorre exactamente o mesmo e os xardíns de Elduayen na zona do porto deportivo. Son tres exemplos sinxelamente do que se fixo e do tipo de xestión que faciamos acorde a esta moción que presentamos hoxe.

En todo caso vostede di que eu non visito o rural e iso sorpréndeme moito, precisamente é o que máis estou a visitar; nas últimas semanas Candeán, Cabral, Matamá, Valladares, etc. e como lle digo a última moción que presentei foi con respecto a unha parroquia do rural, a Valladares.

De todos os xeitos vostedes non se da de conta de que agora xa non está a falar do departamento de Economía e Facenda. Nese departamento adicouse durante dez meses ó seu xogo favorito que é o de *típex*, papel e tesoiras; pide informes e logo se adica a facer borrhanchos e cando xa está o suficientemente emborrallado empeza a recortar coas tesoiras. Ese xogo xa rematou, este departamento que vostede agora xestiona é diferente, é de imaxes e non se pode emborrallar ou recortar unha imaxe como a que temos na rotonda da que trata esta moción.

O que lle suxiro a vostede é que se poña roupa e zapatos cómodos e o que me demanda a min que o faga vostede, que se recorra... Eu fágoo, póño-me roupa e zapatos cómodos e precisamente é o que estou a facer, recorrer eses distritos e parroquias do rural. Déixese de pantomimas e de leccións universitarias porque xa tivemos dez meses dese tipo de cuestións neste hemiciclo.

Con todos os respectos dígolle que vou ser a súa sombra, onde vostede vaia logo vou ir eu corroborar como está a situación polo tanto non me faga ningún tipo de advertencia. En todo caso alégrome de que coincidan con nós e que vaian votar a moción, ó final estamos de acordo e polo tanto están a darme a razón.

Por outra banda ten tamén o departamento de Limpeza que diso xa falaremos e,

por certo, se necesita ir pola noite revisar a limpeza eu teño unha lanterna no coche que ó mellor lle ven ben, porque pola noite se ve mal o tema da limpeza. En todo caso insisto en que nos sentimos moi satisfeitos e contentos de que a vaian aprobar porque ó final estamos coincidindo no que presentamos.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Sr. Sagarra, empezou falando de proxectos; pregúntolle de cales proxectos fala, dos debuxos que deixaron e non fixeron ou dos proxectos que si levaron a cabo fóra do orzamento nos momentos previos ás eleccións municipais? Estame a falar desa factura de 50.000 euros que deixaron sen pagar por axardinamentos que había que facer á presa e correndo porque había eleccións e había zonas que durante tres anos non foran atendidas e había que lles poñer catro flores e catro cousas para que a xente considerase que si se lles atendía? Fala do que fixeron fóra do orzamento?

Nós facemos as cousas de cara á cidade. Nestes orzamento nós contemplamos investimentos por valor dun millón de euros, axardinamentos, alamedas, parques infantís; incrementamos a dotación de mantemento de parques infantís, démoslle un importante xiro ó concepto de cidade que vostedes formularon porque nós si temos en conta especificamente ós barrios e parroquias.

Cando falo de todos os investimentos que faremos en parques teño que deixar constancia do que vostedes fixeron: 40.000 euros en parques infantís e un convenio coa Deputación que tamén deixaron sen pagar. Mentres vostedes facían iso nós xa temos investidos medio millón de euros en parques infantís, xa dixeran antes que seis totalmente remodelados ou ampliados e un novo e inda por riba somos nós os que estamos a levar a cabo os investimentos para os adaptar á normativa de seguridade porque vostedes non o fixeron con ningún. A súa actuación en materia de parques son altamente criticables, atenderon exclusivamente ó centro e deixaron facturas sen pagar.

Fálame xa por se meter en tema persoal da roupa; mire, a roupa é o de menos para ir visitar un sitio. Rétolle a vostede a que ande en tacóns como ando eu a ver se lle resulta cómodo. Non vou dar leccións universitarias porque este non é o foro. Din que á xente se valora pola súa intelixencia; se imos valorar intelixencia poñemos os currículos aquí, pero en calquera caso eu non valoro á xente polo que ten na cabeza senón polo que ten no peito e nese sentido a vostede fáltalle moito.

Non me sinto ofendida, no momento en que me sinta ofendida non lle chamarei eu a atención porque eu non entro nas mentiras nin nos insultos. No momento en que me sinta ofendida será un xuíz que lle chame a atención.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Vostede segue a aplicar o mesmo xogo dos últimos dez meses, sega mentindo, sega recortando, aplicando o *típex* e emborrallándoo todo. De todos os xeitos todo o que queríamos facer en todas as parroquias de Vigo vostedes votárono en contra, foi o plan parroquias, entón non sei do que está a falar agora mesmo.

En canto ó das lección universitarias xa está ben coas súas leccións maxistras que nos fai perder moito tempo, moito esforzo e logo moito tempo máis en esquecer o que vostede tenta de nos meter na cabeza e tenta enganar a nós e ós cidadáns. Esquécese diso que aquí non hai academias, xa non somos universitarios e xa non estou para ir a academias e gastar os cartos e o esforzo en esquecer todo o que vostede dixo aquí con mentiras, unha vez máis con mentiras.

Por outra banda xa que se quere lucir, non sei onde mira vostede a ofensa, dígolle o mesmo que á Sra. Lago: póñase "*tiritas*", aquí teño unha se quere pero xa que se quere lucir hai unha serie de actuacións que detectei porque tamén recorro o centro e as parroquias, por exemplo a rúa Tui onde hai unha falta de mantemento que ademais denuncian os veciños permanentemente; na rúa Alfonso XIII onde falta sete oliveiras; en Dr. Cadaval onde faltan dúas árbores; no contorno do Progreso faltan dez; en Rogelio Abalde falta unha camelia; en Cervantes outra; en Churruca dúas, etc.

Tamén pode empezar por aí a facer cousas e lucirse, non é ningunha crítica, sinxelamente que se pode mellorar.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo do Partido Popular, Sr. González Sagarra, instando se fagan as xestións oportunas para o arranxo e acondicionamento vexetal da rotonda situada en Cánovas del Castillo, diante do Centro Comercial "A Laxe", co texto que se transcribe nos antecedentes deste

acordo.

16.- (100).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO NEGOCIAR COS ORGANISMOS
COMPETENTES A EXECUCIÓN DO TÚNEL DE GUIXAR.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2008, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Porro Martínez, formula a seguinte moción:

"Nos primeiros días do presente mes de abril facíase pública una nova solución para o desbloqueo da Cidade do Mar: Xunta e Zona Franca repartíanse a ETEA para facer viable o proxecto.

De seren esta a solución definitiva, dende o Concello deberíamos contemplar o proxecto de xeito máis ambicioso. De feito, este sería o momento perfecto para abordar o proxecto do túnel de Guixar, un túnel que discorrería dende a ETEA ata Julián Estévez, paralelo ao eixo de Avenida de Galicia-Sanjurjo Badía, ao longo dun quilómetro e medio, soterrando os dous sentidos de circulación e con dobre carril de circulación cada un deles.

Deste modo integraríanse no soterramento tanto os tráfico locais de Teis como os tráfico portuarios, creando unha alternativa de acceso ao Porto de Vigo dende o leste da cidade.

Esta actuación amósase como principal para calmar o tráfico de superficie de Teis e mellorar os espazos do eixo Sanjurjo Badía-Avenida de Galicia, actualmente saturados de tráfico rodado. Melloraría, por tanto, a mobilidade rodada pero recuperaría, tamén e sobre todo, espazo para os peóns.

A execución deste proxecto daría continuidade ao cinto litoral cara ao leste de Vigo, o que significa rematar a fronte marítima soterrada -pendente do túnel urbano de Beiramar e máis o de Bouzas- e actuaría como distribuidor de tráfico internos.

Esta é unha oportunidade única para Teis. Non debemos conformarnos con menos. Facer a Cidade do Mar e abordar o túnel de Guixar deben ser obxectivos compartidos. Teis merece recuperar espazo público para os seus veciños. Merece calmar o tránsito rodado. Merece unha mellor conexión co resto da cidade.

Todos gañamos con este proxecto. Os cidadáns, o tráfico de Vigo, o Porto... a cidade no seu conxunto.

Diante destes antecedentes o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Vigo propón que:

O Goberno municipal de Vigo, agora que inicia a execución das obras de mellora da rúa Sanjurjo Badía, inste, negocie e acorde que, xunto á execución do proxecto da Cidade do Mar, a Xunta de Galicia e máis Zona Franca aborden, tamén, a execución do túnel de Guixar."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 21 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Presentamos a este Pleno unha moción e esperamos que non serva tamén de crítica do goberno, que diga que esta non é unha moción de presente ou de futuro porque ó parecer vostedes critican calquera tipo de acción do Partido Popular, da igual que falemos do pasado, do presente ou do futuro.

Dende o labor da oposición, sobre todo porque neste asunto coido que temos certa credibilidade porque fixemos moitas propostas con respecta a todo o que significa ó eixo ETEA-Guixar-Sanjurjo Badía, na nosa traxectoria durante os últimos tres anos e medio pode estar reflectido que sempre tivemos unha postura moi concreta sobre os temas a realizar en Guixar, na ETEA e en todo Teis e coido que chega o momento de que tamén dende a oposición fagamos unha proposta concreta sobre todo cando consideramos que se están a cometer certos erros importantes, tanto técnicos como políticos, e parécenos que dende a oposición e nun aspecto positivo imos tentar que o goberno reconduza certas actitudes ou posicionamentos.

Coido que da ETEA se falou bastante durante os últimos cinco anos e non foi este grupo quen cambiou de posición senón que outros terán que lembrar por que dicían que non ós portos deportivos, por que dicían que non á instalación de vivendas, a crear parques de ocio. Coido que da ETEA levamos falando dende o ano 2001-02 e o Partido Popular xa cando estaba na oposición colaborou co goberno do Sr. Pérez Castrillo.

Teño aquí máis de 200 recortes de prensa que podería ler e coido que sería moi explicativo para moita xente que non o coñece, sobre todo como foi a traxectoria de todos os asuntos relacionados coa ETEA e con Teis. Falo da ETEA porque para nós é un tema importante sobre todo porque creo que se perderon catro o cinco anos. Dende o ano 2002-03, sendo o Sr. Egerique delegado da Zona Franca e o Sr. Pérez Castrillo alcalde desta cidade, estando nós na oposición, xa dende alí fixemos un acordo por ben da cidade de que a maioría deses terreos revertesen en beneficio dos cidadáns.

A partir daí se fixo un concurso público primeiro coa compra dos terreos, logo se fixo un concurso que se pactou e mesmo co Partido Socialista, os que formaban goberno co Bloque Nacionalista Galego do ano 1999 ó 2003, pero a partir daí se produce un rexeitamento sistemático do Partido Socialista na cidade de Vigo opoñéndose a todas as propostas que había sobre a ETEA e sobre Guixar que son ámbitos moi vinculantes. Teño aquí recortes onde vostedes rexeitaban o porto deportivo que agora tentan vender como algo importante, o Bloque fixo unha proposta dun parque temático que aceptamos, que se pensaba compatibilizar con algunhas vivendas para lle dar a esa zona certa vida o que coido que segue a ser importante.

Chegouse a un acordo de que houbera unha pequena zona de ocio e comercial porque tamén sería importante para que os veciños e veciñas de Teis tivesen unha zona á que poder acudir e tamén se contemplaba un ámbito deportivo importante. Todo ese pacto vostedes botárono abaixo, non quixeron colaborar, opuxéronse continuamente; pero tamén se opuxeron a Guixar, lembro perfectamente as infografía que presentaba o Partido Socialista e que agora danos a risa porque as fichas de Guixar daquela época e as de agora seguen sendo as mesmas por iso coido que unha vez máis se perderon uns catro ou cinco anos duns proxectos que poderían estar xa iniciados.

É bo que agora todos ou case todos ou o Partido Socialista en concreto se incorpore ó que outros dicíamos dende o ano 2000. Non falo sequera do goberno do Partido Popular, falo dun goberno do Sr. Pérez Castrillo que gobernaba co Partido Socialista e que o Partido Popular tamén aceptou porque moitas veces demos mostras de que proxectos que son importantes para a cidade o noso Partido colaboraba neles e ese era un deles.

Nese proxecto e para revitalizar todo Teis porque senón Teis ía estar colapsado, logo de moitas discusións consideramos necesario facer un túnel dende Julián Estévez que fose paralelo ó eixo da Avenida de Galicia. Coido que é unha das obras máis importantes que ten esta cidade enriba da mesa porque senón imos colapsar Teis, de pouco vale que se poida desenvolver a ETEA, aínda cos criterios anteriores que xa o discutiremos cando chegue o momento, pero é importante porque logo de cinco anos rematan dándonos a razón, moitos que estiveron en contra durante os últimos tres anos agora resulta que son partidarios dun desenvolvemento como o

que naquel momento se pretendía.

Tamén en Guixar, que moitos criticaron e houbo moitas xuntanzas e ó final se chegou a un acordo para incluír no plan xeral todas as propostas que presentaban os veciños. Por suposto tamén con este túnel entre Julián Estévez e o eixo da Avenida de Galicia.

É polo que nós presentamos esta moción, para que se fagan as xestións perante outras administracións, tanto Zona Franca, Xunta como Goberno Central, para que esta obras que é dunha enxeñería complicada non quede no esquecemento porque se non empezamos a traballar nela, de pouco vale que poidamos desenvolver outros ámbitos. Mesmo nós miramos a posibilidade de que Sanjurjo Badía fose unha zona semi-peonil, aínda que non na súa totalidade, ese poida ver totalmente colapsada e poida ter un estrangulamento todo Teis porque se non se fai o túnel a pregunta é por onde vai entrar a circulación, o tráfico pesado, as conexións co porto, por onde vai ir toda a circulación de todo Teis e Sanjurjo Badía e mesmo as conexións co centro.

Este é o motivo da presentación desta moción que nos parece coherente, responsable, mirando ó presente e ó futuro e sobre todo para que o goberno se aplique neste tema que se nós fósemos gobernos sería unha das cuestións que poríamos enriba da mesa dende o primeiro día porque coidamos que é unha obra de infraestrutura importante, unha obra de enxeñería complexa e que require do tempo suficiente para chegar a acordos con outras administracións.

Benvidos algúns proxectos que estiveron fóra, desmarcados, outros que dende hai catro ou cinco anos e teño que dicir que aquí tanto o BNG como o PP sempre estivemos na mesma dirección pero non foi o mesmo co Partido Socialista que estivo dando bandazos segundo lle conviña e xogando cun barrio como é Teis que coido que nos debería preocupar a todos para o futuro desta cidade.

Coido que este é o xeito de facer política dalgúns. Repito que nós aquí temos a credibilidade suficiente porque sempre estivemos a carón do goberno, dando eramos oposición do Sr. Pérez Castrillo, cando fomos goberno coa Sra. Porro tamén tentamos manter e levar a cabo aquel criterio e así o fixemos, e agora que somos outra volta oposición tamén estamos na mesma dirección de apoiar ós proxectos que son estratéxicos para esta cidade, á marxe de que nalgún proxecto se poida dicir 5% máis ou menos de vivenda, de zona comercial ou zona de ocio.

O que si está claro é que outros non xogaron do mesmo xeito, non xogaron coa mesma limpeza e agora hai que facer esta crítica. Son catro ou cinco anos perdidos e nós temos un alto grao de satisfacción de que polo menos aquel traballo que se fixo algúns agora reconvertan a súa postura e rematen dándonos a razón.

As veces a satisfacción persoal dos que levamos tempo traballando en proxectos para a cidade e ver que non erramos no noso obxectivo é máis importante ás veces que ter resultados ou mesmo ter accións de goberno. A colaboración en temas estratéxicos nesta cidade é fundamental e este é un dos temas onde coido que o PP estivo á altura do que demanda a cidadanía e sobre todo o que demanda a representación dun grupo como o noso que pode estar errado nalgún posicionamento ou proxecto pero coido que neste demostramos ter un alto nivel político.

SR. LÓPEZ FONT: A xulgar polas manifestacións públicas que se produciron coa presentación desta moción pensei que ía defendela a Sra. Porro pero xa miro que non. Como o Sr. Figueroa, polo que dixo ó longo do día de hoxe e noutras ocasións , ten moitísima preocupación pola difamación e outras cuestións que parece ser que utilizamos dende esta bancada, tamén lle quero facer unha aclaración inicial antes de argumentar con respecto a esta moción.

En primeiro lugar agradecemoslle a moción ó Partido Popular porque, coido que como demostrarei a seguir, marca a diferenza entre o xeito de gobernar do anterior goberno, como vostede ven de dicir catro anos perdidos, gobernaron vostedes tres anos e medio e xa reconece que se perderon catro anos. Esta moción marca a diferenza entre vostedes e nós, entre o que son proxectos sen concretar e realidades acadadas por este goberno nestes dez meses que levamos gobernando. Unha vez feito este recoñecemento e o agradecemento por presentar esta moción, espero que todo o que vou dicir a continuación non o tome como calumnia persoal senón no que é estritamente o debate político.

Como sempre mesturan moitas cousas nunha moción. O tema da Cidade do Mar que tería entidade para o discutir de xeito separado e que vostede, como sempre, di que se o Partido Socialista dixo unha vez, outras non, e remata a moción cunha defensa polo barrio de Teis que mesmo nesa presentación que realizara a Sra. Porro ós medios de comunicación dixo que Teis é un dos barrios máis castigados de Vigo.

Debe ser que estivo moi castigado neses tres anos e medio nos que ela foi alcaldes.

Hai que clarexar moitas cousas, esta cidade merece proxectos de envergadura e, por iso lles dou o meu agradecemento pola presentación desta moción, son eu quen lles digo benvidos ó proxecto da Cidade do Mar. Tampouco vou quitar douscentos recortes de prensa nin todas as frases que vostedes dixeron pero é totalmente certo que o Partido Popular non estivo en favor dun proxecto que eleva a esta cidade ás cotas máis altas en investigación mariña e como se ven de comprobar, precisamente por unha das súas argumentacións, na antiga ETEA se pode facer de todo, todo é compatible e eran vostedes quen a unha parte do proxecto lle negaban entidade mentres gobernaron.

A moción visualiza dúas formas de gobernar totalmente distintas. Eu non vou utilizar o de mentira pero si vou utilizar os termos "inexactitudes". Estas dúas fichas son do Plan Xeral que fixeron vostedes como borrador e o que fixemos nós e que está aprobado. A Sra. Porro non pode dicir publicamente que o túnel de Julián Estévez estaba presupostado en 35.000.000 de euros porque segundo esta ficha oficial está en vinte e catro millóns. No pode dicir que estaban comprometidos por parte da Xunta de Galicia quince millóns cando nesta ficha non está e dise que o financiamento do túnel e dos seus vinte e catro millóns de euros va estritamente con cargo ó mercado.

É evidente o grao de compromiso do anterior goberno a pesar do que se diga agora e a pesar da coherencia política da que vostede fala con Teis e con este túnel. Fronte a isto que ten data de marzo de 2007, está esta de novembro de 2007. O título é o mesmo: "Túnel Julián Estévez-Avenida Mariña Española". Aquí fálase dun túnel cun importe de construción de 30,1 millóns de euros.

Aquí tamén se indica que Zona Franca, co convenio asinado polo alcalde no nome desta Corporación, fará unha achega de 15,5 millóns de euros e o Concello 14,5 millóns de euros. Xa o sabía, pero ó comprobaren os datos con respecto a esta moción coido que esa petición ou suxestión de que este goberno se adicase a gobernar, precisamente con este tema que para nós é prioritario e moi importante, algo no que coincido con vostede, é unha realidade.

Terminan vostedes a moción cunha defensa en favor de Teis. Isto tamén produce certo rubor porque a coherencia política non só serve cos enunciados, cos debuxos,

coas boas intencións das que vostedes están permanentemente facendo gala nas mocións que presentan. O noso compromiso con Teis non é facer propaganda electoral como me dicía antes o Sr. Domínguez, pero si é este: en relación coas humanizacións que vostedes non realizaron e en relación co túnel de Julian Estévez.

Polo tanto míranse perfectamente dúas formas diferentes de gobernar. Vostedes falaban de compromiso de Zona Franca e iso, en principio e en concreción, é cero euros. Nós falamos de convenio e son 15,5 millóns de euros. O compromiso político, o compromiso en canto a unha obra de tal magnitude e importancia para a cidade de Vigo é o noso.

É unha morea de millóns de euros dos que vai se beneficiar o barrio de Teis, como dicía a Sra. Porro castigado, en comparación co anterior. Tamén temos un proxecto Urban presentado para este barrio; tamén conseguiu-se que nesa distribución equilibrada do que é o proxecto de Cidade do Mar e da ETEA seis millóns de euros revertan precisamente na cidade.

Lamento o seu xeito de facer oposición, parece que están a esperar que este goberno desenvolva proxectos para que deseguido veñan vostedes dicindo o que se puido facer porque a esta moción en concreto si que lle faltou algo en relación coa estrutura tipo que vostedes teñen nas mocións: quixeron facer, non nos deixaron facer, tiveran feito se gobernasen. Polas argumentacións que lle daba anteriormente agora lles dicimos que nesta tivéronse que quedar estritamente en "fagan vostedes".

O agradecemento inicial que lles dicía é evidente. É vostede quen precisamente está a falar de que non imos facer ningún proxecto. Prégolle que revise o que se decide na Mesa de Contratación.

Nesta moción afirman de que unha vez que se van realizar as obras de humanización nesta zona, é un recoñecemento para nós. Non estivemos xogando co barrio de Teis. Se o fixeramos non obteríamos os resultados electorais que tivemos nas eleccións xerais. A que era concelleira de urbanismo non obtería os resultados que acadou na elección persoal para o Senado fronte á candidata do Partido Popular porque a ex-alcaldesa desta cidade si se presentou ás eleccións e esta cidade pronunciouse en votos.

A PRESIDENCIA: Sr. López Font, céntrese na cuestión.

SR. LÓPEZ FONT: Fronte á dispersión que manifestou toda a mañá o grupo do Partido Popular, fareille caso disciplinadamente.

Remato, non xogamos co barrio, dende a nosa campaña electoral temos un proxecto moi serio para a zona de Teis e de alto nivel que suporá a consideración desta cidade a todos os niveis de Cidade do Mar.

Nós non imos quedar aquí, o lóxico sería rexeitar por oportunismo político esta moción. Coido que o xeito de facer oposición ou ó menos o que eu faría sería outro pero nós non lle imos dar o titular de que mañá nos opoñemos ó túnel de Teis e ó que vostede di da Cidade do Mar co que lle demostrei.

Agora tamén me dirixo ós medios de comunicación, como acostuma facer vostede habitualmente e invítolles ós medios e ós cidadáns a que vexan que é o que propoñía de verdade sobre os papeis o goberno do Partido Popular para o túnel de Julián Estévez e o que propón, e conseguiu a súa aprobación provisional neste Pleno, o actual goberno.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Nós evidentemente imos votar a favor da moción pero a ver se conseguimos destacar máis no que estamos todos de acordo porque, polo que ven de anunciar o voceiro do grupo Socialista, vai ser unha moción que imos votar por unanimidade que coido que é o importante e o que temos que valorar.

Non vou falar de coherencia política nin da historia porque nos interesa falar de futuro. Se nun tema coma este non somos quen de valorar no que estamos a favor, fraco favor lle estamos a facer a un barrio que para nós é moi importante como é o barrio de Teis.

A cuestión é, e teño que o dicir así, que esta moción a min me parece oportuna porque hai moi poucos días aprobamos, coa nosa abstención, no Pleno da Zona Franca o convenio para a ETEA. Un convenio que evidentemente é moi importante para desenvolver esa zona de Teis. Nestes momentos é cando temos que ser xenerosos ó máximo para chegar a acordos claros e concretos sobre ese proxecto porque é agora cando teremos neste Pleno da Corporación dalgún xeito que ratificar ese convenio e será nese momento cando nos teñamos que poñer de acordo, polo menos naquelas cosas que o BNG entende que se teñen que concretar

moito máis e loxicamente teñen que avanzar.

Efectivamente nesta Corporación había un acordo unánime de todas as forzas políticas cun proxecto que se chamaba Euromar, proxecto presentado polo BNG pero iso da igual, a partir dese momento xa non era un proxecto do BNG, era o proxecto da Corporación, e nese proxecto se contemplaba facer deses terreos un espazo emblemático, un espazo singular para que Vigo e a veciñanza de Teis puideran sentirse orgullosos de seren referentes desta cidade e mesmo de todo o que ten que ver co mundo do mar.

Máis adiante efectivamente aparece outro proxecto da Xunta de Galicia denominado "Cidade do mar". Dende o primeiro momento nós dixemos que non iamos ter na cuestión da ETEA unha posición maximalista ou absolutamente pechada, senón que dicíamos que teríamos que traballar para que ese proxecto da "Cidade do mar", co que non estamos absolutamente en contra, fora compatible dalgún xeito ou tentara ser o máximo compatible co aquel proxecto que era de toda a Corporación.

Por iso nós queremos deixar moi clara esta postura, imos apoiar esta moción porque consideramos que a construción do túnel é fundamental se queremos que en Teis haxa unha reordenación racional, que haxa ese proxecto que nós aplaudimos como é a humanización de Sanjurjo Badía, tamén a urbanización de todo o contorno do mercado, etc.

Para todo isto é fundamental ese túnel que permita aliviar os tráfico para que por fin Teis poida sentirse coma un barrio da nosa cidade máis amable, máis accesible e sobre todo máis habitable.

Por iso o outro día, no Pleno da Corporación da Zona Franca dixen claramente que queremos que se mellore ese convenio, un convenio no que aínda non están concretados os accesos que terán eses terreos, queremos que se concreten e se amplíen cun anexo de que instalacións deportivas nos van devolver e en que estado porque evidentemente as instalacións deportivas que teñen que ser para os veciños nestes momentos atópanse nunha situación de gran deterioro.

Dixemos que non nos bastaba con que apareza esa dotación de Zona Franca de seis millón de euros para investir na nosa cidade porque queremos que eses seis millóns se reinvestan fundamentalmente no propio barrio de Teis. Tamén dicíamos que queremos que se concrete e se mellore máis a compatibilidade dese gran

proxecto de investigación como é a Cidade do Mar con que existan zonas de lecer e de espazo público para que a veciñanza poida gozar deles.

Polo tanto a favor de que se inste ás organizacións e administracións a construción deste túnel, que efectivamente o goberno desta cidade xa temos iniciado como ben dicía o voceiro do Partido Socialista, pero aproveitemos así mesmo para que ese convenio que maximo teremos de ratificar sexa un convenio que deixe, dunha vez por todas, historicamente un legado importante para un barrio que coido que coincidimos todos en que estivo realmente castigado. Un barrio que ademais soportou algunhas cuestións importantes para o desenvolvemento e a solidariedade co resto da cidade.

Incidamos por favor no que nos une e traballemos todos en conxunto para que ese convenio coa ETEA sexa un convenio que repercuta na calidade de vida dos vigueses e viguesas, da veciñanza de Teis e aproveitemos tamén este momento para instar a quen faga falta a que este investimento tan necesario como o propio túnel se concrete e se realice.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que hai que clarexar varias cousas. O Sr. Touriño na primeira visita que fixo á cidade de Vigo na que eu como voceiro do noso grupo estiven presente, igual que o Sr. Toba do BNG, o Sr. Soto do Partido Galeguista, a Sra. Porteiro do PSdeG-PSOE, a máis da propia alcaldesa, a unha pregunta do Sr. Soto de en que consistía a Cidade do Mar, o Sr. Touriño dixo que se estaba a elaborar ese proxecto e que non nos preocupásemos que nun prazo razoable, entre tres e seis meses, nos remitiría ese proxecto a todos os grupo políticos.

A día de hoxe a este grupo político, naquel intre goberno, non lle chegou nunca a proposta do que sería a Cidade do Mar. A alcaldesa naquela Xunta de Voceiros na Alcaldía de Vigo, dixo que estaba disposta a apoiar ese proxecto sempre e cando houberse un consenso da cidade porque é certo que naquel intre había diferencias. Dixémoslle que adiante, que traballase no proxecto da Cidade do Mar pero con unha única condición: que había que pensar que esa zona de Vigo se comprara e a vontade política da Corporación era o goce e uso pola veciñanza da maior parte das súas instalacións. Esa foi a única condición que lle puxo o goberno e a Xunta de Voceiros.

Pois logo de tres anos e pico daquela xuntanza aínda estamos a esperar ese

proxecto de Cidade do Mar que coido que aínda non sabe a Xunta de Galicia en qué consiste. É curioso que vostede e o Sr. Touriño, uns meses antes das eleccións presentaron un proxecto sobre a Cidade do Mar que agora non coincide en absoluto co que vostedes están a falar. Viñeron en campaña electoral, puxeron unha carpa na ETEA e fixeron unha presentación dun proxecto que hoxe tampouco sabemos se existe.

A maiores tanto o BNG, como o Partido Popular, como o Partido Galeguista, tivemos que aprobar unha reforma integral de Teis dentro do Plan Xeral. Pero ó fronte das manifestacións estiveron vostedes, ó fronte de pedir alegacións e apoialas estiveron vostedes, o Partido Socialista. Logo resulta que se chegou a un acordo cos veciños e ó final esa é a proposta que está enriba da mesa.

Sr. López Font, o dos 36 millóns dino vostedes na ficha, non nós, non sei por qué enganan. Leo: "Financiamento por valor de quince millóns de euros do túnel de Julián Estévez con custo de 36.050.000 euros". Teñen que ser máis rigorosos, é a ficha de seu, que xa dicía no convenio anterior que non falaba de cantidades concretas porque había que desenvolver ese estudo que o Sr. López Peña negouse sempre.

Do Sr. López Peña nós non podemos dicir nada máis que das facilidades que lle deu a esta cidade e, por certo, aproveitamos para lle agradecer publicamente neste Pleno, polo menos o noso grupo, que mentres gobernou e cando nós tamén gobernamos sempre colaborou co noso grupo e coa cidade dentro das súas posibilidades e das súas "rarezas", podo permitirme o luxo do dicir porque coido que sempre houbo unha boa relación.

Son vostedes os que o din. A Sra. Porro non mentiu. Está na ficha que vostedes presentaron.

Tivemos varias xuntanzas na Zona Franca co Sr. López Peña, o Sr. Toba, Sr. Ruiz Cenicerós, eu mesmo, a Sra. Porro. Xuntanzas de todo tipo e o Sr. López Peña non quería desenvolver se a cambio non recibía unha rendibilidade económica. Que saibamos ata o de agora o Sr. López Peña é un membro do seu partido polo tanto non faga agora aquí unha confusión. Se o Sr. López Peña non quixo levar a cabo esa proposta supoño que o Partido Socialista estaría de acordo.

O que é curioso é que todas esas propostas que agora se están a levar a cabo son as que estabamos falando, acábaos de dicir o Sr. Domínguez Olveira, había un

pacto. Ademais estou convencido de que ó final se vai facer o que tiñamos pactado, poden meterse dous ou catro edificios de investigación pero a ETEA vai ser pública, para toda a veciñanza de Vigo porque os propios veciños, se nós non somos quen, vanse encargan de que así sexa.

Claro que se atrasou, Sr. Font, dende o ano 2000 para seren concretos, sete anos e pico. O que non facía falta é que agora vostedes cambien de comportamento e de actitude porque estean gobernando. Ese é o problema desta cidade. Está todo nos documentos, nos papeis, nas propostas, nas xuntanzas da Zona Franca.

O outro día nos levan unha proposta da Zona Franca que é ambigua porque o Sr. López Peña vaise marchar e quere deixar algún documento enriba da mesa, única e exclusivamente, pero isto aínda está moi aberto porque ademais son vostedes quen o deixan así.

Vostedes non lles din ós veciños que no convenio que asinaron con Zona Franca falaba dos criterios básicos de xestión do convenio e di: "En función dos datos que se desprendan dos informes sinalados nos apartados anteriores poderá realizarse un estudo que analice no seu momento a viabilidade da actuación proposta". Este convenio non vale para nada, Sr. Font, porque están a dicir que se non é rendible terán que asinar un novo convenio e que a Zona Franca está liberada de calquera compromiso.

Claro que temos grandes dúbidas do que poida pasar e do que vostedes poidan facer. No ano 2007 había sete millóns de euros presupostados para a Cidade do Mar na ETEA e non se gastou nin un só euro, desviáronse para outras actuacións en Galicia. Isto sábeno vostedes. De quen foi a mala intención ou a mala fe? Dun goberno do Partido Popular na cidade de Vigo que lles estaba a dicir que investiran e que nos deran o proxecto para analizar na Corporación? Non, vostedes unha vez máis tentaron estrangular a esta cidade que non ó Partido Popular.

Pola súa culpa ese proxecto tiña que estar en marcha dende o ano 2004 e vostedes boicotearon nesta Corporación ata onde non puideron máis. Que agora retomen un proxecto que xa tiñamos iniciado e con consenso repito que benvido.

Agradezo as verbas do Sr. Domínguez Olveira. Claro que é unha moción oportuna, é a diferenza entre o goberno, vostede di que é unha moción oportunista e o Sr. Domínguez Olveira di que é oportuna, cambia un pouco as palabras pero din todo o contrario.

Parece que lles gustaría que a oposición non existise porque se presentamos propostas concretas de futuro, dentro da nosa liberdade e do noso traballo como dicía o Sr. Sagarra, amólalles; se non as presentamos non traballamos; se as presentamos do pasado e tentamos que vostedes non nos estean calumniando continuamente tamén lles amola.

Eu lembro algunha frase do Sr. alcalde cando quería mandar á Sra. Porro para a Deputación, díxoo el hai oito ou nove meses cando empezamos o mandato. Agora teño a explicación, parece que lle molesta. Pois é igual, vai estar aquí os tres anos e vai volver presentarse. Nós tamén podemos sacar os datos que a Sra. Porro ten 30.000 votos máis que a Sra. Silva na provincia de Pontevedra.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa céntrese na cuestión porque tampouco lle deixei falar ó Sr. Font.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que esta moción ven abrir o debate da ETEA e de Teis como nós queremos.

Sr. Font, voulle lembrar os tres investimentos máis importantes dos últimos dez anos en Teis e gobernaron vostedes, logo o Partido Popular e agora vostedes outra volta. As tres máis importantes son a piscina climatizada que a fixo o Partido Popular cando gobernaba; a apertura de Pedro Alvarado que asinou o convenio e levoullo a cabo o goberno da Sra. Porro; e o campo de fútbol de herba sintética de Teis son as tres actuacións máis importantes de Teis nos últimos vinte anos. Dígame unha soa de seu. Como hai moita xente que nos analiza e nos segue a través dos medios de comunicación, dígame algunha.

A empacadora, esa é a diferenza con vostedes. Non falen de vontades políticas, nós temos a nosa vontade e coido que se demostrou con Teis.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, leva dez minutos e correspondíanlle cinco. Por favor vaia concluíndo.

SR. FIGUEROA VILA: Moitos dos seus militantes con toda a súa liberdade negociaron co goberno do Partido Popular moitas cuestións de Teis, por exemplo Guixar, todo o plan da zona da Guía que se chegou a acordos. Este goberno deu mostras moi

claras do consenso que houbo con Teis. Coido que a día de hoxe hai un acordo importante sobre todo dentro do planeamento que se levou a cabo en Teis.

Vostedes presentaron infografías manipulando e confundindo e resulta que agora as fichas son similares porque vostedes falan das mesmas edificabilidades, das mesmas alturas.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, pasouse notablemente en tempo, por favor.

SR. FIGUEROA VILA: Remato dicindo que para nós é moi importante esta moción e polo tanto de oportunista nada, senón oportuna e imos seguir nesta liña neste e en moitos máis temas porque coido que temos a credibilidade suficiente como para poder falar de todas estas cuestións.

Esperemos que algún día, logo de tres anos que vai facer que veu o Sr. Touriño, nos digan cal é o proxecto concreto da ETEA. Se o Sr. Domínguez Olveira, Tenente de Alcalde desta cidade, en teoría ou na práctica número dous do goberno, non ten coñecemento de cal é o proxecto concreto e ten que ir á Zona Franca para sabelo coido que é moi grave.

Nós imos apoiar a seguir reivindicando que nos entreguen ese proxecto coas condicións dunha vez por todas.

A PRESIDENCIA: Lémbrolles a todos que os tempos son de cinco minutos nesta segunda intervención.

SR. LÓPEZ FONT: Coido que me vou axustar ó que marca e penso que somos quen máis nos axustamos ós tempos establecidos.

É unha mágoa que non lle faga caso ó Sr. Domínguez Olveira e é unha mágoa que, independentemente de que a moción sexa oportuna ou oportunista, non utilice unha moción coma esta para o que nos une, para chegar a un recoñecemento do que se está a facer e sexa vostede quen nada máis presentar a moción e no desenvolvemento da mesma estea permanentemente aludindo ó que fixo un ou outro partido.

O Sr. Domínguez Olveira e máis eu votamos distinto no Pleno de Zona Franca, el abstívose e eu votei a favor e o que vostedes din aquí sobre o tema de Teis é o que

eu tratei de lle explicar que está feito. Hai asinado un convenio, antes non o había; pódense ter dúbidas sobre ese convenio pero o que é evidente é que é unha declaración de intencións, un acordo entre dúas institucións e iso deberíao ter vostede en conta. Sinceramente coido que o que debería haber é un recoñecemento ó asinado.

Ó mellor eu utilicei mal a vocalización e os acentos pero o que digo é que a información de prensa di: "O goberno de Porro tiña presupostado en trinta e cinco millóns". Non quero que me mesture vostede unhas fichas con outras. Estou a falar do estudo económico do plan é un o de marzo e é outro o de novembro. Vostedes tiñan previsto un túnel Julián Estévez-Avenida Mariña Española presupostado en vintecatros millóns de euros, sen o mesturar con outras cousas que é o que permanentemente fai vostede.

No Plan Xeral hoxe aprobado está en trinta millóns. Non lle pode crear ningunha dúbida, porque é unha contradición, o convenio asinado con Zona Franca porque debería saber que é un dos ámbitos máis rendibles e independentemente de que nese convenio se prevexa a posibilidade de facer un estudo económico de viabilidade, se vostedes son os que garantían que o mercado ía gañar vintecatros millóns de euros nesta ficha, é bastante lóxico pensar coa súa propia argumentación que Zona Franca poida aportar, como así se comprometeu, 14,5 millóns de euros.

Independentemente do que di o Sr. Domínguez Olveira dígolle o mesmo, Sr. Figueroa, é unha mágoa que non recoñeza a colaboración institucional deste goberno. Precisamente este goberno distínguese por poder chegar a acordos coas administracións, por poder chegar a convenios fronte compromisos sen escribir anteriores.

Coido que este goberno dálle solución ós problemas de Teis. Fala de tres cuestións que fixo o Partido Popular e pola outra banda están dicindo que foi unha zona moi castigada. En todo caso hai outras cuestións que non fixeron vostedes, aínda que non vou entrar aí, é unha mágoa que só fixeran esas tres.

Por isto en comparación ó que vostede fixeron, o proxecto de "Cidade do mar" e todo o que comporta o túnel, humanizacións e todo o que se vai facer en Teis e Sanjurjo Badía si que dá resposta á demanda histórica desta zona e debemos aternos ó que está escrito.

De todos os xeitos xa lle dixen que a nosa preocupación e o noso compromiso por Teis foi manifesto dende o primeiro momento, non lle imos dar titulares e vou facerlle caso ó Sr. Domínguez Olveira, ogallá tamén llo faga vostede, pense en cidade e non e atacar a antigos concelleiros do meu partido e chegue un día en que recoñeza aquí a importancia que vai ter o proxecto de "Cidade do mar" e outros máis para cidade porque de poucos pode presumir o anterior goberno da persoa que ten á súa dereita.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O problema non é que me fagan caso a min ou non, non me vou marchar de aquí decepcionado porque non me fagan caso. O problema é que lle fagan caso á cidadanía. Á cidadanía que hoxe está escoitando e que vai escoitar esta moción o que lle importa é se o Partido Popular, o Partido Socialista e o BNG estamos de acordo na necesidade de construír ese túnel que axilice ese tráfico en Teis. Si estamos de acordo.

A segunda cuestión que lles interesa á veciñanza é se estamos de acordo en que a ETEA ten que ser un elemento emblemático para uso e goce dos veciños, facéndoo compatible con ese proxecto da "Cidade do mar" e que as instalacións deportivas dunha vez por todas en un bo estado repercutan para a cidade e para os veciños. Si estamos de acordo os tres partidos políticos.

Pois entón, Sr. Alcalde, Sr. concelleiro do PSOE e Sr. voceiro do Partido Popular, contén comigo e co noso grupo. Sentémonos, analicemos o proxecto, analicemos o que dicía o Sr. Font e poñámonos a traballar. É así de fácil, iso é facerlle caso á cidadanía aínda que non mo fagan a min.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Domínguez Olveira, no ano 2003 a veciñanza de Teis querían que a ETEA fose para o goce dos veciños. Por que o Partido Socialista se opuxo continuamente a ese proxecto? Pregunten a veciñanza de Teis.

Hai tres anos e medio o túnel de Julián Estévez co eixo da Avenida de Galicia a veciñanza de Teis queríano. Por que os membros do Partido Socialista boicotearon ese proxecto? A diferenza é que estamos na mesma situación pero catro anos logo. Isto tamén ten que o saber a veciñanza, por que un partido político boicoteou sistematicamente os proxectos para Teis e para esta cidade. Iso é a única diferenza que hai e temos que o denunciar, non nos imos calar. Claro que agora nós estamos

a favor e non estamos calumniando nin difamando a ninguén, está nos medios de comunicación, alguén tentou boicotear todo o proxecto de Guixar, o proxecto do plan especial da Guía, o proxecto da ETEA.

Aquí se di claramente que non a un proxecto deportivo e á construción de vivendas e de zonas comerciais e agora, logo de catro anos, imos facer exactamente o mesmo pero por consenso. Coido que esa é a cuestión.

Sr. Domínguez Olveira, claro que estamos de acordo, vostedes máis nós non variamos. Como pode dicir o Sr. Font que non hai un convenio se o asinou o Sr. Pérez Castrillo en maio do ano 2003? Nós apoiámolo.

Están mentindo. Sr. Font, vostede está a dicir que non había ningún acordo; nas fichas está reflectido como vostede di un custo de vinte e catro millóns de euros. Evidentemente, se pasaron catro anos dende que fixeron esa valoración terá que ter un incremento pero non fai falla ser moi listos para controlar iso.

O que si é importante é que si había un convenio dende o 8 de maio do ano 2003 asinado por un membro do noso partido. Non se esquezan vostedes de que a ETEA levaba moito tempo aí pero quen fixo a xestión para que esta cidade puidese ter a ETEA foi don Pablo Egerique membro do Partido Popular, sendo alcalde o Sr. Pérez Castrillo e que logo a Sra. Porro ratificou ese acordo nas aprobacións dos Plenos correspondentes. Esa é a realidade.

O Partido Socialista mentres non gobernaron e mesmo co-gobernando co Sr. Pérez Castrillo o boicotearon sistematicamente e a día de hoxe non sabemos aínda cal é o proxecto para ETEA. Nós dicímoslle que queremos un proxecto para Teis integral coma estaba reflectido nas nosas propostas. Por suposto que imos vixiar e controlar cal é a proposta que se fai para a ETEA porque de pechar a ETEA nada, polo menos iso o Partido Popular teno moi claro.

A ETEA poderá ter centros de investigación como a Sra. Porro lle dixo ó Sr. Touriño no despacho pero non pechala. A ETEA ten que ser un espazo aberto para a veciñanza de Teis, é a última oportunidade que temos e que teñen a veciñanza de Teis. Non imos discutir se ten que ser un 5% máis ou menos de vivenda protexida ou de zonas comerciais. Dicimos que o espazo da ETEA ten que ser aberto para o uso de toda a veciñanza. Alí non pode haber ningunha zona privada, os cen mil e pico metros cadrados que ten a ETEA teñen que ser abertos para a veciñanza de Teis porque esa foi sempre a proposta que defendeu o Partido Popular.

Coido que a moción é oportuna, é coherente, é responsable e o Partido Popular segue a estar onde estaba dende o ano 2003, non variamos de postura para nada.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo do Partido Popular, Sra. Porro Martínez, instando negociar cos organismos competentes a execución do túnel de Guixar, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: A situación actual é que quedan sete mocións, punto de rogos e preguntas, máis unha moción urxente que presentou o grupo do BNG. Ó tempo razoable que estamos desenvolvendo isto significa entre dous e tres horas máis sendo breves.

Ás dúas e medias imos suspender a sesión que se vai continuar ás cinco da tarde.

SR. FIGUEROA VILA: O noso grupo está disposto a concretar á lectura da moción e á votación, excepto a moción de emprego. Imos tentalo.

17.- (101).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Ó CESAMENTO DOS SERVIZOS DO CONCELLO EN MATERIA DE EMPREGO E REITERANDO A APROBACIÓN DUN NOVO PLAN DE EMPREGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2008, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"Nos primeiros días do presente mes aconteceu no Concello de Vigo un feito moi grave: O Concello deixaba de prestar os seus servizos cidadáns en materia de emprego; tanto a emprendedores de iniciativas empresariais como aos cidadáns desempregados ou desempregadas, e máis a aqueles que se atopan en situacións que dificultan a súa inserción no mercado laboral.

Estes feitos podían ter sido previstos. De feito, o Partido Popular denunciou de forma reiterada durante os últimos catro meses a paralización na xestión de emprego e a falta de iniciativas do concelleiro da área.

Así, en decembro, o Grupo municipal do PP presentou unha moción -que foi aprobada por unanimidade- para a presentación dun Plan de Emprego 2008-2011 unha vez finalizado o Plan anterior (2004-2007)

Tamén denunciámos a perda dunha subvención de 136.622 € da Xunta de Galicia para a contratación de seis traballadores destinados a desempeñar tarefas no departamento municipal de Promoción Económica e Emprego, así como a falta dun convenio coa Xunta de Galicia para formalizar investimentos en materia de emprego na cidade.

A falta de interese deste goberno na promoción de emprego conduciu a que a Concellería de Emprego fose perdendo nos últimos meses o seu persoal ata atoparse a 1 de abril cunha soa persoa (unha administrativa interina contratada o pasado mes de decembro.)

Aínda que estamos a vivir unha crise económica na que, entendemos, as políticas de emprego amósanse como prioritarias, e logo das declaracións do goberno local respecto do emprego como prioridade da súa acción, mesmo da do propio Alcalde, os feitos acontecidos manifestan como un departamento queda á deriva mercede á falta de xestión do concelleiro responsable da materia sen que a ningún membro do goberno pareza importarlle.

Todos os servizos de asesoramento a emprendedores e de orientación laboral, entre outros, están a día de hoxe totalmente paralizados .

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Municipal:

- Ao restablecemento inmediato dos servizos de asesoramento empresarial e orientación laboral de forma normalizada.
- Á aprobación dun novo Plan Municipal no que se establezan as políticas de emprego municipal."

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 21 de abril, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: Este é un tema que vimos denunciado de xeito reiterado, con mocións en decembro e en xaneiro, e sen embargo este goberno segue sen facer caso. Todos os corporativos e a cidadanía, sobre todo os votantes do Partido Socialista, en campaña electoral foron conscientes de que para o Partido Socialista o pleno emprego ía ser unha das súas prioridades, mesmo co anuncio de

que se ía colgar un cartel de pleno emprego.

Pasados dez meses non só isto non é así senón que chegamos a unha situación na que nun departamento municipal se puido colgar o cartel de pechado ou o de "volva vostede mañá" porque na planta cuarta, a principios de abril só había unha persoa atendendo o departamento e, como a hora do café ós funcionarios non se lles pode eliminar, nalgúns momentos non había absolutamente ninguén.

Isto parécenos moi grave porque xa non se trata de facer medidas de emprego nun momento como o actual en recesión económica e que as políticas activas de emprego son fundamentais, senón que pola contra levouse á paralización absoluta, con mocións aprobadas por unanimidade neste Pleno.

En xaneiro fomos conscientes que para este goberno o pleno emprego era só un anuncio porque nos presupostos municipais a partida presupostaria para este departamento diminuía e tendo en conta que o último presuposto aprobado era de 2005, diminuía dun xeito considerable se tiñamos en conta as actualizacións do IPC.

Posteriormente e por primeira vez no departamento de emprego perdeuse unha subvención de máis 136.000 euros logo de seren concedida pola Xunta de Galicia para poder financiar traballadores. A situación caótica chega o 1 de abril, avisados polo Partido Popular que os distintos programas e os contratos ían rematando e que a 31 de marzo o departamento quedaba baixo mínimos, cunha administrativa na planta cuarta.

Ante esta situación cremos necesario volver traer este tema ó Pleno porque cremos que o emprego segue a ser unha das cuestións prioritarias para todos os cidadáns, sobre todo para aqueles que se atopan nesta situación. Ademais o Concello de Vigo, como Corporación, sempre tivo unha actitude positiva en canto a manter políticas activas de emprego.

Ata o de agora que a Sra. Díaz no punto oitavo daba conta da execución do primeiro trimestre e daba os datos da súa compañeira a Sra. Abelairas no departamento de Vías e Obras. Se chega quitar os datos de execución presupostaria do departamento de Emprego ía baixar considerablemente a media porque ata o de agora non se puido gastar nada, polo menos que se saiba, porque non houbo contratacións, só se presentaron programas pero como dixen mesmo os programas concedidos se rexeitaron e non se puxeron en marcha.

Preocúpanos esta paralización, coidamos que é moi grave e pasa poucas veces que en calquera administración, sexa local, autonómica ou estatal, servizos postos en marcha se paralicen deste xeito.

Por tanto este grupo insta ó goberno municipal o restablecemento inmediato dos servizos de asesoramento empresarial e orientación laboral de forma normalizada, é dicir, que se manteña o persoal necesario para isto posto que este departamento de emprego chegou contar con case media centea de persoas e neste intre que nós saibamos hai tres persoas e o xefe do servizo que comparte xefatura con Participación Cidadá. E que se aprobe o novo plan municipal no que se establecen as políticas de emprego municipal.

Sei que hoxe se incorporou no punto 7 da Xunta de Goberno que mañá van vostedes a desenvolver, o plan de emprego municipal 2008-2011. Non sei se o fixeron porque nós presentamos esta moción ou como fixeron tamén coa contratación dunha das persoas contratadas ó longo deste mes, sen facer proceso de selección e collendo ó anterior, non como fixeron cando perderon a subvención que fixeron dous procesos de selección e logo non as colleron.

Realmente me preocupa que hai unha moción do mes de decembro, aprobada por unanimidade desta Corporación, na que precisamente se solicitaba por parte do responsable de Promoción Económica e Emprego un cambio no acordo do texto que eu aceptei, e aprobouse o seguinte: "Instar á Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego a presentar un novo plan municipal de emprego 2008-2011 que deberá ser previamente consensuado cos grupos municipais e máis cos axentes económicos e sociais".

Sei que se repartiu un borrador ós axentes sindicais deste Concello, eu téño non porque mo dera o concelleiro senón porque mo deron outras persoas, pero que eu saiba non conta con consenso porque nin sequera a parte sindical deulle a súa conformidade. Por iso nos preocupa que vaia este acordo á Xunta de Goberno sen que a oposición coñeza os planes de emprego que sempre foron aprobados no marco desta Corporación, sempre se consideraron un problema de todos os grupos políticos e que no mandato anterior se aprobou por unanimidade habendo tres forzas políticas na oposición.

Por tanto instamos a que estes dous puntos se aproben por unanimidade porque realmente cremos que hai unha paralización absoluta dun departamento

importante para a cidade de Vigo e parécenos necesario que se pule polas políticas de emprego nesta cidade.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Cando falabamos de apurar esta moción e logo do escoitado esta mañá, vou tratar de ser breve pero non podoo deixar de aclarar algunhas cuestión.

É certo que nos últimos Plenos falamos das políticas de emprego deste Concello e dada a sensibilidade que hai que ter con estas cuestións, coido que dende aquí fomos moi prudentes mesmo á hora das respostas pola miña banda porque co emprego non se debe improvisar nin causar falsas expectativas.

Lamento ter que dicir algunha cousa aínda que hoxe, logo de escoitar a dúas compañeiras de Corporación que son moi prudentes, paréceme que faltabamos o compañeiro Sr. Comesaña e máis eu para subir un pouco o ton para ver se son todos respectuosos.

Eu teño que dicir á Sra. Molares que falta absolutamente á verdade. O que vostede di é totalmente falso. Non só alarmou nos medios de comunicación dicindo que tiñamos pechado o departamento de Emprego senón que ademais insiste aquí. Falta á verdade reiteradamente ó longo da moción escrita na que eu pensei que ía facer referencia a outra cousa, pensei que isto non o podía escribir alguén que en teoría coñece o tema do emprego e pensei que ía dicir algunha outra cousa. Pero vexo que reitera algo que lle digo que é totalmente falso.

Nin se deixaron de prestar os servizos de orientación laboral, nin se deixaron de prestar os servizos ós emprendedores. Ademais lle teño que dicir que non entendín moi ben nestas flores que deixa caer a que se refire vostede co proceso de selección e como a "acolleron". A quen se refire vostede?

Vostede levan facendo alarma social ó longo de varios anos, o seu partido no ámbito do estado e en Galicia; que se España rompe, que se rompen as familias, a crise.

A PRESIDENCIA: Sr. Rodríguez, céntrese na moción.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Ven ó fío porque aquí anunciaron unha catástrofe de que temos paralizado o servizo pero non se vai cumprir como outras moitas das que

anuncian vostedes. En ningún momento quedou ninguén sen atender, é máis, hoxe xa hai catro funcionarios. Vostede tiña un e tiña unha praza sen cubrir. Teño que o lembrar porque vostede a iso non lle daba ningunha importancia.

O que lle quero transmitir é que dunha vez vai haber nesta concellería unha estrutura de funcionarios como en calquera outra e vostede non se preocupou nestes catro anos de que a houbera.

No servizo de asesoramento a emprendedores non só atenderon a todos os que desexaban iniciar unha nova andaina, senón que atenderon a aqueles que a teñen iniciada, fixeron postas en escena de emprendedores que quixeron publicitar á súa empresa alí e por se non fora pouco elaboraron as normas para o viveiro de empresas. Fíxese se estaba iso pechado.

Fala de paralización total. Non sei se vostede realmente pensa o que escribe ou logo o que fala porque fala de paralización e logo fala de programas. Reitero que nin está paralizado o servizo de Emprego e moito menos sen iniciativas e ademais todas elas considerando o mercado de traballo de Vigo, a súa poboación, a poboación estranxeira, as idades, a afiliación á Seguridade Social nos distintos réximes, xeral, de autónomos, a calidade do emprego, os demandantes de emprego e un sen fin de máis cuestións que son moi importantes para elaborar un plan de emprego e que esas iniciativas sexan eficaces, en definitiva tamén vinculadas co conxunto das políticas de emprego que agora mesmo fai a Xunta de Galicia cun goberno de progreso e tamén fai un goberno socialista no Estado.

Tamén lle quero dicir que non se trata só de ir solicitar subvencións, tamén hai que saber cales e que políticas de emprego facer con elas.

Voulle facer un breve resumo dalgunhas iniciativas propias feitas dende o departamento de Promoción Económica e Emprego para contrastar coas iniciativas que vostede herdou.

En Promoción Económica de xeito directo polo Sr. Alcalde fomos quen de artellar unha iniciativa urbana para o barrio de Teis de dez millóns de euros. Sabemos que competimos con outras seis cidades de Galicia e esperamos que esa iniciativa sexa tida en conta para a nosa cidade. Fomos quen de facer un programa de emprego de calidade para difusión das axudas, para a taxa de estabilidade e tamén con iniciativas para que, cando facemos contratacións no Concello, se teña en conta que as empresas que contraten con nós teñan un cadro de persoal o máis estable

posible.

Tamén "Vigo emprende", no que coincidimos con vostede pero sabendo que hai case vinte mil autónomos en Vigo e aí van numerosas e novas iniciativas que vostede coñecerá unha vez que aprobemos ese plan municipal de Emprego.

Tamén presentamos un de "Emprega verde", solicitado a fundación da Biodiversidade do Ministerio de Medio Ambiente e contando tamén coa colaboración de dúas comunidades de montes.

Programa de emprego feminino dando cumprimento ós programas da Xunta de Galicia, Consellería de Traballo, do "Plan Aurora", "Muller porque si" e "Tecendo o futuro" e tamén o programa "Emprega".

Ademais fomos quen de facer un pacto local polo emprego. Vostede non, ó mellor nin se lle ocorreu ou non tiña vontade de chegar a ese consenso do que fala. E non só non se lle ocorreu ese senón que non se lle ocorreu ningún porque vostede nin en 2006 nin en 2007 solicitou ningún programa europeo porque senón os estaríamos desenvolvendo agora que non eran para desenvolver en cinco días. Non hai ningún programa europeo que vostede solicitara. Os que había remataron, no 2007 non foi quen de artellar ningún para que esteamos a desenvolver no 2008, busque no libro que non aparece ningún.

En total dígolle que oito programas novos, máis seis dos que vostede desenvolvía, total catorce. Oito programas novos desenvolvidos cos propios medios da concellería.

Non se pode faltar deste xeito á verdade nin facer unha alarma como a que fixo vostede a través dos medios de comunicación e pretendeu reiterar aquí.

En canto ó plan municipal de emprego está consensuado coas organizacións sindicais do Concello e coas unións comarcais que son que o avalan.

SRA. MOLARES PÉREZ: Falei moi rápido e tentei facer a miña intervención en sete minutos mentres que vostede utilizou dez e falou tan amodo pero cada quen fala á súa maneira. O que parece é que estaba tentando gastar os dez minutos pero sen dicir absolutamente nada.

En política podo ser mellor ou peor pero de todas formas o que non que vou consentir de ningún xeito é que me diga que faltou absolutamente á verdade porque aquí están os datos para o comprobar.

Deixoume máis preocupada agora que cando presentei a moción. Estou sorprendida con vostede porque dende logo que vostede de estrés non vai morrer. A paciencia e a calma que ten non se axita por nada, agás que lle dei un "bocinazo" o Sr. alcalde e ó mellor esperta pero é lamentable que poida dicir ós cidadáns que o departamento de Emprego non está paralizado cando vostede mesmo di que ten catro funcionarios e está encantado da vida.

Podo asegurarlle que coñezo á xente que ten porque controlo a Xunta de Goberno, na oposición traballamos, ó mellor sei máis do que pasa na Xunta de Goberno que vostede que pertence a ela. Aquí hai un expediente, do que mesmo lle podo dar o número, da persoa que contratou, non acostumo falar sen traer a información e os datos correspondentes por tanto sei perfectamente do que estamos a falar.

Tamén sei das iniciativas que vostede está a presentar, pódollo asegurar. Ten unha interina. Pódeme dicir que na planta cuarta os días 1, 2 e 3 de abril había máis dunha persoa? Puxeron unha persoa do departamento de Persoal ocupando unha cadeira no departamento de Emprego pero ademais estaba de baixa. Claro que o sei, non crea vostede que eu cando preparo unha cousa non sei o que preparo.

Sei que neste intre ten a tres persoas, o xefe de servizo e esa persoa que leva prevención e riscos que está situada na planta cuarta. Seino. Vostede en política de emprego contoume todo o que presentaron a subvencións. Seino. Pero me vai dicir que non é certo que neste intre o departamento de Emprego estea baixo mínimos? Vaime dicir que todas as contratacións que había non son necesarias?

Eu non fago interpretacións, linlle o acordo anterior, linlle o acordo que os corporativos aprobaron: "Instar á Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego a presentar un novo plan municipal de emprego 2008-2011 que deberá ser previamente consensuado cos grupos municipais e máis cos axentes económicos e sociais".

O grupos municipais debe ser que é un concepto tan ambiguo que non se sabe quen son. Que eu saiba están o Bloque Nacionalista Galego, o Partido Socialista e o Partido Popular. Como pode dicir vostede que ten este plan consensuado se nin sequera nolo amosou? Claro que o coñecemos, fíxese se o coñecerei que ata lle podo dicir dese borrador os parágrafos que ten repetidos respecto do anterior plan e ata está feito o corta-pega que maxino que se nolo deixaran ver antes de que fose á Xunta de Goberno ó mellor ata lle poderíamos corrixir cousas.

Xa sei que lle cambiou o programa Bial, primeiro aparecía no borrador como Bial II e agora cambiou e puxo Útil. Útil é o que tería que ser a concellería de Emprego para que se acadaran máis empregos.

Como me pode dicir que a xente estivo asesorada en orientación laboral cando na contratación desa persoa que lle dixen da que non vou mencionar o nome pero tamén lle digo que non houbo proceso de selección, que utilizou o anterior e teño enriba da mesa o número de expediente, cando se contratou o día 8 de abril. Como pode dicir que do día 1 ó 8 houbo alguén? Asesorou a administrativa? A administrativa fixo un asesoramento de orientación laboral? Pois entón temos outro problema porque estaba facendo unhas funcións que non lle correspondían.

O departamento está paralizado e se vostede cre que con catro persoas que ten neste momento está funcionando tennos que preocupar a todos porque me deixa moito máis preocupada.

Presentou proxectos como os presentamos nós e se descoñece todos os proxectos que se presentaron no anterior mandato entón colla a memoria e lea. Eu non vou entrar falar do pasado porque estamos aquí para falar de futuro e da nosa xestión xa nos analizaron e nos xulgaron os cidadáns. Agora están para xulgar a este goberno e eu teño a obriga de facer que ese departamento funcione e que vostede non o estrague.

Non sei se tomarmo como un eloxio o coma un insulto pero dicir que teño eu tanto poder sobre os medios de comunicación que os alarmo e fanme caso, coido que os medios de comunicación nesta cidade son o suficientemente intelixentes e contan con suficientes profesionais capacitados e con méritos como para analizar a información, a contrasten e quiten os titulares que queiran. Non creo que vaian ó ditado dunha concelleira da oposición do Partido Popular pero moitas gracias por crer que é así.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Xa non sei se teño que lle facer caso e falar rápido, lento ou o ton que teño que utilizar pero a próxima vez falámolo antes e me di como. Moléstase por todo, ata porque utilicei os dez minutos regulamentarios, non di vostede iso cando os seus compañeiros se pasan dez minutos máis. Como vostede dicía isto ten suficiente importancia como para iso.

Cando lle preguntei que era o que deixou no ar da persoa que se contratara sen

proceso de selección, como vostede di que se prepara as cousas sabe que a orde da Xunta posibilitaba prorrogarlle o contrato ós traballadores do servizo de Orientación Laboral. Prorrogóuselle a un deles porque non cumpría os famosos dous anos. Non hai nada máis polo tanto non se contratou a ninguén senón que se lle prorrogou o contrato á persoa que viña desenvolvendo ese traballo durante un ano.

Cando fala de cincuenta persoas quere dicir que vostede utilizaba os contratos de programas para facer traballos de estrutura? Traballos que teñen que facer os funcionarios? Se era iso dígao, Sra. Molares, será moi interesante para os que están facendo reclamacións agora no Xulgado do Social.

Uns días fálame de vacacións, outros se me “*estreso*” ou non. Será o meu problema. A min gústame falar do que nos trae aquí que é do emprego.

Do cumprimento do presuposto xa lle falarei no seu momento porque vostedes van introducindo cousas e ó final terminamos falando de todo menos do que nos interesa.

Cando lle digo que estaba consensuado o plan municipal de emprego sei o que digo. Non con vostedes porque iso é unha acción de goberno que nós temos. Unha vez que o aprobemos na Xunta de Goberno Local estou convencido de que vostedes e máis o Grupo Popular van estar de acordo en apoiar esas iniciativas. O que si lle digo é que os catro sindicatos do Concello de Vigo si deron a súa conformidade e ademais tamén ó acordo marco que soporta ese plan municipal de emprego. Tamén o fixeron así as tres organizacións comarcais maioritarias. É máis, trasladouse tamén á Confederación de Empresarios un borrador dese plan de emprego para que nos deran a súa opinión.

Polo tanto e cumprindo esa resolución á que vostede facía referencia, unha vez que o aprobemos na Xunta de Goberno Local falarémolo con vostedes.

Esta mañá coido que a palabra máis repetida dende esa bancada foi a de mentira, mesmo falta de respecto. Sinto que a vostede non lle guste cando se lle di que as súas intervencións faltan reiteradamente á verdade.

Canda fala de que o servizo de emprego e de asesoramento está pechado a quen máis lle está a faltar ó respecto é os traballadores e traballadoras. Como pode facelo? A min me pode faltar ó respecto todo o que queira, pode dicir o que queira porque ese é o xogo político pero non lles falte ó respecto a eles, non diga que está

pechado cando están facendo un magnífico traballo. Coa súa intervención é o que está a facer.

Reafírmome ante a cidadanía e ante vostedes de que falta non só repetidamente á verdade, senón que de forma compulsiva.

SRA. MOLARES PÉREZ: Coido que para o caso que fai o concelleiro do ramo sobran tres minutos. Repítolle que podo dicir que non falto á verdade e fálolle de listados e de persoas.

En ningún momento dixen que, non funcionarios, senón persoal contratado que ten que ademais bastante están a facer cando ven a falta de interese político que vostede ten e está atendendo só, ten mérito. Pero dígame vostede a quen tivo en orientación laboral, fíxenlle unha pregunta concreta. Quen estaba atendendo o 1 de abril o departamento de Orientación Laboral? Como pode ter tanta cara de estar dicindo unha cousa cando eu teño aquí o expediente, número 5119/77, aquí aparece que "...O período de contratación iniciárase o 08.04.08 e rematará o 07.04.09, sete días logo de que remate a convocatoria".

No expediente aparece que o fai pola contratación anterior; o que lle digo é que me chama a atención que o contrate así cando teño aquí outro expediente, "Proceso de selección para a contratación de seis axentes de emprego e desenvolvemento local", do ano 2007, que logo de facer a selección e aquí está o anuncio do periódico que fixeron, vostede díxolle a esta xente que non a contrataba. Fixo un proceso de selección e quedaron seis persoas na rúa. Agora fai un proceso de selección contratando a alguén que o saca dunha lista. Pódolle asegurar que estaba ben feito porque o fixen eu. Non ten sentido.

Pódeme dicir vostede que fala de calidade no emprego, na oferta de emprego público cantas persoas van destinadas ó departamento de Emprego? Vostede está propoñendo nos programas de cooperación de 2008 e no borrador que teño porque me pasaron, non vostede porque vostede o consenso enténdeo logo de que xa está aprobado na Xunta de Goberno, está incumprindo un acordo do mes de decembro de todos os corporativos e dio tan contento. Por iso lle digo que non ten estrés porque o di con toda a tranquilidade do mundo. Xa me gustaría a min ser así.

Nese borrador que me pasaron e que se quere lle fago suxestións porque tamén fala de que o vai adaptar á linguaxe de xénero, que é un tema que nos preocupa

moito, e sen embargo nas introducións puxo "técnico" non "técnico/a" como se fai normalmente e iso que o tiña ó lado. Téño aquí analizado, linmo todo a pesar de que vostede non mo deu, vostede non quere que traballe e a min me gusta traballar.

Cantas persoas meteu vostede no departamento, se non son funcionarios, se as persoas que contratou son "contratados", ata a praza de administrativa que é de cadro de persoal é interina e que me diga o Sr. Font que cambiou no departamento de Emprego. A persoa que lle citei, unha persoa que estaba sentada no departamento de Persoal vai levar prevención e riscos dende arriba.

De todos os xeitos eu teño claro e podo demostrar con todos estes documentos que teño aquí que non estou faltando á verdade, non é o meu xeito de facer política e non o vai ser no futuro.

O que me importa é que vostedes poñan en marcha un plan de emprego e que axuden á cidadanía viguesa a ter un posto de traballo. Que se vexan cales son as políticas deste Concello en materia de Emprego.

Repito que me entristece que un plan de emprego que ata o de agora sempre se aprobou por unanimidade, como dixo vostede expresamente, como vostedes teñen maioría suficiente o van facer sen contar coa oposición. Lémbrolle que o plan anterior se podía aprobar en Xunta de Goberno e expuxémonos a traelo aquí estando en minoría, cos tres grupos da oposición e conseguimos aprobalo con unanimidade porque criamos que era un plan para todos os vigueses.

Xa vexo que vostedes non teñen ese xeito de traballar e láméntoo porque coido que todos perdemos.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo do Partido Popular, Sra.

Molares Pérez, relativa ó cesamento dos servizos do Concello en materia de emprego e reiterando a aprobación dun novo plan de emprego, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (102).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A CELEBRACIÓN CON DIVERSAS ACTIVIDADES DO DÍA 15 DE MAIO DO "DÍA DO EMPRENDEDOR".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2008, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

"Unha vez que xa pasaron as eleccións xerais e os discursos triunfalistas de que aquí non pasaba nada e de que estabamos na "Champions League" das economías, existe unanimidade en que a situación económica actual é complicada e as súas consecuencias estanse sufrindo: peche de empresas, forte caída do consumo, destrución de emprego, etc.

¿Podemos facer algo desde o Concello? Sinceramente penso que si. Unha das posibles solucións, que debería de se converter nun obxectivo estratéxico da cidade, é a de fomentar a cultura emprendedora e o autoemprego.

Vigo é unha cidade de oportunidades e de emprendedores porque sempre tivemos claro que os seus atributos (creatividade, toma de decisións, motivación, responsabilidade, fortaleza, confianza nun mesmo, constancia, traballo en equipo, asunción de riscos, planificación...) teñen contribuído decisivamente a que sexamos a primeira cidade de Galicia.

O partido popular entende que co gallo da celebración en Galicia o próximo día 15 de maio do "día do emprendedor" o Concello, ben só ou ben en colaboración con outras entidades que apoian a iniciativa empresarial, debería sumarse a esta iniciativa organizando en Vigo una serie de actividades como poden ser xornadas de sensibilización, mesas redondas, talleres de ideas de negocio, charlas de empresarios/as de recoñecido prestixio, concursos para escolares..., en fin, promover unha xornada que teña como obxectivo básico o fomento do carácter emprendedor e a creación de emprego.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación municipal de Vigo que tome o seguinte acordo:

Instar á Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego a celebrar o día 15 de maio, "día do emprendedor", con actividades nas que a protagonista sexa a persoa

empresaria, resaltando a súa figura como xeradora de emprego e riqueza na sociedade”.

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 21 de abril, quedou informada do contido da anterior moción.

O Sr. Fidalgo Iglesias procede a ler o texto da parte resolutiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, instando a celebración con diversas actividades do día 15 de maio, "Día do emprendedor", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (103).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO SE RESPECTE O USO VECIÑAL E SOCIAL DO CENTRO CÍVICO DA RÚA ROMIL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2008, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

"O Goberno local do Partido Popular impulsou ao longo do seu mandato, numerosas actuacións e puxo en marcha iniciativas destinadas á creación de espazos para favorecer a formación, os usos de novas tecnoloxías da comunicación, a participación cidadá, en definitiva, o encontro das persoas e colectivos que viven nos barrios da nosa cidade.

Ademais de ter un convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra de dúas novas sedes para as Asociación Veciñais de Cabral-Feira e Alcabre, no ano 2006 puxemos en marcha un novo centro cívico en Saiáns, contando así o Concello con catro centros cívicos nese momento.

Redactáronse tamén os proxectos dos centros cívicos de Finca Solita en Alcabre, Dr. Fleming na Rúa Romil e Colexio Alemán en Coia, ditos proxectos rematáronse na primavera de 2007, supoñendo a súa realización un custo que roldou os 70.000 euros.

O proxecto de rehabilitación do local Dr. Fleming na rúa Romil recolle a construción dun centro cívico, a sede da asociación veciñal "Dr. Fleming" e a sede dunha asociación de carácter asistencial.

O Grupo Municipal do BNG estaba entón de acordo co proxecto, e así o manifestou presentando ao Pleno da Corporación do 24 de abril de 2006 unha moción na que propoñía "incoar expediente de modificación de crédito con cargo ao remanente líquido de tesourería para as seguintes aplicacións", entre outras, "Proxecto estrutura anexa Dr. Fleming.

Hai uns días publicouse en diferentes medios de comunicación a intención do Sr. Caballero de ceder a estrutura existente xunto as instalacións do colexio Dr. Fleming para a sede do Eixo Atlántico en Vigo, privando aos veciños e veciñas de importantes espazos que hai tempo veñen reclamando. Non comprendemos os criterios utilizados por vostede Sr. Alcalde para tomar, de xeito individual, esa decisión.

No Grupo Municipal do Partido Popular sabemos a importancia que para a cidadanía teñen os centros cívicos que, dende hai tempo, deseñan proxectos e actividades co obxectivo de chegar ás novas tecnoloxías da comunicación e da información ó conxunto dos cidadáns, ofertando ademais importantes actividades que, sen dúbida, contribúen o enriquecemento persoal e a formación de moitos cidadáns.

Ademais, valoramos o traballo que leva a cabo o movemento asociativo tanto veciñal, promovendo servizos que faciliten o desenvolvemento das persoas, como o asistencial que destaca por prestar atención á veciñanza máis desfavorecida ofertando alternativas que facilitan unha mellor calidade de vida aos discapacitados e as súas familias.

Por todo o exposto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

- Respetar o proxecto realizado para a estrutura da Rúa Romil, respectando o seu uso veciñal e social.
- Habilitar unha partida orzamentaria para a posta en marcha deste proxecto."

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 21 de abril, quedou informada do contido da anterior moción.

A Sra. Iglesias Bueno procede a ler o texto da parte resolutiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

A PRESIDENCIA: Entendo que hai unha proposta de texto alternativo que se vai ler. Se se acepta se vota e se non votárase a que leu a Sra. Iglesias.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Manter o acordo plenario do 28.11.05 polo que a estrutura da rúa Romil anexa ó colexio Doutor Fleming de propiedade municipal se transforme nun centro de usos sociais e veciñais para o barrio, incluíndo un estudo de compatibilidade deste uso co espazo necesario para o local do Eixo Atlántico e a Mancomunidade.

SRA. IGLESIAS BUENO: Non se acepta a proposta.

A PRESIDENCIA: Vótase entón o texto orixinal

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, instando se respecte o uso veciñal e social do centro cívico da rúa Romil, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (104).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Á POSIBILIDADE DE INSTALAR UNHA ROTONDA ENTRE AS RÚAS VENEZUELA E MARQUÉS DE ALCEDO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2008, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

"Comprobada a saturación do tráfico na confluencia das rúas Camelias, Venezuela, Granada e Marqués de Alcedo, o Grupo Municipal do Partido Popular formula unha proposta que ben se podería adoptar coa finalidade de gañar en fluidez e

seguridade para os vehículos e peóns.

Falamos dunha das arterias máis saturadas na actualidade que conecta dous eixos da cidade como son as zonas de Travesas e Gran Vía-Praza de España por onde circulan diariamente máis de 20.000 vehículos e onde se atopa un centro neurálxico de servizos como é o edificio do Concello.

O que propón o Grupo Municipal do Partido Popular ten dous sentidos; un, técnico e outro, estético. O primeiro deles pretende, coa creación dunha rotonda á altura da confluencia da rúa Venezuela con Marqués de Alcedo, distribuír todo o tráfico da zona. Trátase de gañar en seguridade e fluidez nun espazo que habitualmente resulta conflictivo polas posibilidades que ofrecen as rúas que conflúen nese contorno. O distribuidor de tráfico que propoñemos, a rotonda, e que tan bos resultados está a dar noutros puntos da cidade, ten a garantía de evitar situacións de risco que con tanto xiro no espazo mencionado presenciamos cada día. Con esta medida evidentemente eliminaríamos o illote actual. Quedaría por resolver a saída de vehículos da rúa Granada dirección Venezuela, xiro que se anularía, xa que se atoparían cunha distancia de entre 15 e 20 metros ata chegar a mencionada rotonda. A alternativa, de maneira que a saída de Granada se realizase unicamente dirección Camelias, nos obrigaría a levar ese tráfico por debaixo da ponte de Cachamuiñas para continuar por Blein Budiño.

Este novo distribuidor levaría evidentemente a facer un novo proxecto de toda a sinalización tanto vertical como horizontal das rúas do contorno.

O segundo sentido desta medida, e tendo en conta que falamos dun espazo como é o que se atopa entre a fachada do Concello e a ladeira do monte do Castro, ten un trasfondo de mellora e embelecemento da zona.

Temos que pensar que a intervención urbana da alameda entre Blein Budiño e Venezuela, proxecto que deixou feito e con investimento o goberno anterior e que recupera as antigas escaleiras que se atopaban nun dos accesos á praza de Portugal e que tristemente leva máis de seis meses de atraso, potenciará a estética do contorno. Ademais lembrar que proximamente Fenosa rematará coa situación da subestación soterrada nas escaleiras da ladeira do monte do Castro, volvendo recuperar a beleza que debe ofrecer a entrada peonil a un dos emblemas da cidade como é o Castro.

Vigo, que pretende ser sede da Universiada, ten que pensar que o crecemento da cidade ten que ir acompañado da visión de futuro que faga máis agradable tanto aos cidadáns como aos visitantes todos os seus lugares públicos.

Por todo isto o Grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Goberno Municipal a estudar a posibilidade de instalar un distribuidor, mediante a creación dunha rotonda, na confluencia das rúas Venezuela e Marqués de Alcedo, así como mudar os tráfico existentes actualmente nas rúas que conflúen no espazo mencionado, tal e como expoñemos na exposición da moción.

2.- Solicitar que o Departamento de Xardíns estude, coñecidas as dimensións da rotonda, o posible deseño de axardinamento da mesma, así como que valore as posibilidades de enriquecer os espazos verdes próximos á zona de actuación da que falamos.”

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 21 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

O Sr. Coello Bufill procede a ler o texto da parte resolutiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, relativa á posibilidade de instalar unha rotonda entre as rúas Venezuela e Marqués de Alcedo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (105).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A GRATUIDADE DO TRANSPORTE PÚBLICO PARA MULLERES SEPARADAS QUE TEÑAN COMO INGRESO ÚNICO A PENSIÓN COMPENSATORIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de abril de 2008, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

"No ano 2004 o Goberno Municipal presidido por dona Corina Porro, puxo en marcha a gratuidade do billete do autobús para as persoas con pensións non contributivas. No ano 2005 estendeuse esta medida para aquelas persoas cuxa pensión non chegase ó salario mínimo interprofesional, para, no 2006 incluír os colectivos de discapacitados con mobilidade reducida e os seus acompañantes.

Dita gratuidade estendíase de feito ás mulleres separadas que como único ingreso teñen a pensión compensatoria do seu ex-marido e que non supera a contía acordada para os demais pensionistas.

Nos últimos días tivemos coñecemento de que a empresa concesionaria do transporte público VITRASA, a instancia deste Concello, está negando ás mulleres separadas a posibilidade de utilizar de xeito gratuíto o transporte público.

Tendo en conta a difícil situación, tanto económica como familiar que sofren estas mulleres, que reciben unha pensión insuficiente para vivir dignamente e que na maioría dos casos teñen unha idade difícil para se integrar no mercado laboral, co agravante que algunhas delas chegaron a esta situación como consecuencia de seren vítimas de malos tratos, non comprendemos cales foron os criterios para que o goberno que vostede señor Alcalde preside, tomara esa inxusta medida.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular, cremos que esta actuación amosa unha gran falta de sensibilidade social e contradí absolutamente as políticas de apoio á muller.

Por todo o exposto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Manter no sistema de gratuidade do transporte público da nosa cidade, a todas as mulleres separadas que teñan como ingreso único a pensión compensatoria sempre que esta non supere os límites acordados para o resto dos pensionistas e así se acredite."

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 21 de abril, quedou informada do contido da anterior moción.

A Sra. García Míguez procede a ler o texto da parte resolutiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo do Partido Popular, Sra. García Míguez, instando a gratuidade do transporte público para mulleres separadas que teñan como ingreso único a pensión compensatoria, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

22.- (106).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Á FALTA DE ATENCIÓN, PERSOAL E FINANCIAMENTO POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA DOS LOCAIS EN VIGO DO "PUNTO DE ENCONTRO".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2008, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

"Os puntos de encontro son lugares onde os pais e fillos que non conviven xuntos poden levar a cabo as visitas nun ambiente neutral, relaxado e confidencial, baixo a supervisión de persoal especializado.

A través deses puntos de encontro trátase de ofrecer ás familias un lugar neutral no que, co apoio de profesionais, se consiga facilitar as relacións paterno-filial e garantir a seguridade e o benestar dos menores implicados en situacións conflitivas.

Están xestionados por entidades colaboradoras da administración autonómica, debidamente inscritas no Rexistro da antiga Consellería de Familia e Promoción do Emprego Muller e Xuventude como entidades privadas sen ánimo de lucro, que garanten en todo caso, a utilización pública do servizo.

A rede Galega está composta por sete puntos de encontro situados nas principais cidades de Galicia: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago e Vigo.

Nos últimos meses o punto de encontro de Vigo converteuse nun servizo deficitario que non presta, ó noso xuízo, unha atención de calidade como debería garantir a Xunta de Galicia a través da Vicepresidencia do Benestar e a Igualdade.

As instalacións non son as máis adecuadas, posiblemente o foron hai algúns anos, pero a demanda deste servizo medrou e as instalacións deberán adaptarse á realidade existente neste momento.

Xa hai un tempo que o centro pecha as súas portas un día á semana, concretamente o luns, isto xa era un feito grave pois limita o cumprimento do réxime de visitas acordado xudicialmente, pero dende hai algúns días o centro tamén pecha os martes o que nos parece moi grave.

Segundo a organización este feito débese á falta de financiamento adecuada por parte da Xunta de Galicia, que ten como consecuencia a redución do persoal necesario para atender o servizo todos os días da semana.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galicia a que revise as instalacións e estude a posibilidade das ampliar e melloralas para poder levar a cabo un servizo de calidade.
- Ademais, solicitar á Xunta de Galicia que aporte os medios económicos necesarios ao programa, para que o punto de encontro de Vigo abra as súas portas

todos os días da semana."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 21 de abril, quedou informada do contido da anterior moción.

A Sra. Iglesias Bueno procede a ler o texto da parte resolutiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, relativa á falta de atención, persoal e financiamento por parte da Xunta de Galicia dos locais en Vigo de "Punto de encontro", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

23.- (107).- DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A AMPLIACIÓN DO HORARIO E MÁIS DO PERSOAL NAS OFICINAS EN VIGO DA CONSELLERÍA DA VIVENDA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2008, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

"Coa promulgación do Real Decreto 1472/2007, do 2 novembro, o Goberno Central adoptou unha serie medidas cuxo obxectivo é facilitar á mocidade o acceso a unha vivenda digna en réxime de aluguer, fomentando así unha máis temperá emancipación e maior mobilidade laboral.

O desenvolvemento deste Real Decreto correspóndelle ás Comunidades Autónomas, pero a Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia está sendo incapaz de dar resposta ó gran número de mozos que queren acceder á renda de emancipación.

Vigo conta cunha das poboacións máis nova de todas as urbes galegas, o que fai necesario unha dotación de persoal e medios técnicos superior ó resto das outras cidades, co obxectivo de dar resposta á tramitación administrativa que se xera (no mes de febreiro preto de 5.000 mozos achegáronse á oficina).

Nestes intres, a Consellería de Vivenda conta cunha oficina na rúa Gran Vía, cun horario de atención ó público de 9 a 14 horas, e cun persoal escaso. Esta situación xera que se teñan que facer colas de horas para que o persoal administrativo da Xunta de Galicia poida recoller ós mozos a documentación para solicitar as axudas de acceso a unha vivenda digna en réxime de aluguer.

Desde a Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia, faise fincapé en que se están a resolver o 100% das solicitudes de axudas, circunstancia que se contrapón coa realidade existente.

No mes de febreiro anunciábase nun medio público o incremento do horario de atención á xente nova, así coma o reforzo do servizo de persoal administrativo necesario para tramitar a renda de emancipación, actuacións que non son acordes coa realidade existente tres meses despois.

Unha vez máis o Goberno fai uso da política de maquillaxe e da foto, non sendo capaz de responder ós problemas ós que se teñen que enfrontar os cidadáns para acadar un servizo público.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PP, propón ó Pleno da Corporación de Vigo tome o seguinte acordo:

Solicitar á Xunta de Galicia a verdadeira ampliación do horario de atención ó público así como o persoal administrativo necesario da oficina de aluguer dependente da Consellería de Vivenda."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 21 de abril, quedou informada do contido da anterior moción.

O Sr. Martiño Gómez procede a ler o texto da parte resolutiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González,

Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, de instar á Xunta de Galicia a ampliación do horario e máis do persoal nas oficinas en Vigo da Consellería da Vivenda, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLO DEREITO A VIVIRMOS EN GALEGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 28 de abril, o Tenente de Alcalde e concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

"POLO DEREITO A VIVIRMOS EN GALEGO.

Primeiro.- consideramos que vivir en galego é un dereito inalienable das persoas en Galicia e un dos dereitos humanos elementais que temos como pobo. Lembramos que o galego é o único idioma natural de Galicia e que o mesmo Estatuto de Autonomía o cualifica como "a lingua propia" do país, o que nos une como galegas e como galegos. O pobo galego ten dereito a que a súa lingua ocupe todos os ámbitos da vida social propios de calquera idioma, con dignidade e con normalidade.

Segundo.- Consecuentemente, deben existir as garantías para podermos vivir en galego, o que esixe compromisos, así como a aplicación e a adopción das disposicións legais necesarias por parte das administracións públicas.

Terceiro.- Denunciamos e alertamos contra os que, apuntándose agora á defensa dun suposto bilingüismo dunha soa cara, pretenden unicamente o mantemento da diglosia e a desaparición do galego. Ou, o que é o mesmo, a negación do dereito colectivo á normalidade de usos da nosa lingua en todos os ámbitos.

Cuarto.- Chamamos ó compromiso persoal de todas e todos coa lingua galega. Usémola en todos os ámbitos: comezando pola familia, coas nosas nenas e nenos,

no noso traballo, nas relacións coa administración, no noso tempo de lecer, etc. O futuro do galego depende de nós."

A Sra. Méndez Piñeiro procede a ler o texto da parte resolutiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Imos abstérmonos porque tentamos chegar a un acordo e non foi posible. Respectamos a opinión dos demais grupos pero nós temos á nosa e o que demanda a cidadanía é que cada quen se poida expresar en liberdade e como considere oportuno. Por suposto defendemos o galego pero consideramos que aquel que por iniciativa propia queira falar en castelán pode facelo e coido que neste Pleno estase a demostrar, hai grupos que falan en galego ou castelán, mesmo dentro do mesmo grupo, e non pasa nada. Todo o contrario, a integración de toda a sociedade ven dada pola liberdade de que cada quen se poida manifestar na súa lingua e nós estamos demostrándoo.

Non criticamos que mesmo no goberno algún fale en castelán, parécenos correcto como nós facemos absolutamente igual. Todos deberíamos coñecer a nosa lingua o máis profundamente posible e mellorar pero coido que niso estamos e con absoluta liberdade, non coma unha imposición.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares

Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo Tenente de Alcalde, concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, polo dereito a vivirmos en galego, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

B.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Ó DESTINO DO EDIFICIO DA RÚA DOUTOR FLEMING.

INTERVENCIÓN DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Hai outra moción urxente que queriamos presentar "*in voce*".

A PRESIDENCIA: Esta Presidencia non tiña coñecemento.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: É respecto da estrutura da rúa Doutor Fleming. Propoñemos que a Corporación adopte o seguinte acordo: Manter o acordo plenario do 28.11.05 polo que a estrutura da rúa Romil anexa ó colexio Doutor Fleming de propiedade municipal se transforme nun centro de usos sociais e veciñais para o barrio, incluíndo un estudo de compatibilidade deste uso co espazo necesario para o local do Eixo Atlántico e a Mancomunidade.

SR. FIGUEROA VILA: Parécenos que non ten sentido a urxencia cando se ven de debater unha moción. Poden traela cando queiran pero non agora. Parécenos unha maña.

A PRESIDENCIA: A Presidencia solicita a retirada da moción "*in voce*".

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non é ningunha maña, hai unha moción que presenta o Partido Popular e hai un texto alternativo que presenta o goberno. O Partido Popular non quere chegar a ningún acordo pero loxicamente o que se está presentando é o espírito da moción do Partido Popular, que se manteña o uso veciñal.

Polo tanto en aras a non crear ningún problema retiramos esta moción pero quero

deixar constancia e que conste en acta que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista están de acordo con que se manteña o uso veciñal na estrutura que está anexa ó Colexio Fleming.

24.- (108).- ROGOS E PREGUNTAS.

- * PREGUNTA DO SR. FIGUEROA VILA, POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, RELATIVA ÁS XESTIÓNS DA ALCALDÍA RELATIVAS ÁS EXPROPIACIÓNS EN TEIS POLA ENTRADA DO AVE.

SR. FIGUEROA VILA: Gustaríanos que nos contestase como considere oportuno que xestións se fixeron cos veciños de Teis polo tema das expropiacións do AVE. Consideramos que é un tema de gravidade da cidade, estanse a pagar seis euros metro cadrado, parécenos insuficiente e coido que mesmo é un mal trato cara ós propios veciños.

Como o Alcalde dixo nun Pleno que estaba a facer xestión, gustaríanos saber que se fixo e en que liña.

A PRESIDENCIA: Serán informados por escrito. Podería facelo agora pero é longo e prefiro facelo por escrito por razóns de tempo.

- * ROGO DO SER COMESAÑA ABALDE, DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, RELATIVO ÁS OBRAS QUE REALIZA FOMENTO NA ESTRADA 550, PEINADOR-REDONDELA.

SR. COMESAÑA ABALDE: Aproveitando que fomento está reparando a estrada 550, de Peinador a Redondela, habería que se poñer de acordo con eles para deixar todos os servizos listos, saneamento, auga e alumeado.

A PRESIDENCIA: A concelleira responsable da área di que xa está. En todo caso queda constancia do rogo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas e corenta e sete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 28 de abril de 2008. Consta de 85 folios da serie A numerados do 2141399 ao 2141483, e números do 292 ao 376. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2008.

Vigo, a 30 de xuño de 2008
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que o presente libro de actas comprende sete actas, sendo a primeira a sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 28 de xaneiro de 2008, e a última a sesión ordinaria do 28 de abril de 2008.

Vº e Pr.
O ALCALDE,

Vigo, a 30 de xuño de 2008
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,